

**ROSA ANA PRADA QUEIPO, SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA**

**CERTIFICO:** QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN ORDINARIA O 30 DE XANEIRO DE 2014, DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2014.-**

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ames, 3s vinte horas (20:00) do d3a 30 de xaneiro de 2014, re3nese o Pleno do Concello en sesi3n ordinaria de primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. alcalde **Santiago V. Amor Barreiro** e coa asistencia das/os se3oras/os concelleiras/os seguintes:

| <b>Grupo municipal Popular</b>  | <b>Grupo municipal Socialista</b>  | <b>Concelleiras/os non adscritas/os</b>   |
|---|--|---|
| M <sup>a</sup> Eugenia Mart3n Vicente<br>Bernardo Moar M3guez<br>Alfredo Taboada Alvelo<br>M <sup>a</sup> Carmen Verde Lebor3ns | Jos3 Manuel Mi3ones Conde<br>Jos3 Francisco Doval Gal3n<br>Isabel Gonz3lez Cancela<br>Carmen Fraga Crespo<br>Jos3 Pazos Balsa<br>Francisco Villaverde Marcos | Mar3a Pilar Candocia Pita<br>Xos3 Anxo Doval Rey<br>Susana Mayo Redondo<br>Olalla Alvite del R3o<br>Ram3n Garc3a Argibay<br>Mar3a Dolores Fern3ndez 3lvarez<br>Alfonso Rey L3pez<br>Mar3a Gonz3lez G3mez<br>Emilio Mart3nez Carballeira |

Non asiste, pero xustifica a s3a ausencia, o concelleiro non adscrito, Manuel J. Ferreiro Santiago.

Asiste o **interventor**, Jos3 Antonio Rueda de Valenzuela.

Act3a como **secretaria** a titular da Corporaci3n, Rosa Ana Prada Queipo.

**ORDE DO D3A:**

**A) PARA DAR CONTA:**

**Punto primeiro.- Daci3n de conta ao Pleno da Corporaci3n dos decretos ditados pola Alcald3a dende a 3ltima sesi3n plenaria ordinaria.**

O se3or alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro**, informa 3a Corporaci3n que os decretos ditados pola Alcald3a dende a 3ltima sesi3n plenaria ordinaria estiveron a disposici3n de todas/os as/os concelleiras/os na Secretar3a Xeral, engadindo que o acceso aos decretos 3 libre para todas/os as/os concelleiras/os en calquera momento na Secretar3a Xeral do Concello, e que con ocasi3n da convocatoria dos plenos ordinarios o que te3nen a s3a disposici3n 3 o libro oficial, en papel timbrado e numerado, ademais dos duplicados existentes nos distintos departamentos do Concello.

**Punto segundo.- Informaci3n peri3dica a render ao Pleno, en execuci3n do acordo adoptado en data 26/08/2010: Execuci3n do orzamento ao remate do 4<sup>o</sup> trimestre do exercicio 2013.**

O se3or alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro**, da conta da informaci3n peri3dica a render ao pleno, en execuci3n do acordo adoptado en data 14/10/2013: Execuci3n do orzamento ao remate do 4<sup>o</sup> trimestre do exercicio 2013, de acordo co informe 07/2014 emitido en data 24 de xaneiro de 2014 e a documentaci3n en formato dixital que se xunta a aquel.

**Punto terceiro.- Informaci3n ao pleno, en execuci3n do disposto no artigo 4.3 da Lei**

**15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, informe sobre o cumprimento dos prazos previstos no artigo 216.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o pago das obrigas de cada Entidade local, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2013.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro**, da conta da información ao pleno, en execución do disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, informe sobre o cumprimento dos prazos previstos no artigo 216.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o pago das obrigas de cada Entidade local, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2013 de acordo co informe 07/2014 de intervención municipal emitido o 24 de xaneiro de 2014 e a documentación en formato dixital que se xunta a aquel.

**Punto cuarto.- Información ao pleno, en execución do disposto no artigo 5.4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, relación de facturas que presentan unha demora na tramitación superior aos tres meses, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2013.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro**, da conta da información ao pleno, en execución do disposto no artigo 5.4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas relacións comerciais, relación de facturas que presentan unha demora na tramitación superior aos tres meses, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2013 de acordo co informe de intervención municipal 07/2014 emitido en data 24 de xaneiro de 2014 e a documentación en formato dixital que se xunta a aquel.

## **B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:**

**Punto quinto.- Aprobación de actas anteriores.**

O señor alcalde, **Santiago V. Amor Barreiro**, somete a aprobación as actas correspondentes ás sesións ordinaria de 28 de novembro 2013 e a extraordinaria de 5 de decembro de 2013.

Non se producen intervencións e a acta correspondente á sesión ordinaria de 28 de novembro de 2013 resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación municipal e a acta correspondente á sesión extraordinaria de 5 de decembro de 2013 resulta aprobada por maioría absoluta dos membros presentes da corporación municipal, coa abstención de José Pazos Balsa por non ter estado presente nesa sesión plenaria.

**Punto sexto.- Aprobación inicial do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do concello de Ames.**

[.....]

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación por unanimidade adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do concello de Ames, cuxo texto figura como anexo I deste acordo.

**Segundo.-** Publicar o dito acordo de aprobación inicial, polo prazo de 30 días hábiles a efectos de exame e reclamacións mediante anuncio no BOP, páxina web e taboleiro de anuncios. Para o suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo de xeito automático.

**Terceiro.-** Notificar o acordo de aprobación inicial do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do concello de Ames a Augas de Galicia para que evacúe o informe sectorial ao que fai referencia o artigo 34 do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, o cal entenderase positivo se non se emite no prazo de

2 meses.

**Cuarto.-** Facultar ao alcalde do concello de Ames, Santiago Vicente Amor Barreiro, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## Anexo I

### REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE AMES

#### CAPÍTULO I: OBXECTO, NORMAS XERAIS E CARÁCTER E OBRIGA DO SERVIZO

- Artigo 1.- Obxecto do regulamento
- Artigo 2.- Normas xerais
- Artigo 3.- Carácter e obriga da subministración

#### CAPÍTULO II- OBRIGAS E DEREITOS DA PRESTADORA DO SERVIZO E DOS ABONADOS

- Artigo 4.- Obrigas da prestadora do servizo
- Artigo 5.- Dereitos da prestadora do servizo
- Artigo 6.- Obrigas do abonado.
- Artigo 7.- Dereitos do abonado.

#### CAPÍTULO III.- CONTRATOS DE SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

- Artigo 8.- Concesión da subministración de auga
- Artigo 9.- Tramitación das solicitudes de contratación da subministración de auga
- Artigo 10.- Causas de denegación do contrato de subministración de auga potable
- Artigo 11.- Cotas de contratación do subministración de abastecemento de auga.
- Artigo 12.- Fianzas
- Artigo 13.- Contrato de Subministro de auga
- Artigo 14.- Titularidade do contrato de subministración de auga e o seu cambio
- Artigo 15.- Subrogación do contrato de subministración de auga
- Artigo 16.- Obxecto e alcance do contrato de subministración de auga
- Artigo 17.- Duración do contrato de subministración de auga
- Artigo 18.- Causas de suspensión da subministración de auga
- Artigo 19.- Procedemento de suspensión de subministración de auga potable
- Artigo 20.- Extinción do contrato de subministración de auga potable

#### CAPÍTULO IV.- CONDICIÓNS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

- Artigo 21.- Carácter da subministración de auga
- Artigo 22.- Obrigas da subministración de auga potable
- Artigo 23.- Esixibilidade da subministración de auga potable
- Artigo 24.- Continuidade do servizo de subministración de auga potable
- Artigo 25.- Suspensións temporais da subministración de auga potable
- Artigo 26.- Reservas de auga potable
- Artigo 27.- Restricións na subministración de auga potable
- Artigo 28.- Subministracións para servizos contra incendios

#### CAPÍTULO V.- INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA

- Artigo 29.- Rede de distribución
- Artigo 30.- Arteria
- Artigo 31.- Conducións viarias
- Artigo 32.- Acometida
- Artigo 33.- Instalacións interiores de subministración de auga.

#### CAPÍTULO VI.- ACOMETIDAS

- Artigo 34.- Concesión de acometidas da subministración de auga potable
- Artigo 35.- Características das acometidas da subministración de auga potable
- Artigo 36.- Tramitación de solicitudes da subministración de auga potable
- Artigo 37.- Execución e conservación da subministración de auga potable
- Artigo 38.- Dereito de acometida da subministración de auga potable
- Artigo 39.- Terreos en réxime comunitario
- Artigo 40.- Construción de novos edificios
- Artigo 41.- Subministración provisional de auga para obras
- Artigo 42.- Urbanizacións e polígonos

#### CAPÍTULO VII.- INSTALACIÓNS INTERIORES DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

- Artigo 43.- Condicións xerais
- Artigo 44.- Facultade de inspección
- Artigo 45.- Instalación interiores inseguras
- Artigo 46.- Modificación das instalacións interiores
- Artigo 47.- Obrigatoriedade de uso do contador
- Artigo 48.- Características técnicas dos aparellos de medida
- Artigo 49.- Situacións dos contadores
- Artigo 50.- Adquisición do contador
- Artigo 51.- Verificación e precintado
- Artigo 52.- Solicitud de verificación

Artigo 53.- Colocación e retirada de contadores  
Artigo 54.- Cambio de situación  
Artigo 55.- Manipulación do contador  
Artigo 56.- Substitución de contadores  
Artigo 57.- Lectura de contadores

#### **CAPÍTULO VIII.- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPUTACIÓN**

Artigo 58 - Obxecto e alcance do contrato  
Artigo 59.- Suxeitos do contrato  
Artigo 60.- Duración da póliza  
Artigo 61.- Pluralidade de contratos de saneamento e depuración nun inmoible  
Artigo 62.- Subscrición do contrato de saneamento e depuración  
Artigo 63.- Causas de denegación do contrato de saneamento e deputación  
Artigo 64.- Subrogación do contrato de saneamento e depuración

#### **CAPÍTULO IX.- CONDICIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

Artigo 65.- Servizos que se van desenvolver  
Artigo 66.- Obrigas específicas dos abonados ao servizo de saneamento e depuración  
Artigo 67.- Definicións  
Artigo 68.- Elementos materiais do servizo  
Artigo 69.- Acometidas de saneamento e depuración  
Artigo 70.- Solicitude de acometida  
Artigo 71.- Tramitación de solicitudes  
Artigo 72.- Aprobación e denegación de acometidas  
Artigo 73.- Determinación e execución de acometidas  
Artigo 74.- Modificación de acometidas de saneamento e depuración por variación das condicións iniciais de solicitude  
Artigo 75.- Obrigatoriedade do saneamento  
Artigo 76.- Instalación interior e bombeos particulares de augas residuais.  
Artigo 77.- Posta en servizo da acometida  
Artigo 78.- Acometidas de pluviais  
Artigo 79.- Conservación de acometidas  
Artigo 80.- Ampliación de acometidas  
Artigo 81.- Acometida en desuso  
Artigo 82.- Pequenas ampliacións e melloras na rede  
Artigo 83.- Colectores en propiedades particulares  
Artigo 84.- Urbanizacións e polígonos  
Artigo 85.- Condicións da rede de saneamento  
Artigo 86.- Execución de instalacións interiores  
Artigo 87.- Inspección da instalación interior  
Artigo 88.- Materiais da instalación interior  
Artigo 89.- Prohibicións de mesturar verteduras de diferentes procedencias  
Artigo 90.- Medición de caudais  
Artigo 91.- Garantía de altura e caudal  
Artigo 92.- Control de caudais  
Artigo 93.- Carácter da vertedura  
Artigo 94.- Control de contaminación de orixe  
Artigo 95.- Verteduras prohibidas  
Artigo 96.- Verteduras limitadas  
Artigo 97.- Instalacións de pretratamento  
Artigo 98.- Situacións de emerxencia  
Artigo 99.- Inspección e vixilancia  
Artigo 100.- Continuidade do servizo  
Artigo 101.- Suspensións temporais

#### **CAPÍTULO X.- CONSUMOS E FACTURACIÓN. RÉXIME TARIFARIO**

Artigo 102.- Determinación dos consumos facturables  
Artigo 103.- Obxecto de periodicidade da facturación  
Artigo 104.- Tarifas  
Artigo 105.- Recibos  
Artigo 106.- Cobro de servizos específicos  
Artigo 107.- Dereitos de acometida e contratación  
Artigo 108.- Forma de pagamento dos recibos  
Artigo 109.- Vía de constrinximento  
Artigo 110.- Reclamacións  
Artigo 111.- Consumos públicos

#### **CAPÍTULO XI.- FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

Artigo 112.- Inspección da utilización  
Artigo 113.- Fraudes na subministración de abastecemento de auga  
Artigo 114.- Infraccións graves  
Artigo 115.- Liquidación da fraude  
Artigo 116.- Fraudes no servizo de saneamento e depuración  
Artigo 117.- Actuación por fraude  
Artigo 118.- Liquidación por fraude no saneamento e depuración

#### **CAPÍTULO XII.- INFRACCIÓN, SANCIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS**

Artigo 119.- Tipificación das infraccións  
Artigo 120.- Infraccións leves  
Artigo 121.- Infraccións graves  
Artigo 122.- Faltas moi graves  
Artigo 123.- Sancións  
Artigo 124.- Potestade sancionadora  
Artigo 125.- Medidas correctoras

#### **CAPÍTULO XIII.- COMPETENCIA E RECURSOS**

Artigo 126.- Competencia do Servizo Municipal  
Artigo 127.- Recursos administrativos de reposición  
Artigo 128.- Recurso contencioso-administrativo

#### CAPÍTULO XIV.- DO REGULAMENTO

Artigo 129.- Obrigatoriedade do seu cumprimento  
Artigo 130.- Modificación do regulamento  
Artigo 131.- Interpretación do regulamento  
Artigo 132.- Vixencia do regulamento

#### DISPOSICIÓN Final

### CAPÍTULO I OBXECTO, NORMAS XERAIS E CARÁCTER E OBRIGA DO SERVIZO

#### Artigo 1. OBXECTO DO REGULAMENTO

1.1.- O abastecemento de auga potable, saneamento (de fecais e pluviais) e depuración do Concello de Ames son servizos públicos de competencia municipal, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

1.2.- O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Concello de Ames, sen prexuízo da forma de xestión que aprobe o Concello.

1.3.- O Concello de Ames procede á prestación do Servizo Municipal de Abastecemento de auga potable, saneamento e depuración, de acordo co definido e preceptuado pola Lei de réxime local e texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na forma de xestión que determine o Pleno do Concello.

O Concello de Ames poderá prestar os servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración mediante calquera das formas previstas en dereito. Poderá estruturalos e dará publicidade á súa organización sexa cal sexa a forma de prestación elixida, directa ou indirecta, de acordo coa lexislación aplicable de réxime local. Así mesmo, dará credenciais ás persoas adscritas a eles para coñecemento e garantía de todos os usuarios e usuarias.

1.4.- O presente regulamento ten por obxecto regular as relacións entre a *prestadora do Servizo* de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Depuración e os seus *abonados*; e sinalar os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes. Co fin de simplificar, no presente regulamento denomínase "*abonado*" a calquera persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e/ou depuración, que en todo caso ten que ser a propietaria do terreo, local ou industria, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra o usuario ou beneficiario do servizo.

1.5.- Para os efectos deste regulamento considérase "*prestadora do servizo*" de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración aquelas persoas, naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que efectivamente presten os servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración no Concello de Ames, consonte ao establecido na vixente regulamentación do réxime local.

#### Artigo 2.- NORMAS XERAIS

2.1.- O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do municipio axustarase a canto establece o presente regulamento, ao estipulado no Real decreto 314/2006 de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico das edificacións e os documentos básicos que o integran, especialmente o correspondente a salubridade HS-4, subministración de auga e HS-5, evacuación de augas que se refiren principalmente a instalacións interiores, e ao preceptuado nas ordenanzas municipais.

2.2.- En canto á normativa autonómica axustarase ao establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e ao Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

2.3.- As características técnicas dos elementos e a execución das instalacións da rede xeral e das acometidas aos terreos, vivendas, locais ou industrias axustarase, ademais, ás Normas técnicas para as instalacións de abastecemento e saneamento contidas no PXOM vixente (BOP 02-08-2002), complementariamente atenderase as Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia ou (<http://augasdegalicia.xunta.es/es/TOHG.htm>) elaboradas por Augas de Galicia, ou a normativa que a substitúa.

#### Artigo 3.- CARÁCTER E OBRIGA DA SUBMINISTRACIÓN

3.1.- A *prestadora do servizo*, dentro do ámbito territorial no que desenvolve os seus servizos, definido como a área de cobertura que domina coas instalacións existentes en cada momento de abastecemento de auga e rede de saneamento, está obrigada a distribuír e situar nos puntos de toma dos *abonados* a auga potable así como a conexión á rede de saneamento e depuración, consonte ás condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

3.2.- Para os efectos do disposto na vixente lexislación, establécese como requisito esencial de toda urbanización a instalación ou conexión á rede xeral do servizo de auga potable e á rede de saneamento e depuración. En consecuencia, non se concederán licenzas para edificar en solo urbano se nos correspondentes proxectos de obra que se sometan á Administración municipal non consta a instalación ou conexión coa rede xeral de subministración de auga e rede de saneamento e depuración, coas garantías necesarias.

### CAPÍTULO II.- OBRIGAS E DEREITOS DA PRESTADORA DO SERVIZO E DOS ABONADOS

#### Artigo 4.- OBRIGAS DA PRESTADORA DO SERVIZO

4.1.- **Obriga da prestadora do servizo.**- Dentro do territorio municipal e no ámbito no que estea instalada a rede de distribución de auga, saneamento e depuración, a *prestadora do servizo*, cos recursos ao seu alcance, está obrigada a conceder a subministración de auga potable e a prestar os servizos de saneamento e depuración a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos, sempre que estes reúnan as condicións esixidas neste regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

4.2.- **Calidade da auga e condición sanitarias.**- A *prestadora do servizo* está obrigada a subministrar auga potable aos *abonados*, garantindo a súa potabilidade, consonte ás disposicións vixentes, ata a chave de rexistro existente con carácter xeral no límite da propiedade pública, xunto ao

muro-fachada, que se considera como inicio da instalación interior da persoa a *bonada*.

Tamén está obrigada a manter as condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable, vixiando as verteduras non permitidas.

**4.3.- Conservación das instalacións.-** Atínxelle á *prestadora do servizo* a conservación, mantemento e explotación, das redes e instalacións de auga potable e rede de saneamento e depuración adscritas á prestación do *Servizo*, así como ás acometidas de auga potable ata a chave de rexistro que contempla o apartado c) do artigo 32 e as acometidas de rede de saneamento ata a arqueta da acometida.

**4.4.- Regularidade na prestación dos servizos.** A *prestadora do servizo* estará obrigada a manter a continuidade e regularidade na subministración de auga, e nos servizos de saneamento e depuración. Garantirá as condicións de caudal e presión establecidas no contrato, salvo nos casos de avarías accidentais ou causas de forza maior. En calquera caso, non lle serán imputables as interrupcións destes servizos nos supostos de forza maior e nos indicados neste regulamento.

A non dispoñibilidade de caudais de auga nas captacións por motivos non imputables á *prestadora do servizo* considerarase de forza maior. Non se considerarán de forza maior as interrupcións que resulten da inadecuación das instalacións ao fin para o que deben servir ou as derivadas do funcionamento da *prestadora do servizo*.

Así mesmo, deberá manter de forma permanente a dispoñibilidade e regularidade do servizo de saneamento e depuración mediante a vixilancia, conservación e reparación de todas as instalacións afectas ao servizo.

**4.5.- Visitas ás instalacións.-** A *prestadora do servizo* está obrigada a colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, en harmonía coas necesidades de explotación, que os *abonados*, persoas usuarias ou público en xeral, poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

**4.6.- Reclamacións.-** Contestar as reclamacións dos *abonados* que formulen por escrito, no prazo regulamentario.

**4.7. Avarías.** A *prestadora do servizo* disporá dun servizo permanente de recepción de avisos de avarías, informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación deste e deberá darlle resposta ao *abonado* coa maior brevidade posible. Informará ademais aos *abonados*, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan na subministración como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

**4.8.- Tarifas.-** A *prestadora do servizo* estará obrigada a aplicar, aos distintos tipos de subministracións que teña establecidos, os prezos e cadros de tarifas que, en cada momento, estean aprobadas polo órgano competente do Concello de Ames.

**4.9. Facturación.** A *prestadora do servizo* procederá á facturación tomando como base a tarifa legalmente autorizada polo Concello de Ames.

**4.10.- Incorporación de obras e instalacións hidráulicas.-** Correspóndelle á *prestadora do servizo* informar ou, se é o caso, redactar os proxectos de obras de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración e construír, se o Concello así o encarga, o conxunto das instalacións precisas ata os edificios ou inmobles obxecto da subministración domiciliaria, así como os de rede de saneamento e depuración.

A tramitación e execución de acometidas de subministración de auga, saneamento e depuración a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

Informar e, se é o caso, propoñer as correccións oportunas aos plans parciais e especiais, programas de actuación urbanística e proxectos de urbanización, respecto da rede de distribución de auga, de saneamento e depuración na área, sector, polígono ou unidade de execución correspondente. A *prestadora do servizo* deberá informar, antes de que o Concello de Ames reciba calquera urbanización, o que se refira ás obras de abastecemento de auga e saneamento e depuración, cando estas non fosen executadas pola *prestadora do servizo*.

Informar das redes existentes nas proximidades das novas edificacións, rehabilitacións ou reconstrucións solicitadas nos terreos edificables dos núcleos rurais e propor xustificadamente os puntos de conexión coas redes existentes e, se é o caso, as canalizacións de extensión requiridas que posibiliten o enlace cos servizos.

**4.11.- Obras executadas polo Estado ou outras administracións.-** Atínxelle á *prestadora do servizo* a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas ao abastecemento de auga, saneamento (de fecais e pluviais) e depuración que execute o Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Ames ou outras Administracións, unha vez que se produza a súa entrega ao municipio de Ames e a súa afectación ou adscrición ao servizo.

**4.12. Responsabilidade civil.** A *prestadora do servizo* na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, deberá cubrir a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo póliza de seguros adecuada.

**4.13. Campañas e programas de concienciación.** A *prestadora do servizo* realizará campañas, de información e sensibilización da poboación en xeral e dos usuarios como mínimo unha vez ao ano:

- a) de uso racional do consumo de auga dirixido tanto aos *abonados* domésticos como ao resto.
- b) en relación con verteduras diferentes das domésticas en particular, coa finalidade de reducir a vertedura á rede de saneamento de substancias e produtos tóxicos do fogar, talleres e outras instalacións.

Tamén iniciará un programa de minimización e recollida selectiva daqueles residuos máis impactantes (aceites e graxas da cocíña, aceites de locomoción usados, produtos de limpeza, restos de pintura e vernices, restos de praguicidas, medicamentos, etc) que usualmente se eliminan polo vertedeiro ou desaugadoiros que conducen ao saneamento, e a obriga ou conveniencia, segundo corresponda, da instalación de separadores de graxas para o tratamento previo.

## Artigo 5.- DEREITOS DA PRESTADORA DO SERVIZO

Sen prexuízo daqueles outros dereitos que en relación con situacións específicas poidan derivarse para a *prestadora do servizo*, e dos que lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público, a *prestadora do servizo* terá, con carácter xeral, os seguintes dereitos:

- a) **Inspección de instalacións interiores.** Á *prestadora do servizo*, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle confira aos distintos órganos da Administración, asistelle o dereito a inspeccionar, revisar, informar e intervir, coas limitacións que se establecen neste regulamento, as instalacións interiores da subministración, saneamento e depuración da auga que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.
- b) **Cobramentos por facturación.** Á *prestadora do servizo* asistelle o dereito a percibir nos lugares destinados para o efecto, o importe das facturacións, recibos ou liquidacións que, regulamentariamente, lle corresponda pagar á persoa abonada polas prestacións que realízase a *prestadora do servizo* ou, se é o caso, fosen utilizadas.

## Art. 6.- OBRIGAS DO ABONADO

**6.1.** Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulamentación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigas específicas para un *abonado*, estes terán, con carácter xeral, ademais de cumprir as condicións e obrigas contidas no contrato, as seguintes obrigas:

a) **Pagamento de recibos e facturas.** En reciprocidade ás prestacións que recibe, todo *abonado* estará obrigado ao pagamento puntual dos recibos ou liquidacións que se lle formulen consonte ás taxas, prezos e tarifas que estean aprobados, tanto as que se deriven da prestación dos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración como de servizos complementarios aos que fai referencia este regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos en que estes se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable á *prestadora do servizo*. Deberá comunicarse á *prestadora do servizo* calquera modificación na domiciliación do recibo.

**b) Pagamento de fianzas.** Toda persoa solicitante, ao formalizar o contrato de subministración, está obrigada a depositar a correspondente fianza, consonte ao disposto no presente regulamento e/ou nas disposicións legais vixentes.

**c) Conservación de instalacións.** Sen prexuízo de canto ao efecto establecen as Normas básicas para instalacións interiores de subministración de auga, saneamento e depuración toda persoa abonada deberá utilizar de forma correcta as instalacións ao seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar estas na forma máis axeitada, mantendo, ademais, intactos os precintos que garanten a inviolabilidade do contador e das instalacións de acometida, se é o caso, como bens de servizo público, así como garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.

O *abonado* está obrigado a manter o contador e chave de paso en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser desmontados con facilidade. Se, para a súa substitución, houberse que realizar reformas na súa instalación, estas serán por conta do *abonado*.

**d) Facilidades para as instalacións e inspeccións.** Toda persoa solicitante dunha subministración, está obrigada a facilitarlle á *prestadora do servizo* a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto da subministración, así como a permitir a entrada ao persoal autorizado por dito servizo, que así o acredite, a fin de que poida efectuar cantas comprobacións estean relacionadas con el. Igualmente, a persoa solicitante dunha subministración está obrigada a cederlle á *prestadora do servizo* o uso dos locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso.

**e) Derivacións a terceiros.** Os *abonados* non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou mediante pagamento auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, e serán responsables de toda fraude que se produza na súa subministración, ben por si ou por calquera outra persoa que del dependa.

**f) Avisos de avaría.** Os *abonados* deberán, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento da *prestadora do servizo* calquera avaría ou perturbación producida ou que, ao seu xuízo, se puidese producir na rede xeral de distribución ou nas acometidas.

**g) Usos e alcance das subministracións.-** Os *abonados* estarán obrigados a utilizar a auga subministrada na forma e para os usos contratados. Así mesmo, está obrigada a solicitarlle á *prestadora do servizo* a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións, que implique un aumento nos caudais contratados de subministración, ou modificación no número das persoas receptoras.

Queda prohibido:

- 1.- Inserir nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización da *prestadora do servizo*, bombas ou calquera aparello que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución na súa contorna e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros *abonados*.
- 2.- Modificar os accesos aos contadores e aparellos de medida, sen comunicación.
- 3.- Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
- 4.- Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permítense estes consumos.
- 5.- Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
- 6.- Romper ou alterar os precintos de medida.
- 7.- As conexións ao servizo de saneamento sen a preceptiva autorización.

**h) Notificación de baixa.** A persoa abonada que desexa causar baixa na subministración de auga estará obrigada a comunicarlle por escrito á *prestadora do servizo* dita baixa cunha antelación mínima de **15 días hábiles**, indicando, en todo caso, a data en que debe cesar a antedito subministración.

**i) Independencia de instalacións.** Cando nun mesmo terreo xunto á auga de distribución pública existise auga doutra procedencia, o *abonado* estará obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se mesturen as augas dunha e doutra procedencia.

A *prestadora do servizo* non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións que non cumpran estas condicións, e advírteselle ao *abonado* da responsabilidade na que pode incurrir, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da rede pública.

**j) Inspección de instalacións.-** Permitir a entrada no local nas horas hábiles ou de normal relación co exterior ao persoal do servizo que, exhibindo a acreditación pertinente, trate de instalar os elementos precisos e inspeccionar as instalacións.

## Artigo 7.- DEREITOS DO ABONADO

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para o *abonado*, este, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

**a) Potabilidade da auga e funcionamento ambiental do saneamento.** A recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

Existir do Concello e da *prestadora do servizo* o correcto funcionamento ambiental dos sistemas de depuración.

**b) Servizo permanente.** A dispoñer permanentemente dos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración consonte as condicións que se sinalan no seu contrato de servizos, sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións aplicables.

Dispor de condicións técnicas axeitadas para a normal evacuación das augas residuais de acordo coas instalacións existentes.

**c) Facturación.** A que os servizos que reciba se lle facturen polos conceptos e contías vixentes en cada momento.

**d) Periodicidade de lectura.** A que a *prestadora do servizo* tome lectura ao equipo de medida que controle a subministración, coa frecuencia que se estableza na ordenanza vixente.

**e) Periodicidade de facturación.** A que se lle facturen os servizos que reciban, cunha periodicidade similar á de lectura.

**f) Contrato.** A que se formalice, por escrito, un contrato, no que se estipulen as condicións básicas dos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración

**g) Execución de instalacións interiores.** O *abonado* poderá elixir libremente o instalador autorizado que execute as instalacións interiores, así como o proveedor do material, que deberán axustarse ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

**h) Reclamacións.** A formular reclamacións contra a actuación do *prestador do servizo* ou as súas persoas empregadas, mediante os procedementos contemplados neste regulamento. A persoa reclamante deberá acreditar a súa condición de titular do contrato de subministración, saneamento ou depuración, de persoa representante legal deste, e/ou de usuario a través da presentación do correspondente documento acreditativo de autorización do propietario, así como a que se acharse ao día no pago dos recibos do terreo ou predio.

As reclamacións que se formulen por danos e perdas que se causen pola *prestadora do servizo* rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza destas e o seu carácter contractual ou extracontractual.

As reclamacións faranse dentro das primeiras 72 horas despois de producírense os danos, salvo causa debidamente xustificada.

**i) Información.** A consultar todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación coa súa subministración, así como a recibir contestación por escrito das consultas formuladas por este procedemento. Igualmente, terá dereito, se así o solicita, a que se lle informe da normativa vixente que lle é de aplicación, así como a que se lle facilite, por parte da *prestadora do servizo*, para súa lectura na sede do servizo, un exemplar do presente regulamento.

**j) Visita de instalacións.** A visitar, en harmonía e concordancia coas esixencias da explotación e sempre previa solicitude, as instalacións de tratamento de auga, establecendo a *prestadora do servizo*, baixo a súa responsabilidade e criterio, os momentos máis axeitados para garantir a menor interferencia coa prestación do servizo.

### CAPÍTULO III CONTRATOS DE SERVICIO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

#### Artigo. 8.- CONCESIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

**8.1.** A concesión de acometida para subministración de auga potable, saneamento e depuración, correspóndelle ao Concello. En todos aqueles casos nos que concorran as condicións e circunstancias que se establezan neste regulamento, estará obrigada a outorgala consonte as normas previstas nel.

**8.2.** Solicitude do subministración. Previa á contratación da subministración de auga potable, a persoa solicitante deberá presentar unha solicitude de subministración no impreso que, para tal efecto, lle proporcionará a *prestadora do servizo*.

**8.3.** Na solicitude farase constar expresamente: o nome da persoa solicitante ou a súa razón social e domicilio propio; domicilio da subministración de auga potable, sexa terreo, vivenda, local ou industria; se é o caso, carácter da subministración; uso e destino que pretende dársele á auga solicitada; domiciliación de notificacións e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións da subministración, así como para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do servizo.

**8.4.** Calquera cambio no domicilio citado para os efectos de comunicacións debe serlle notificado por escrito á *prestadora do servizo*. De non facelo así, será eficaz a todos os efectos calquera notificación que a *prestadora do servizo* realice ao domicilio declarado pola persoa asinante na solicitude.

**8.5.** Cantas circunstancias se fagan constar na solicitude do servizo, que se regula anteriormente, faranse baixo a exclusiva responsabilidade da persoa solicitante e servirán de base para regular as condicións da antedita subministración.

**8.6.** Na solicitude de subministración de auga potable, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- Boletín de instalación suscrito por un instalador autorizado e visado polo organismo competente en materia de Industria.

- Os permisos e/ou licenzas municipais, establecidos en cada momento: licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda, cando se trate dun local comercial ou industrial; licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas; licenza de obras ou comunicación previa eficaz segundo proceda cando se trate de subministracións para este fin, ou certificación administrativa que o substitúa.

- Escritura de propiedade do terreo, vivenda, local ou industria para a que se solicita a subministración.

- Documento que acredite a personalidade da persoa contratante.

- Documento de constitución da servidume que, se é o caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións do servizo en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para tal efecto.

- Acreditación do aboamento da cota por contribucións especiais, cando proceda.

**8.7.** Condicións da concesión do servizo de abastecemento e saneamento. A concesión dunha acometida de subministración de auga estará supeditada a que se cumpran as condicións, que se establecen seguidamente:

- Que o inmovible que se pretende abastecer estea situado na área de cobertura do abastecemento e/ou rede de saneamento.

- Que o inmovible que se pretende abastecer ou conectar conte con instalacións interiores dispoñibles e axeitadas ás normas do presente regulamento.

- Que nas rúas ou prazas de carácter público que linden co inmovible, a que este lle dá fachada, existan instaladas e en servizo, conducións públicas da rede de distribución de auga potable e/ou rede de saneamento. Excepcionalmente, consideraranse exiguos tramos de rede unitaria ou preverase vertedura de pluviais a canle de derivación ou gabia, de non existir rede separativa, previo informe favorable.

- Cando nunha vía pública estean proxectadas conducións baixo as dúas beirarrúas, a existencia destas na beirarrúa oposta á correspondente ao suposto contemplado non supoñerá en ningún caso o cumprimento do antedito parágrafo, requirindo da execución por conta do abonado da derivación ou extensión de liña para a conexión con arranxo ao establecido na lexislación vixente para cada clase e categoría de solo.

- Que a condución que abasteza de auga ao inmovible se atope en perfecto estado de servizo coa capacidade requirida e as condicións de presión que posibiliten o servizo.

- Que o inmovible dispoña dos elementos singulares necesarios para posibilitar a conexión de saneamento; equipos de bombeo no caso de que a cota no punto de conexión sexa insuficiente para a correcta vertedura, válvula antirretorno de proceder, equipo de separación de graxas previo á conexión ás fecais, de ter dita obriga, etc.

- Que a caracterización da vertedura se inscriba dentro dos parámetros das verteduras prohibidas á rede de saneamento, de acordo co presente regulamento e coa lexislación aplicable en cada momento.

#### Artigo. 9.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

**9.1.** Á vista dos datos que achegue a persoa solicitante, das características do inmovible, e do estado e características das redes de distribución, a *prestadora do servizo* comunicarlle á persoa solicitante, no prazo máximo de quince días hábiles, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida ou acometidas solicitadas e, neste último caso, as causas de denegación. En caso de concesión comunicaranse no mesmo escrito, o estudo das condicións



técnico-económicas para realizar este.

**9.2.** A persoa solicitante, unha vez recibida a notificación da concesión e das condicións técnico-económicas que lle fosen formuladas pola *prestadora do servizo*, dispoñerá dun prazo de 30 días para a formalización do contrato de subministración, ou ben para presentar ante aquela as alegacións que, se é o caso, estime. Transcorrido se prazo sen que se teña cumprimentado o regulamentado, entenderase decaída a solicitude, sen máis obrigas para a *prestadora do servizo*.

**9.3.** Aceptada por ambas as partes as condicións da concesión da acometida, procederase a subscribir o correspondente contrato de subministración, entendéndose que dito contrato non estará perfeccionado nin será efectivo ata que a persoa solicitante non teña cuberto as obrigas económicas, técnicas e administrativas que, de acordo co presente regulamento, estivese obrigada a sufragar ou cumprir.

**9.4.** No suposto que para atender unha solicitude de subministración de auga potable fose necesario a utilización de terreos propiedade dun terceiro, será necesaria a autorización expresa e por escrito da persoa propietaria dos terreos, documento de constitución de servidume de paso e de acceso para mantemento das instalacións establecidas.

**9.5.** Unha vez cumpridos os requisitos correspondentes pola persoa solicitante, a *prestadora do servizo* estará obrigada á posta en servizo da instalación e subministración, no prazo establecido de 15 días hábiles a partir da data de contratación e aboamento.

**9.6.** A demora na concesión das autorizacións ou permisos necesarios para a realización dos traballos levará consigo a interrupción do prazo sinalado no antedito parágrafo. Tal adiamento comunicáralo á persoa solicitante a *prestadora do servizo*.

#### **Artigo 10.- CAUSAS DE DENEGACION DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**10.1.** A facultade de concesión da subministración de auga potable, correspóndelle ao Concello, con suxeición ás normas regulamentarias vixentes. **10.2.** A *prestadora do servizo* poderá denegar a contratación da subministración nos seguintes casos:

- a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- b) Cando a persoa ou entidade que solicite a subministración se negue a asinar o contrato de servizo estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación de subministración de auga.
- c) Cando na instalación da persoa solicitante non se cumpran, a xuízo da *prestadora do servizo* e previa comprobación, as prescricións que con carácter xeral establece este regulamento e a normativa vixente, así como as especiais da *prestadora do servizo*. Neste caso, a *prestadora do servizo* indicarlle os defectos encontrados á persoa solicitante, para que os corrixa, remitiendo, en caso de discrepancia, comunicación dos reparos formulados ao organismo competente, o cal, previo ás actuacións que considere oportunas e, en todo caso, despois de oír o instalador, ditará a resolución que proceda no prazo máximo de trinta días.
- d) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire aos requisitos previos para a conexión ás redes do servizo, cando non dispoña de acometidas para a subministración de auga, saneamento e depuración.
- e) Cando se comprobe que a persoa solicitante deixou de satisfacer o importe dos servizos anteriormente subministrados.
- f) Cando, para o local para o que se solicita a subministración, exista outro contrato de subministración anterior e en plena vixencia.
- g) Cando a persoa solicitante da subministración, no caso de que algunha parte das instalacións xerais deban discorrer por propiedade de terceiros, non teña acreditado fidedignamente a obtención das autorizacións de terceiros que correspondan ou, se é o caso, quede sen acreditar, a constitución da servidume de paso e acceso necesarios para levar a cabo o mantemento e conservación das obras e instalacións para a prestación dos servizos solicitados.
- h) Cando a rede horizontal de saneamento do inmovible non sexa separativa e supoña achega de auga limpa ou saneamento de fecais, salvo excepción acreditada e xustificada.

#### **Artigo 11.- COTAS DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

Cota de enganche. A cota de enganche corresponde ás compensacións económicas que deberán satisfacer as persoas solicitantes da subministración de auga, saneamento e depuración para sufragar os custos de carácter técnico, de execución da acometida básica e administrativos, derivados da formalización do contrato.

As persoas solicitantes de calquera contratación de subministración de auga potable, aboarán sempre e con antelación á execución da acometida axeitada as cotas correspondentes, consonte as tarifas aprobados polo Concello de Ames.

#### **Artigo 12.- FIANZAS**

Previa á sinatura do contrato de subministración de auga potable procederase a depositar a fianza fixada, se é o caso, na correspondente ordenanza, fianza que se devolverá ao rescindir o contrato, una vez abonados os recibos ou liquidacións pendentes.

#### **Artigo 13.- CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**13.1.** O contrato de subministración de auga potable será o único documento que dará fe da concesión deste, e xunto ás condicións establecidas no presente regulamento, regulará as relacións entre a *prestadora do servizo* e o *abonado*. Dito contrato formalizarase por escrito e por triplicado. Deberá entregárselle ao *abonado* un exemplar cuberto.

**13.2.** No contrato de subministración deberanse recoller, como mínimo, os datos precisos que definan:

- Identificación da *prestadora do servizo*.
- Identificación do *abonado*
- Datos do predio abastecido
- Características da instalación interior (boletín)
- Características dos servizos de subministración
- Identificación do equipo de medida
- Condicións económicas
- Domiciliación do pagamento, se é o caso
- Duración do contrato
- Condicións especiais
- Xurisdición competente
- Lugar e data de expedición do contrato
- Sinaturas das partes
- Obrigas e dereitos de cada unha das partes

**13.3.** Os contratos estableceranse para cada tipo de subministración. Por tanto, será obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles

que exixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

**13.4.** Os contratos de subministración formalizaranse entre a *prestadora do servizo* e o titular propietario do terreo, local, vivenda ou industria que se pretende abastecer, ou por quen o represente, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra o usuario ou beneficiario en canto ás obrigas e responsabilidades dimanantes de dito contrato.

#### **Artigo. 14.- TITULARIDADE DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E O SEU CAMBIO**

**14.1.** A persoa contratante da subministración de auga, será a titular ou titulares do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle presta o servizo, ou quen o represente legalmente, agás as excepcións que se especifican polo miúdo neste artigo.

**14.2.** Non poderá ser *abonado* da subministración de auga quen, se o fose con anterioridade doutro terreo, local, vivenda ou industria, fose penalizado con suspensión de subministración ou resolución do contrato por falta de pagamento ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigas, coas recargas, xuros e gastos a que houbese lugar.

**14.3.** Os traslados de domicilios e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que subscribiu o contrato, esixen un novo contrato, ou, se é o caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste regulamento.

**14.4.** Toda acometida destinarase exclusivamente aos usos para os que fora solicitada e concedida. O abonado deberá comunicarlle previamente á *prestadora do servizo* concesionario calquera modificación e solicitar a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

**14.5.** De terse producido modificación da propiedade do terreo, local, vivenda ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministración, a nova persoa propietaria entenderase inescusablemente subrogada nas responsabilidades asumidas pola anterior persoa propietaria en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puidesen causarlle á *prestadora do servizo* as persoas inquilinas do inmovible, cando non os asumiran estes.

**14.6.** Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local, vivenda ou industria abastecidos, tanto a nova persoa propietaria como a persoa ata ese momento abonada e titular do contrato de subministración, deberán comunicar fidedignamente, dentro do prazo dun mes, o cambio producido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministración a nome do novo titular.

**14.7.-** Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar o seu representante legal, debidamente acreditado.

**14.8.** Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal, ou acreditar ter tramitado con eficacia a notificación previa correspondente, comunicación previa eficaz segundo proceda.

#### **Artigo. 15.- SUBROGACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**15.1.** Ao falecemento da persoa titular do contrato de servizos, o seu cónxuxe ou parella de feito, descendentes, fillos adoptivos plenos, ascendentes e irmás ou irmáns, que convivisen habitualmente na vivenda, cando menos con dous anos de antelación á data do falecemento, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas do contrato. No serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe ou parella de feito.

**15.2.** No caso de entidades xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e obrigas poderá facer o propio no contrato de servizos, condicionado á presentación perante a *prestadora do servizo* de todas as autorizacións administrativas necesarias.

**15.3.** O prazo para subrogarse será de tres meses a partir da data do feito causante.

#### **Artigo. 16.- OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

**16.1.** Os contratos de subministración formalizaranse para cada terreo, vivenda, piso, local, industria ou obra que constituía unha unidade independente.

**16.2.** Cada subministración quedará adscrita aos fins para os que se concedeu, e está prohibido dedicala a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato conseqüente.

**16.3.** Os contratos estableceranse para cada tipo de subministración, e, por tanto, será obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que exixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

#### **Artigo. 17.- DURACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE AUGA**

**17.1.** O contrato de subministración de auga subscribirase con carácter definitivo e indefinido, agás estipulación expresa con outro carácter, se ben suxeita aos condicionamentos legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación. Porén, a persoa abonada poderá dalo por rematado en calquera momento, sempre que lle comunique esta decisión á *prestadora do servizo* cun mes de antelación.

**17.2. As** subministracións para obras, espectáculos temporais en locais móbiles, e en xeral, para actividades esporádicas, contrataranse sempre con carácter temporal e por tempo definido, que expresamente figurará no contrato.

#### **Artigo 18.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AGUA**

A *prestadora do servizo* poderá suspender a subministración de auga potable aos seus *abonados*, sen prexuízo do exercicio das accións, de orde civil ou administrativa que a lexislación vixente ampare nos seguintes casos:

-> De non satisfacer, en período voluntario, aos sesenta días da posta ao cobro dos recibos, o importe dos servizos consonte ao estipulado no contrato de subministración, poderase proceder ao corte de subministración, sen prexuízo de que as facturas que continuasen sen ser pagadas incorran en constrinximento para o seu cobramento en vía executiva.

-> Cando o *abonado* non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido coa *prestadora do servizo* ou as condicións xerais de utilización deste.

-> Por falta de pagamento, transcorridos quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

-> En todos os casos en que o *abonado* faga uso da auga que se lle subministre para un uso distinto do contratado, como subministrar auga a terceiros.

-> Cando o *abonado* estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga potable a outros terreos, locais ou vivendas diferentes aos consignados no seu contrato de subministración.

-> Cando unha persoa usuaria goce da subministración de auga potable sen contrato escrito ao seu nome que o ampare como *abonado* do servizo e se negue a súa subscrición a requirimento da *prestadora do servizo*.

-> Cando o persoal da *prestadora do servizo* encontre derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso a *prestadora do servizo* poderá efectuar o corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións, e deberá darlle conta diso, por escrito, ao organismo municipal competente.

-> Cando o *abonado* non permita a entrada no local ao que lle afecta a subministración contratada, en horas hábiles ou de normal relación co

exterior, ao persoal que, autorizado pola *prestadora do servizo* e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que por parte de dita *prestadora do servizo* se redacte acta dos feitos, que se deberá remitir ao organismo competente, conxuntamente coa solicitude de suspensión de subministración.

-> Cando nas subministracións nas que o uso da auga ou a disposición das instalacións interiores lle puidesen afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, ate que o *abonado* tome as medidas oportunas para evitar tales situacións; neste caso, a *prestadora do servizo* poderá realizar o corte inmediato da subministración e deberá darlle conta diso por escrito ao Concello.

-> Ante a negativa do *abonado* a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando iso fose preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este regulamento.

-> Cando o *abonado* mesture augas doutra procedencia e, ante o requirimento da *prestadora do servizo*, non anule esta anomalía no prazo máximo de cinco días.

-> Por negligencia do *abonado* respecto da reparación de avarías nas súas instalacións, así que a *prestadora do servizo* llo notifique por escrito e transcorra un prazo superior a sete días sen que se reparase a avaría.

#### Artigo 19.- PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

19.1.- Considerarase que queda autorizada a suspensión da subministración, unha vez comunicada ao Concello de Ames, se non se recibe orde en contra no período de doce días hábiles, contados a partir da data en que tivo lugar a comunicación.

Con excepción dos casos de corte inmediato previstos neste regulamento, a *prestadora do servizo* deberá seguir os trámites legais previstos para o seu efecto e comunicarllo ao *abonado* por correo certificado, ou calquera outro medio que garanta a recepción do aviso por parte deste.

19.2.- A suspensión da subministración de auga, agás nos supostos de corte inmediato, non poderá desenvolverse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ao público, para os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas de días en que se dean algunhas destas circunstancias.

19.3.- A volta á conexión da subministración levaraa a cabo a *prestadora do servizo* unha vez que o abonado efectúe o pagamento dos gastos xerados polo corte e reposición da subministración. A *prestadora do servizo* poderá cobrarlle ao *abonado* por estas operacións unha cantidade equivalente ao importe da cota de contratación vixente, no momento do restablecemento, para un calibre igual ao instalado, máis os gastos xerados polo corte da subministración.

O restablecemento do servizo levarase a cabo o mesmo día ou, no seu defecto, ao día seguinte hábil en que fosen reparadas as causas que orixinaron o corte da subministración.

19.4.- No suposto de corte por falta de pagamento, se no prazo de tres meses, contados dende a data de corte, o abonado non pagase os recibos pendentes, darase por rematado o contrato, sen prexuízo dos dereitos da *prestadora do servizo* á esixencia do pagamento da débeda e ao resarcimento dos danos e perdas que esta orixínase.

#### Artigo 20.- EXTINCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

20.1.- O contrato de subministración de auga potable quedará sen efecto por calquera das seguintes causas:

a) Por petición do *abonado*

b) Por resolución da *prestadora do servizo* nos seguintes casos:

\* Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministración regulamentadas no artigo 19 deste regulamento.

\* Por cumprimento do termo ou condición do contrato.

\* Por utilización da subministración sen ser a persoa titular do contrato.

20.2.- A continuidade da subministración unha vez extinguido o contrato por calquera das causas anteriormente sinaladas, só se poderá efectuar mediante a formulación dunha nova solicitude ou contrato e o aboamento dos correspondentes dereitos.

### CAPÍTULO IV CONDICIÓNS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

#### Artigo 21.- CARÁCTER DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

A prestación do servizo clasificarase en función do uso que se faga da auga, e como norma xeral en:

a) **USOS DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplicase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo. Inclúense neste apartado pendellos ou construcións auxiliares á residencial autorizadas polo planeamento.

b) **USOS COMERCIAIS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

c) **USOS INDUSTRIAIS.** Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción. Aplicarase esta modalidade a todos os locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda. Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises realizadas pola prestadora do servizo ou polos laboratorios autorizados para tal efecto se determinara unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

d) **USOS MUNICIPAIS.** Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais. O Concello autoriza a *prestadora do servizo* a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que lle afecten. Os servizos técnicos da prestadora calcularán os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador. Non se considerarán consumos municipais os daquelas dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

e) **USO PARA OBRAS.** Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

f) USOS ESPECIAIS. Considéranse subministración especial aqueles usos non incluídos nas modalidades anteriores.

#### **Artigo 22.- OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

A *prestadora do servizo* obrígase a subministrar o abastecemento de auga aos veciños/as do territorio municipal nas zonas nas que estea instalada a rede de distribución, consonte ás disposicións do presente regulamento e normativas legais que lle sexan de aplicación.

#### **Artigo 23.- ESIXIBILIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**23.1.-** A obriga por parte da *prestadora do servizo* de contratar e subministrar o servizo de abastecemento de auga a domicilio aos veciños do territorio municipal será esixible unicamente cando na rúa, praza ou vía pública de que se trate exista condución ou canalización de auga potable, que permita efectuar as tomas e acometidas de maneira normal ou regular e se cumpran todos os requisitos legais necesarios para a concesión da subministración.

**23.2.-** Cando non exista o entubado da rede xeral de distribución non poderá esixírselle á *prestadora do servizo* a subministración e contratación, ata que a condución estea instalada.

**23.3.-** Tampouco poderá esixirse a subministración naquelas zonas e inmobles en que, por dificultades técnicas, non poida garantirse un servizo regular. Non obstante, poderán contratarse subministracións facendo constar esta circunstancia. Neste caso quedará exonerada a *prestadora do servizo* da responsabilidade polas irregularidades que puidesen producirse e o *abonado* non poderá formular reclamación ningunha por tal concepto.

#### **Artigo 24.- CONTINUIDADE DO SERVIZO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

O servizo de abastecemento de auga potable será continuo, agás estipulación en contra no contrato de abastecemento e nos caso en que, por forza maior, avaría nas instalacións e/ou para unha xusta distribución do servizo, se impuxesen restricións na subministración.

Nos supostos no que se produza a interrupción da subministración de auga, a *prestadora do servizo* deberá procurar, en todo momento, limitar ao máximo o tempo de duración desta, achegando os medios humanos e materiais necesarios para o rápido restablecemento do servizo, así como comunicarlle tal circunstancia ás persoas usuarias deste. O Concello de *Ames* sempre será previo coñecedor destas incidencias.

#### **Artigo 25.- SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**25.1.-** A *prestadora do servizo* poderá suspender temporalmente este cando sexa imprescindible para proceder ao seu mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.

Se as interrupcións fosen planificadas, comunicáraselle ao Concello con 72 horas de antelación.

**25.2.-** Nos cortes non planificados de carácter urxente, notificarase ao Concello á maior brevidade posible e nunca máis alá de 24 horas.

Os anuncios e informacións aos *abonados* comunicando unha interrupción do servizo por calquera causa correrán por conta da *prestadora do servizo*. *Esta* ten a obriga de comunicar as interrupcións no espazo de tempo máis breve posible.

**25.3.-** En calquera caso de suspensión deberase velar polos dereitos dos usuarios ocasionando os menos prexuízos posibles. Para estes efectos, a suspensión será comunicada ao Concello especificando as cuestións técnicas e temporais de actuación.

#### **Artigo 26.- RESERVAS DE AUGA POTABLE**

**26.1.-** O Concello de *Ames* e a *prestadora do servizo* poderán establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga. Neste caso, utilizarase e o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada e informarse e ás autoridades competentes e á veciñanza a través dos medios de difusión máis adecuados e rápidos.

**26.2.-** Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, todos os locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, especialmente os centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reservas de auga que aseguren unha autonomía de abastecemento conforme ás necesidades mínimas que deban cubrirse, cando menos para un tempo non inferior a vinte e catro horas.

De igual maneira, as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos.

A *prestadora do servizo* quedará exonerada de responsabilidade civil nestes casos nos que polas súa características especiais deben proverse de medios de reserva.

**26.3.-** A instalación destes depósitos de reservas de auga farase de forma que garanta a renovación total da auga acumulada en curtos períodos de tempo. Así mesmo, irán dotadas da correspondente válvula antirretorno para evitar unha descarga accidental na rede de distribución xeral.

**26.4.-** A *prestadora do servizo* non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministración por motivos considerados de forza maior. Non se considerarán de forza maior os que resulten da inadecuación das instalacións ao fin para o que teñen que servir ou os derivados do funcionamento do *Prestador do Servizo*.

#### **Artigo 27.- RESTRICIÓN NA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**27.1.-** Cando circunstancias de seca, escaseza de caudais de auga ou dificultades de tratamento o aconsellen, a *prestadora do servizo* poderá impoñer restricións na subministración do servizo aos *abonados*, sempre con autorización do Concello de *Ames*.

**27.2.-** Neste casos, a *prestadora do servizo* estará obrigada a informar aos *abonados* das medidas que se van implantar a través dos medios de comunicación, segundo o establecido no artigo 25 do presente regulamento e da maneira máis clara posible.

#### **Artigo 28 .- SUBMINISTRACIÓN PARA SERVIZOS CONTRA INCENDIOS**

**28.1.-** As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, para todos os efectos, das condicións que este regulamento prescribe para as instalacións destinadas ao abastecemento ordinario, de conformidade cos seguintes criterios:

**a) Independencia das instalacións:** As instalacións contra incendios serán absolutamente independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non se poderá efectuar derivación ningunha para outro uso.

Queda igualmente prohibido tomar auga de calquera elemento destas instalacións, agás no caso de incendio, sen a expresa autorización da *prestadora do servizo*.

Todo o sistema que constituía a instalación contra incendios, alimentarase a través dunha acometida á rede pública de distribución independente da subministración ordinaria.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior do *abonado* que non sexa a que *prestadora do servizo* garanta, será responsabilidade do *abonado* establecer e conservar os dispositivos de sobreelevación que lle permitan cumprir a devandita normativa específica.

**b) Contratación da subministración:** A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios requirirá a formalización previa do contrato de subministración correspondente entre a *prestadora do servizo* e o *abonado*. Os ditos contratos terán a mesma tramitación e carácter ca os de subministración ordinaria e estarán, por tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles.

**28.2.-** Nas instalacións contra incendios instalaranse aparellos medidores de consumo. En caso de incendio, dentro das corenta e oito horas seguintes a este, deberá comunicarse a *prestadora do servizo* a produción deste incidente así como todas as demais circunstancias relacionadas. Ditados feitos poderán ser comprobados pola *prestadora do servizo* ou polos servizos municipais. No suposto de non estar xustificado o uso da rede contra incendios, a auga consumida a través destas instalacións facturarase consonte ás tarifas vixentes en cada momento.

**28.3.-** A *prestadora do servizo* instalará, a petición do Concello de Ames ou dos *abonados* e con cargo ao peticionario, as bocas de rega contra incendios que lle sexan solicitadas, conforme ás instrucións que en cada caso sinala o Concello.

## CAPÍTULO V

### INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA

#### Artigo 29.- REDE DE DISTRIBUCIÓN

A rede de distribución de auga é o conxunto de entubado e todos os seus elementos de manobra e control que instalados dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, e en terreos de carácter público ou privado, previa constitución da oportuna servidume, e da que se derivan as acometidas para os *abonados*.

#### Artigo 30.- ARTERIA

A arteria será aquel entubado, e os seus elementos, da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

#### Artigo 31.- CONDUCIÓNS VIARIAS

Cualifícanse como conduciós viarias as tubaxes da rede de distribución que discorren ao longo dunha vía pública ou privada, previa constitución da oportuna servidume, e das que se derivarán, se é o caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rega, e tomas contra incendios.

#### Artigo 32.- ACOMETIDA

**32.1.** Comprende o conxunto de entubado e outros elementos que unen as conduciós viarias coa instalación interior do inmore que se pretende abastecer.

**32.2.** A acometida responderá ao esquema básico definido pola *prestadora do servizo*, e constará dos seguintes elementos:

a) Dispositivo de toma: Encóntrase colocado sobre o entubado da rede de distribución e abre o paso da acometida.

b) Ramal: É o tramo de entubado que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) Chave de rexistro: Estará situada ao final do ramal de acometida na vía pública e xunto ao inmore. Constitúe o elemento diferenciador entre a *prestadora do servizo* e a persoa que está abonada ao servizo, no que respecta á conservación e delimitación de responsabilidades.

No caso de execución de acometidas clandestinas, por parte do propietario, suspenderase o servizo ata que teña a autorización correspondente e unha vez aprobada abonará os custos totais de execución da acometida, previamente á realización do contrato.

#### Artigo 33.- INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

**33.1.** Entenderase por instalación interior de subministración de auga o conxunto de entubado e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo de auga.

**33.2.** En caso de que non existir chave de rexistro, entenderase que a instalación interior comeza no límite da propiedade privada da persoa abonada.

## CAPÍTULO VI

### ACOMETIDAS

#### Artigo 34.- CONCESIÓN DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

**34.1.** A concesión de acometidas para subministración de auga potable correspóndelle ao Concello e a dita concesión estará supeditada a que se cumpran as condicións de abastecemento pleno recollidas no artigo 8.7 do presente regulamento.

**34.2.-** Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable nin de vertedura de augas residuais, e tramitaranse simultaneamente ambas as dúas solicitudes onde existan ambos os dous servizos.

As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ao mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros e debe acreditarse a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

### **Artigo 35.- CARACTERÍSTICAS DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**35.1.-** As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais, como á súa forma de execución e punto de conexión, serán determinadas pola *prestadora do servizo*, de acordo co establecido nas Normas Básicas para Instalacións Interiores, baseándose no uso do inmovible a fornecer, consumos previsibles e condicións de presión

**35.2.-** Así mesmo, a *prestadora do servizo* determinará as modificacións que na rede existente deben efectuarse como consecuencia da petición do *abonado*, que serán pola súa conta sen prexuízo de que esta modificación pertence, para todos os efectos, ao patrimonio municipal. En caso de que o solicitante non abone esta modificación, non se procederá á subministración.

### **Artigo 36.- TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DO SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**36.1.** A. solicitude de acometida realizaraa persoa solicitante ante a *prestadora do servizo*, no impreso normalizado que, para tal efecto, lle facilitara esta. Solicitarase de forma independente para cada terreo ou predio.

**36.2.** Á dita solicitude debe achegarse, como mínimo, a seguinte documentación:

- a) Memoria técnica suscrita pola persoa técnica autora do proxecto das obras de edificación ou, se é o caso, das instalacións das que se trate.
- b) Escritura de propiedade ou documento que acredite a dispoñibilidade do inmovible para o que se solicita a acometida.
- c) Licenza municipal de obras, comunicación ou informe favorable previo do Concello, segundo proceda.
- d) Titularidade da servidume que, se é o caso, puidese ser necesario establecer para as instalacións da acometida en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para o efecto.

**36.3.** Á vista dos datos que achegue a persoa solicitante, das características do inmovible, e do estado das redes de distribución, a *prestadora do servizo*, comunicarlle á persoa solicitante, no prazo máximo de quince días hábiles, contados desde a data de presentación da solicitude, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida solicitada e, neste último caso, as causas da denegación.

**36.4.** Ao mesmo tempo, a persoa solicitante, disporá dun prazo doutros trinta días naturais para formalizar os requirimentos que lle formulase a *prestadora do servizo*, ou ben para presentar ante esta as alegacións que, se é o caso, estime pertinentes. Transcorrido ese prazo sen que se cumpra o regulamentado, entenderase decaída a solicitude, sen máis obrigas para a *prestadora do servizo*.

**36.5.** Aceptada a solicitude, a *prestadora do servizo* comunicarlle, no prazo máximo de 15 días hábiles, as circunstancias ás que deberá axustarse a acometida, así coma as condicións de concesión e execución.

### **Artigo 37.- EXECUCIÓN E CONSERVACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**37.1.** As acometidas para a subministración de auga executaraas a *prestadora do servizo* de conformidade con canto para o efecto se establece neste regulamento; serán do dominio da *prestadora do servizo* e esta correrá cos gastos de conservación e mantemento. A persoa solicitante deberá satisfacer os correspondentes dereitos de acometida.

**37.2.** Os traballos de reparación e substitución das acometidas deberán ser realizados igualmente pola *prestadora do servizo*. A persoa propietaria do inmovible non poderá cambiar ou modificar a contorna da situación desta, sen autorización expresa da *prestadora do servizo*.

**37.3.** Serán por conta e cargo do *abonado* os gastos de reparación e substitución da instalación de subministración de auga, desde o comezo da propiedade particular ata o final da súa instalación de distribución interior ou particular.

**37.4.** Serán por conta e cargo da *prestadora do servizo* os gastos de conservación das acometidas desde a toma ata o límite da propiedade particular.

**37.5.** Os traballos e operacións de mellora nas acometidas realizadas por pedimento do *abonado* con aprobación da *prestadora do servizo*, serán por conta e cargo do *abonado* que estará obrigado a cambiar, á súa costa, as instalacións que por seren obsoletas non funcionen de forma axeitada ás necesidades actuais do *abonado*.

**37.6.** En previsión dunha rotura do entubado de conexión da chave de rexistro coa instalación interior do *abonado*, todos os terreos ou locais disporán de desaugadoiros suficientes que permitan a libre evacuación da auga, cun caudal igual ao máximo que se poida subministrar pola acometida contratada, sen ocasionar danos materiais ao edificio, a produtos almacenados nel ou a calquera elemento exterior. A *prestadora do servizo* declina toda responsabilidade derivada do incumprimento deste precepto.

### **Artigo 38.- DEREITO DE ACOMETIDA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

**38.1.** Os dereitos de acometida son as compensacións económicas que deberán satisfacer as persoas solicitantes dunha acometida á *prestadora do servizo*, para compensar o valor proporcional dos investimentos que esta deba realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e mellora das súas redes de distribución, ben no momento do seu pedimento, ou noutra ocasión anterior ou posterior, e no mesmo lugar ou distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución nas mesmas condicións á prestación da nova subministración, e sen mingua ningunha para os preexistentes.

**38.2.** Antes da realización da acometida presentaráselle á persoa solicitante o orzamento para o seu pagamento previo á execución.

**38.3.** Os dereitos de acometida serán aboados unha soa vez polo promotor o construtor, e, unha vez satisfeitos, quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc., para os que se aboaron, aínda cando cambie a persoa propietaria ou usuaria desta.

### **Artigo 39.- TERREOS EN RÉXIME COMUNITARIO**

**39.1.** Cando varios terreos ou predios gocen en réxime de comunidade o uso dun parque, central térmica, zona de recreo ou deportiva ou outras instalacións, será preceptiva a existencia dunha acometida independente para estes servizos. A persoa representante, neste caso, será a persoa ou persoas que ostenten a representación da comunidade ou comunidades existentes.

**39.2.** O equipo de medida instalarase no límite da propiedade coa vía pública, nunha arqueta debidamente protexida e de acordo coas características fixadas pola *prestadora do servizo*.

### **Artigo 40.- CONSTRUCCIÓN DE NOVOS EDIFICIOS**

Para poder iniciar a construción dunha nova edificación na que se prevexa a necesidade de subministración de auga e/ou rede de sumidoiros, será necesaria a aprobación por parte do Concello, previo informe da *prestadora do servizo*, das características que deberán cumprir as futuras acometidas de auga e rede de sumidoiros e a instalación de contadores ou ampliación de rede, se é o caso.

Para tal efecto, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto de obra cos datos técnicos necesarios de ditas instalacións.

### **Artigo 41.- SUBMINISTRACIÓN PROVISIONAL DE AUGA PARA OBRAS**

**41.1.** Esta clase de subministración terá carácter especial e transitorio, e efectuarase nas condicións seguintes:

- a) Mediante contador colocado para o efecto en lugar apropiado debidamente protexido, así apreciado a xuízo da *prestadora do servizo*.
- b) O *abonado* satisfará a auga subministrada de conformidade coa correspondente tarifa establecida.
- c) A subministración de auga para obra cortarase cando se obteña para o edificio a licenza de primeira utilización.
- d) Considerarase "defraude" a utilización desta subministración para usos distintos ao de "obras". Neste caso, a *prestadora do servizo*, con independencia da sanción que corresponda, poderá proceder ao corte da subministración e á anulación do contrato.

#### Artigo 42.-URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS

42.1. Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e destas coa zona urbanizada da contorna urbana.

42.2. As instalacións da rede de abastecemento propias do polígono ou urbanización anteriormente definido ou para solares ou inmobles situados naquel, que posteriormente lle poida afectar á aceptación da propiedade das instalacións por parte do Concello para a súa adscrición á rede xeral do servizo de abastecemento de auga, serán executadas polo promotor ou propietario e ao seu cargo, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*. A execución das obras necesarias para os novos servizos contarán coa previa tramitación administrativa que corresponda.

42.3. O permiso de acometida de subministración de auga para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles situados nel, estará supeditado ao cumprimento previo das seguintes condicións:

a) As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto abastecemento de auga a ditas urbanizacións ou polígonos responderán a esquemas aprobados polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*. Deberán definirse e dimensionarse en proxecto redactado por persoal técnico competente, aprobado polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*, que propondrá as probas a realizar no transcurso das obras e antes da recepción con suxeición aos regulamentos e normas técnicas de aplicación. Deberán ser executadas por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que convenientemente autorizadas polo Concello previo informe da *prestadora do servizo* se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse igualmente na súa totalidade por conta e cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

42.4. A *prestadora do servizo* terá acceso á execución e inspección das obras no seu transcurso, informará e poderá propor a consideración as probas para a idoneidade da execución das instalacións e, ao seu remate, informará á vista dos resultados das probas de calidade previstas no proxecto tramitado, de todas as executadas no desenvolvemento das obras e das esixidas polo concello previas á recepción co obxecto de garantir o cumprimento das especificacións de calidade nos materiais previstos e a correcta execución das obras.

42.5. Os enlaces ou acometidas das redes interiores da urbanización ou polígono, coas conducións da rede xeral baixo dominio da *prestadora do servizo*, así como as modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse nestas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo, supervisadas pola *prestadora do servizo* e a cargo do promotor ou propietario da urbanización, consonte ao cadro de prezos aprobado polo Concello.

42.6. Unha vez rematadas as instalacións das redes interiores da urbanización ou polígono, con carácter previo á recepción a tramitar polos servizos técnicos de urbanismo, serán verificadas e informadas pola *prestadora do servizo*, asumindo a xestión e mantemento unha vez que, recibidas polo Concello, lle sexa comunicado por este a súa adscrición ao servizo.

### CAPÍTULO VII INSTALACIÓNS INTERIORES DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

#### Artigo 43.- CONDICIÓNS XERAIS

43.1. As instalacións interiores para a subministración de auga serán executadas por un instalador ou instaladora autorizado/a polo organismo competente en materia de Industria e axustarase a canto para o efecto prescribe a Norma básica para instalacións interiores de subministración de auga.

43.2. A conservación e mantemento destas instalacións serán por conta e a cargo do *abonado* da subministración existente en cada momento.

#### Artigo 44.- FACULTADE DE INSPECCIÓN

44.1. Sen prexuízo das facultades inspectoras dos organismos da administración, a *prestadora do servizo*, por medio do seu persoal debidamente autorizado, poderá intervir, inspeccionar ou comprobar a execución dos traballos, materiais e operacións que se realicen na instalación particular do *abonado*.

44.2. O Concello non autorizará a subministración de auga cando, ao seu xuízo e previos os informes técnicos, as instalacións particulares do *abonado* non reúnan as condicións debidas.

44.3.- En todo caso, non se atribuirá responsabilidade a *prestadora do servizo* polo funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

#### Artigo 45.- INSTALACIONES INTERIORES INSEGURAS

45.1. Cando a xuízo da *prestadora do servizo* unha instalación particular existente dun *abonado*, non reúna as condicións necesarias de seguridade e aptitude para o fin a que se destina, comunicáraselle a este para que a substitúa, modifique ou repare o antes posible, nun prazo máximo que se sinalará segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

45.2. Transcorrido o prazo concedido para a súa adecuación sen que o *abonado* cumprira o ordenado pola *prestadora do servizo* e, se hai posibilidade de ocasionarlle danos a terceiros, poderáselle suspender a subministración de auga ata que a antedita instalación particular reúna as debidas condicións de seguridade.

#### Artigo 46.- MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

O *abonado* do servizo de abastecemento estará obrigado a comunicar á *prestadora do servizo* calquera modificación que realice na disposición ou características das súas instalacións interiores.

## **Artigo 47.- OBRIGATORIEDADE DE USO DE CONTADOR**

**47.1.** A medición dos consumos de toda a subministración de auga realizada pola *prestadora do servizo* servirá de base para a facturación de toda subministración e realizarase cun contador ou equipo de medida; este será o único medio que dará fe da contabilización do consumo da auga subministrada.

**47.2.** A colocación e instalación de contadores realizaraa a *prestadora do servizo*, e os gastos correrán por conta do *abonado*. O custo da instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

**47.3.** Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante contador único cando no inmovible ou terreo só exista unha vivenda ou local, en subministracións provisionais para obras e en polígonos de execución de obra, en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior e sempre que sexa de aplicación un único tipo tarifario dos prezos vixentes axeitado á modalidade da subministración.

**47.4.** No caso de subministración a inmovibles colectivos, cando exista máis dunha vivenda e/ou locais, o control do consumo base de facturación poderá realizarse ben por contador xeral ou por contadores divisionarios, ao instalar un equipo de medida por cada unha delas e os necesarios para os servizos comúns, situados en baterías segundo as normas básicas para as instalacións interiores, ademais dos aparellos de medida independentes para os locais do inmovible.

En calquera caso, a *prestadora do servizo* poderá instalar, no inicio da instalación interior, un contador totalizador para controlar o consumo global de dita instalación ou inmovible. O consumo do contador xeral, en caso de que houbese instalados contadores divisionarios, deberá ser igual á suma das medidas dos contadores individuais; cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturaráselle á comunidade de persoas abonadas.

Neste caso considerarase un número de vivendas ou locais, para efectos de facturación, aqueles que poidan ser utilizados de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupados ou baleiros.

**47.5.** Os edificios nos que fose preciso instalar grupos de elevación de auga, deberán dispoñer dun contador xeral para control dos consumos. Este contador xeral de referencia estará instalado na cabeceira da acometida ao depósito comunitario e no contrato de servizo correspondente a esta acometida figurará como *abonado* a comunidade de persoas abonadas.

**47.6.** O *abonado* estará obrigado a facilitarlle o acceso ao equipo de medida, para efectuar a súa lectura, ao persoal da *prestadora do servizo*.

**47.7.** O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade da *prestadora do servizo*, que o realizara á vista da declaración de consumo que formule o *abonado* na súa solicitude de subministración, e de conformidade co establecido nas normas básicas para as instalacións interiores.

## **Artigo 48.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS APARELLOS DE MEDIDA**

As características técnicas dos aparellos de medida ou contadores rexeranse polo disposto na Orde ITC/2451/2011, de 12 de setembro, por la que se derrogan diversas ordes ministeriais que regulan instrumentos de medida ou normativa que a substitúa.

## **Artigo 49.- SITUACIÓN DOS CONTADORES**

**49.1. Contador único.** Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado pola *prestadora do servizo*, exclusivamente destinado para este fin, situado na planta baixa do inmovible, xunto ao portal de entrada e empotrado no muro de fachada ou pechamento da propiedade que se pretende fornecer. En calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

Excepcionalmente, en caso debidamente xustificado, poderá instalarse o contador único e as súas chaves de manobra nunha cámara baixo o nivel do solo, que terá acceso directo desde a rúa e situado o máis próximo posible á fachada ou pechamento da propiedade. O armario ou cámara de aloxamento do contador estarán dotados dunha porta e pechadura homologadas pola *prestadora do servizo*.

O contador estará situado en posición horizontal e no sentido correcto, cuns tramos rectos antes e despois deste, iguais a 10 veces e 5 veces o diámetro do contador respectivamente, necesarios para o bo funcionamento deste.

**49.2. Baterías de contadores divisionarios.** As baterías de contadores divisionarios, instalaranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados para este fin, situados na planta baixa do inmovible, en zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada.

As baterías para a centralización de contadores responderán a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados polo Organismo competente en materia de Industria.

Na orixe de cada montante e no punto de conexión deste coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución

## **Artigo 50.- ADQUISICIÓN DO CONTADOR**

O contador ou equipo de medida deberá ser dos tipos homologados polo organismo competente en materia de industria, e será adquirido polo abonado, ao seu cargo. A *prestadora do servizo* manterá unhas existencias de contadores, axeitados ás necesidades e caudais de subministración, para a súa venda aos *abonados*. A venda de ditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas establecidas.

## **Artigo 51.- VERIFICACIÓN E PRECINTADO**

**51.1.** É obrigatorio sen excepción ningunha, a partir da entrada en vigor do presente regulamento, a verificación e precintado dos aparellos contadores que se instalen, cando sirvan de base para regular a facturación do consumo de auga. A verificación e precintado dos aparellos realizaraa o organismo competente en materia de Industria, a través de laboratorio oficial ou autorizado.

**51.2.** É obriga ineludible do *abonado*, a custodia do contador ou aparello de medida, así como o conservar e manter este en perfecto estado, sendo extensible esta obriga tanto á inviolabilidade dos precintos de contador coma ás etiquetas de identificación daquel.

A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga recaerá directamente sobre o *abonado* titular da subministración.

## **Artigo 52.- SOLICITUDE DE VERIFICACIÓN**

O *abonado* poderá solicitar da *prestadora do servizo* a verificación do seu contador. Os gastos que xere a retirada do aparello, a súa colocación e a verificación e precintado por parte do organismo competente, serán por conta do solicitante, agás no caso en que se demostre o anormal funcionamento do aparello e que o erro sexa imputable á *prestadora do servizo*.

## **Art. 53.- COLOCACIÓN E RETIRADA DE CONTADORES**

**53.1.** A conexión e desconexión, colocación e retirada do contador ou aparello contador, cando se xa preciso, realizaraa a *prestadora do servizo*. A *Prestadora de Servizo* poderá precintar a instalación deste, e será a única autorizada para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación do servizo.



**53.2.** Os contadores ou aparellos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- a) Por extinción do contrato de subministración.
- b) Por avaría do equipo de medida.
- c) Por renovación periódica.
- d) Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparello instalado.

**53.3.** Cando a xuízo da *prestadora do servizo*, existan indicios claros de que o funcionamento do contador non é correcto, poderá, previa comunicación ao *abonado*, proceder a desmontar aquel, e instalar no seu lugar outro que fose verificado oficialmente.

Os consumos rexistrados polo aparello instalado en substitución do anterior darán fe para a liquidación destes.

#### **Artigo 54.- CAMBIO DE SITUACIÓN**

Calquera modificación da situación do contador ou aparello de medida, dentro do recinto ou propiedade a cuxa subministración estea adscrito, sempre será a cargo da parte a cuxa instancia se levara a cabo aquela. Porén, será sempre a cargo do *abonado* toda modificación na situación do contador ocasionada por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas polo *abonado* con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias deste regulamento, e se produza un cambio na titularidade da subministración.

#### **Artigo 55.- MANIPULACIÓN DO CONTADOR**

O *abonado* nunca poderá manipular o contador ou aparello de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes de dito equipo de medida.

#### **Artigo 56.- SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES**

**56.1.** Será necesario a substitución do contador por outro en perfectas condicións, en caso de que o *abonado* ou o persoal da *prestadora do servizo* detecte calquera avaría ou parada do contador e, tamén, no caso de substitución periódica programada. Nestes supostos, a *prestadora do servizo*, con cargo aos gastos de mantemento e conservación, realizará dita operación.

**56.2.** No caso de que a avaría se debese a causas climatolóxicas ou a man airada, os gastos correrán a cargo do *abonado*.

**56.3.** No caso de que a instalación do contador non estivese en bo estado, será obriga do *abonado* a súa reforma para poder proceder ao cambio do contador. Caso de que o *abonado* non queira reformar a instalación, o contador instalarase ao comezo do terreo propiedade do *abonado*, sempre ao seu cargo.

#### **Artigo 57.- LECTURA DE CONTADORES**

**57.1.** A lectura de contadores que servirá de base para regular a facturación dos caudais consumidos polos *abonados* realizaraa a prestadora do servizo, coa periodicidade prevista na ordenanza .

As indicacións que marque o contador, anotaraas o lector nas follas ou soportes informáticos que servirán de base para a facturación correspondente así como no caderno ou tarxeta do *abonado* que poderá existir para tal fin, xunto ao contador, sempre que así o solicite o *abonado*.

**57.2.** A lectura levarase a cabo en horas hábiles ou de normal relación co exterior. Realizaraa persoal autorizado expresamente pola *prestadora do servizo*, provisto da súa correspondente documentación de identidade. En ningún caso, o *abonado* poderá impoñer a obriga de tomar lectura fóra do horario que teña establecido a *prestadora do servizo* para tal efecto.

**57.3.** Cando por ausencia do *abonado* non fose posible a lectura, o lector encargado desta deixará constancia da súa visita depositando na caixa do correo ou similar unha tarxeta. Esta tarxeta, ademais de deixar constancia da presenza do lector no lugar, permitiralle ao *abonado* anotar a lectura do seu contador efectuada por el, e facela chegar ás oficinas da *prestadora do servizo*, no prazo máximo indicado, para os efectos da facturación do consumo rexistrado.

### **CAPÍTULO VIII**

#### **CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

#### **Artigo 58.- OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO**

**58.1.** Os contratos de saneamento e depuración formalizaranse para cada vivenda, piso, local, industria ou obra que se constituía nunha unidade independente.

**58.2.** Cada vertedura quedará adscrita aos fins para os que se concedeu e non poderá dedicarse a outros fins nin modificar o seu alcance. Para isto, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato conseqüente.

#### **Artigo 59.- SUXEITOS DO CONTRATO**

Os contratos de servizos formalizaranse entre a *prestadora do servizo* e o titular propietario do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle presta o servizo, ou por quen o represente, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra o usuario ou beneficiario en canto ás obrigas e responsabilidades dimanantes de dito contrato.

#### **Artigo 60.- DURACIÓN DA PÓLIZA**

**60.1** O contrato de servizo subscribirase con carácter definitivo e indefinido, agás estipulación expresa con outro carácter, se ben suxeita aos condicionamentos legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación.

60.2. Os servizos para obras, espectáculos temporais en locais móbiles e, en xeral, para actividades esporádicas contrátaranse sempre con carácter temporal e por tempo definido, tempo que expresamente figurará no contrato.

#### Artigo 61.- PLURALIDADE DE CONTRATOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NUN INMOBLE

61.1. Estenderase un contrato do servizo de saneamento e depuración por cada vivenda, local ou dependencia independente, aínda que pertencen ao mesmo propietario/a ou arrendatario/a e sexan contiguas.

61.2. Cando corresponda a todo o inmoble un único contrato e non existan contratos individuais para cada vivenda, local ou dependencia, aplicarase sobre ela tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de abono, se sirvan mediante a vertedura xeral e á tarifa máis elevada que corresponda.

61.3. Esta modalidade de contratación será unha excepción para aqueles *abonados* existentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.

#### Artigo 62.- SUBSCRIPCIÓN DO CONTRATO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

62.1. Non se levará a cabo ningunha vertedura sen que o *abonado* subscribira coa *prestadora do servizo* o correspondente contrato do servizo de saneamento e depuración. Unha vez aceptada a súa solicitude, o contrato non se fará efectivo ata que o *abonado* pague os traballos de conexión, a fianza e os dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

62.2. O petionario achegará, xunto coa solicitude de servizo de saneamento e depuración, a documentación que segue:

- Escritura de propiedade, sobre o inmoble para o que se solicita o servizo de saneamento e depuración.
- Documento que acredite a personalidade do contratante.
- En caso de vivenda, licenza de primeira ocupación.
- Se se trata dun local comercial ou dunha industria, a licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda.
- Se se trata dunha obra, a licenza municipal, ou comunicación eficaz segundo proceda.
- Aquela outra documentación que requira o Concello de Ames.

#### Artigo 63.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DO CONTRATO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

63.1. A facultade de conceder a autorización para realizar a vertedura corresponde ao Concello, consonte as normas regulamentarias vixentes.

63.2. O Concello, nos casos que seguen, e previo informe da *prestadora do servizo* poderá denegar a contratación do servizo:

- a. Cando a persoa ou entidade que solicite o servizo se negue a asinar o contrato estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación; cando non presente a documentación preceptiva ou non efectúe os pagamentos correspondentes.
- b. Cando as instalacións interiores non se axusten ás prescricións regulamentarias en vigor no momento do pedimento, coas canalizacións diferenciadas para augas fecais e pluviais.
- c. Cando non dispoña de conexión correcta para a vertedura.
- d. Cando se comprobe que o petionario ten pendente o pagamento dos servizos prestados en virtude doutro contrato de servizos de abastecemento de auga potable, depuración ou saneamento anterior e mentres non satisfaga a débeda.
- e. Cando para o local que se quere sanear exista xa outro contrato anterior e en plena vixencia.
- f. Cando o petionario da vertedura non estea acreditado fidedignamente, non conte coas autorizacións necesarias doutras persoas ou non establecera as servidumes precisas.
- g. Cando exista pendente unha liquidación por fraude.

#### Artigo 64.- SUBROGACIÓN DO CONTRATO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

64.1. Ao falecemento da persoa titular do contrato de servizos, o seu cónxuxe ou parella de feito, descendentes, ascendentes e irmás ou irmáns que convivisen habitualmente na vivenda, cando menos con dous anos de antelación á data do falecemento, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas do contrato. No serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe ou parella de feito.

64.2. No caso de entidades xurídicas, quen se subroge ou substitúa en dereitos e obrigas poderá facer o propio no contrato de servizos, a condición de presentar ante a *prestadora do servizo* todas as autorizacións administrativas necesarias.

64.3. O prazo para subrogarse será de tres meses a partir da data do feito causante.

### CAPÍTULO IX

#### CONDICIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

#### Artigo 65.- SERVICIOS QUE SE VAN DESENVOLVER

65.1. A prestadora do Servizo está facultada para prestación dos seguintes servizos relacionados co saneamento e depuración:

- a) Utilizar a rede pública para a captación e canalización das augas residuais fecais e pluviais ata as estacións de depuración ou as canles públicas.
- b) A execución de instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento e depuración.
- c) A limpeza da rede de saneamento e depuración, levando os residuos ás instalacións previstas e autorizadas para tal fin.
- d) De maneira transitoria, a limpeza, nos supostos en que sexa posible cos medios mecánicos, das fosas sépticas dos abonados ao servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración, mentres a rede de saneamento e depuración non cubra a totalidade do municipio.
- e) O tratamento, cos medios e infraestruturas postos a súa disposición polo Concello ou, se é o caso, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade á súa vertedura nas cales públicas.

**65.2.** Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan a poboación de Ames e a totalidade do seu territorio municipal.

#### **Artigo 66.- OBRIGAS ESPECIFICAS DOS ABONADOS AO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

**66.1.** Con carácter xeral os propietarios dos terreos ou predios teñen a obriga de conectarse á rede de saneamento e depuración cando se encontren a menos de cincuenta metros (50 m.) da rede pública de saneamento medidos de xeito lineal segundo o trazado de canalización prevista.

Para isto, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a súa costa, como norma xeral. As circunstancias singulares de cada caso, como o emprazamento en contrapendente ou a necesidade de dispor elementos especiais, serán obxecto de informe explícito e supervisión por parte do Concello.

**66.2.** Aqueles propietarios que non soliciten a prestación do servizo de saneamento e depuración ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión, entendendo que esta se produce cando o inmovible diste menos de cincuenta metros da rede pública de saneamento, considerando as circunstancias singulares que concorran, teñen a obriga de abonar as taxas que correspondan de acordo coa ordenanza vixente.

#### **Artigo 67.- DEFINICIÓNS**

Para os efectos deste regulamento, entenderase:

- Por verteduras residuais: toda materia residual sólida, líquida ou gasosa, incluídas as augas de refrixeración, resultante dunha actividade manufacturera ou industrial, ou de desenvolvemento, recuperación ou procesamento de recursos naturais.
- Por actividade industrial: calquera establecemento ou instalación que efectúe verteduras industriais ás instalacións de saneamento.
- Por augas residuais: as augas utilizadas que, procedentes de vivendas e instalacións comerciais, industrias, sanitarias, comunitarias ou públicas son admitidas nas instalacións públicas de saneamento. Divídense en dous tipos: augas fecais ou sucias e augas pluviais ou limpas.
- Por augas residuais domésticas: as que están formadas polos restos líquidos procedentes da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias semellantes vertidas a través das instalacións sanitarias das vivendas.
- Por augas residuais fecais industriais: as procedentes das instalacións xa mencionadas e que son debidas aos procesos propios da actividade do establecemento e que implican a presenza de restos, como consecuencia destes.
- Por augas industriais non contaminadas: as procedentes das instalacións xa mencionadas, que foron utilizadas unicamente para refrixeración de máquinas ou que foron depuradas e que cumpren en ambos os casos co presente regulamento.
- Por augas pluviais: as producidas simultaneamente ou inmediatamente a continuación de calquera forma de precipitación natural e como resultado desta.
- Por verteduras perigosas: toda vertedura non fortuíta, voluntaria ou involuntaria, que pola súa negligencia ou mala fe poida ocasionar unha emerxencia real ou potencial ás persoas, instalacións ou á propia canle receptora.
- Por verteduras limitadas: toda vertedura que polo seu potencial contaminador e baixo certas limitacións poida tolerarse nas instalacións municipais e na súa canle receptora.
- Por verteduras permitidas: calquera vertedura tolerable ou inofensiva que teña concedida a correspondente autorización de vertedura.
- Por verteduras prohibidas: aquelas verteduras que pola súa natureza e perigosidade son totalmente inadmisibles nas instalacións de sumidoiros e depuración, ou aquelas que excedan dos parámetros establecidos no presente regulamento.

#### **Artigo 68 .- ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVIZO**

Son elementos materiais do servizo de saneamento e depuración os seguintes:

As acometidas, a rede de saneamento e depuración, as estacións elevadoras, as estacións depuratoras, os pozos de rexistro, os embornais e os tramos artificiais da rede natural de evacuación de augas pluviais.

**a)** Acometida.- É o conxunto de canalizacións e outros elementos que unen a rede de saneamento e depuración coa instalación do inmovible que se pretende sanear.

A acometida constará dos seguintes elementos:

- a.1)** Arqueta de arrinque.- Situada no límite da propiedade, na zona pública, serve de conexión entre a tubaxe de saída de augas residuais da propiedade e a cloaca da acometida.
- a.2)** Cloaca ou albañal.- É o treito de canalización que vai desde a arqueta de arrinque ou límite da propiedade ata a rede de sumidoiros.
- a.3)** Entronque.- É o punto de unión da cloaca da acometida coa rede de saneamento e depuración, que debe ser un pozo de rexistro.
- b)** Rede de saneamento e depuración.- É o conxunto de condutos e instalacións que serven para evacuar as augas residuais e/ou pluviais.
  - b.1.)** Rede primaria.- Son aquelas canalizacións da rede de saneamento e depuración consideradas colectores principais, que enlazan diferentes sectores da zona saneada sen que nelas se poidan realizar acometidas, ou de xeito moi puntual derivacións especiais.
  - b.2.)** Rede secundaria.- Son as tubaxes da rede de saneamento e depuración que corren ao longo dunha vía pública ou privada -naqueles casos nos que non sexa posible o uso da vía pública e sempre e cando se obteña, a través dos medios legalmente establecidos, a titularidade do terreo que se vai ocupar ou da servidume de paso - e das que se derivan, se é o caso, as acometidas para as verteduras e os embornais. A súa definición terá que ser aprobada polo Concello a proposta da *Prestadora do servizo* e dos servizos técnicos municipais.
- c)** Estación elevadora.- É o conxunto de obras e elementos mecánicos que, instalados nunha rede de saneamento serven para forzar a circulación da auga residual.

d) Estación depuradora.- É aquela instalación onde se someten as augas residuais a un tratamento de depuración física, biolóxica ou química, tal que permita a súa posterior reutilización para diversos fins ou a súa reincorporación ao medio natural sen alteralo.

#### Artigo 69 .- ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

**69.1.** Enténdese por acometida de saneamento e depuración a canalización de condución das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende a arqueta situada no bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o pozo de rexistro de saneamento ao que está conectado. Nas instalacións onde puidese faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, nun colector da rede secundaria.

As instalacións que non se axusten a estas normas estarán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do *abonado*. Para os efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento á que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do subscritor serán a cargo deste.

Para os efectos das obrigas da *prestadora do servizo*, esta deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento á que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do *abonado* serán a cargo deste.

**69.2.** As acometidas de saneamento realizaraas exclusivamente o *prestador do servizo*, e comprenden dende a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do *abonado* ata o seu entroncamento no pozo de saneamento ou no colector da rede secundaria. Serán a cargo deste, conforme ao presuposto presentado ao construtor, propietario ou *abonado* interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo Concello.

**69.3.** As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade suporán a realización por parte *prestadora do servizo* dun orzamento que lle será presentado ao *abonado* para proceder ao cambio de acometida. Se o *abonado* non se fixese cargo deste orzamento, a *prestadora do servizo* quedará eximida de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán por conta exclusiva do *abonado*.

#### Artigo 70 .- SOLICITUDE DE ACOMETIDA

**70.1.** A solicitude de acometida á rede de sumidoiros deberá presentarse de forma independente para cada terreo ou predio que legal ou fisicamente constituía unha unidade de edificación. Cada unha desas solicitudes deba cumprir, por separado, as condicións previstas neste regulamento.

**70.2.** Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun único portal ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o Concello ou, se é o caso, a *prestadora do servizo* poderá decidir a conveniencia de realizar unha única acometida así como o lugar en que se ten que situar.

**70.3.** Os locais que estean situados nas plantas inferiores das unidades independentes de edificación, aínda cando non teñan acceso común, deberán verter á correspondente arqueta xeral interior do inmovible.

**70.4.** Nalgúns casos, a xuízo do Concello, previo informe da *prestadora do servizo*, ou como aplicación da norma correspondente, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible poderá solicitar acometidas independentes

**70.5.** A *prestadora do servizo* denegará as solicitudes de acometida á rede municipal de saneamento e depuración cando non se cumpran as condicións sinaladas no artigo 8.7 e informará mensualmente ao Concello:

1) Cando non se presentara algún dos documentos esixidos e mentres non se presenten.

2) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros e non se acredite a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

#### Artigo 71 .-TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES

**71.1.** A solicitude de conexión á rede de saneamento e depuración formularase no impreso normalizado que facilite a entidade *prestadora do servizo*.

**71.2.** Na solicitude de vertedura industrial farase constar, como mínimo e salvo excepcións, o que segue:

1.- Filiación

- Nome, teléfono e enderezo social do/a propietario/a ou titular do establecemento ou actividade.

- Situación e características da instalación ou actividade.

2.- Produción

- Descrición das actividades e procesos xeradores das verteduras.

- Materias primas ou produtos utilizados como tales, indicando as cantidades en unidades usuais.

- Produtos finais e intermedios, se os houbese, consignando as cantidades en unidades así como o ritmo de produción.

3.- Verteduras - Descrición do réxime de vertedura -horario, duración, caudal medio e punta e variacións diarias, mensuais e estacionais, se as houbese-, das súas características e da súa concentración antes de calquera tratamento.

4.- Previsión de tratamento da vertedura.

- Descrición dos sistemas de tratamento previstos e do seu grao de eficacia, así como da composición final das verteduras descargadas cos resultados das análises de posta en marcha que se realizaran.

5.- Planos

- Planos de situación en cartografía oficial municipal á escala axeitada (1:1000) ou (1:2000).

- Planos da rede interior de recollida e instalación de pre-tratamentos.

- Planos detallados das obras de conexión, das arquetas de rexistros e dos dispositivos de seguridade.

6.- Varios.

- Subministración de auga (rede, pozo, etc.)

- Volume de auga consumida polo proceso industrial.

- Dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento susceptibles que verterán na rede de saneamento e depuración.

- Proxecto de medidas preventivas, correctoras, de seguridade e/ou reparadoras para supostos de accidente ou emerxencia nas verteduras.

E, en xeral, todos aqueles datos que a Administración considere necesarios para coñecer todas as circunstancias e elementos involucrados na vertedura de augas residuais.

**71.3.** Na solicitude de vertedura doméstica farase constar, como mínimo:

- O nome do/a solicitante ou a súa razón social, o enderezo e teléfono, o nome do/a futuro *abonado/a*, o enderezo da vertedura e o seu carácter ou as bases para fixalo de acordo coa normativa vixente.

- A solicitude acompañarase dun plano de situación da cartografía municipal oficial á escala axeitada (1:1000) ou (1:2000).

## **Artigo 72 .- APROBACIÓN E DENEGACIÓN DE ACOMETIDAS**

**72.1.** A aprobación ou denegación de toda acometida á rede de saneamento ou ampliación desta corresponderalle ao Concello.

**72.2.** Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable e de vertedura de augas residuais. Tramítanse simultaneamente ambas as dúas solicitudes onde existan ambos os dous servizos.

## **Artigo 73.- DETERMINACIÓN E EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS**

**73.1.** A *prestadora do servizo* informará sobre as características técnicas que deben reunir as acometidas, realizando as que previamente autorice o Concello e nas condicións establecidas por este.

**73.2.** A execución das acometidas será competencia da *prestadora do servizo* que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do *abonado*, xa sexa este o construtor do inmovible ou o propietario do predio. O ramal instalado pasará a ser propiedade municipal e a acometida axustarse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas ordenanzas municipais de edificación, e ao disposto na normativa urbanística aprobada polo Concello. A *prestadora do servizo* non poderá aplicar outros criterios, salvo que, debidamente cubertos, fosen aprobados polo Concello.

**73.3.** Toda acometida á rede de saneamento e depuración deberá dispoñer dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do *abonado*.

**73.4.** Se a *prestadora do servizo* detecta unha acometida que non cumpre os criterios aquí establecidos, as modificacións que sexa necesario facer para axustala ao presente regulamento, serán a conta do/s promotor/es desta.

**73.5.** A limpeza das acometidas de saneamento e depuración será executadas polo *abonado*. No caso de realizala a *prestadora do servizo*, os gastos correrán a cargo do *abonado*.

**73.6.** A *prestadora do servizo* indicará as modificacións que deban efectuarse na rede existente e que tamén satisfará o petionario, logo da conformidade do Concello.

**73.7.** As acometidas á rede de saneamento e depuración que realice a *prestadora do servizo* para os novos usuarios correrán por conta destes e abonaranse á dita entidade unha vez que o Concello aprobe a execución da obra e antes de realizala.

**73.8.** A *prestadora do servizo* confeccionará o orzamento para a execución das obras de acometida consonte o cadro único de prezos vixente aprobado polo Concello. Este orzamento terá carácter definitivo e deberá adaptarse a cada caso concreto, logo de comprobadas as medicións. Non terá carácter definitivo se non se aplican os prezos aprobados ou se a *prestadora do servizo* incorre en falsidade, fraude ou erro na súa confección.

Por este motivo, a *prestadora do servizo* presentará antes do 30 de setembro de cada ano, o cadro de prezos que se vai aplicar durante o seguinte ano para que sexa aprobado polo Concello antes do 31 de decembro.

**73.9.** O cadro de prezos que se aplicará será o vixente no momento de formularse a solicitude de acometida.

**73.10.** A *prestadora do servizo* realizará a acometida no prazo máximo de un mes a partir da notificación da autorización municipal.

**73.11.** Para proceder á execución da acometida do saneamento e depuración, o propietario do inmovible e *abonado* deberá depositar con anterioridade ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, conforme ao cadro de prezos aprobado polo concello, desenvolverá a *prestadora do servizo*.

## **Artigo 74.- MODIFICACIÓN DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN POR VARIACIÓN DAS CONDICIÓNS INICIAIS DE SOLICITUDE**

**74.1.** Cando, con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, incrementa o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varien as condicións de vertedura, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar da *prestadora do servizo* as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación dos contratos do servizo que este incremento orixine. As novas acometidas serán executadas pola *prestadora do servizo* con cargo ao propietario ou *abonado*, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

**74.2.** No caso de que a *prestadora do servizo* descubriese a realización de obras de saneamento e depuración non comunicadas, levantarase acta deste feito e a *prestadora do servizo* proporalle ao Concello a actuación que corresponda.

## **Artigo 75 .- OBRIGATORIEDADE DO SANEAMENTO**

**75.1.** Os edificios existentes ou os que se constrúan con fachada á unha vía na que exista rede de sumidoiros pública deberán verter a esta as súas augas residuais a través da correspondente acometida, sempre que ditas augas reúnan as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento, e, unha vez obtida a preceptiva licenza municipal ou comunicación previa eficaz, segundo proceda, previa á que se lle poderá esixir faga constar a natureza dos efluentes e as medidas de pre-tratamento que sexan esixibles, se é o caso.

**75.2.** Se a edificación tivese fachada a máis dunha vía pública, o propietario poderá escoller o sumidoiro público ao que vai verter as súas augas, salvo que existan razóns técnicas que o impidan.

**75.3.** A obrigatorio de vertedura á rede de sumidoiros pública está regulada na correspondente lexislación autonómica, Lei 9/2002, de 30 de decembro ou normativa que a substitúa, para cada clase de solo.

**75.4.** Cando non exista sumidoiro público fronte ao solar, en solo urbano, o propietario deberá conectar coa rede existente coa execución da extensión que corresponde. Para estes efectos informará a *prestadora do servizo* do punto de entronque que virá reflectido no proxecto correspondente.

**75.5.** Os propietarios daqueles edificios xa construídos na data de entrada en vigor deste regulamento, deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Se tivesen desaugadoiro por medio de pozo negro ou foxa séptica, e sexa tecnicamente posible a súa conexión á rede de sumidoiros, os propietarios están obrigados a enlazar dito desaugue con esta, a través da acometida correspondente, a modificar a rede interior do inmovible para conectala coa referida acometida se fose preciso e a cegar o antigo sistema.

- Se tales edificios tivesen desaugadoiro a ceo aberto, directa ou indirectamente, sen tratamento previo, ou con calquera sistema de tratamento incorrecto que produza unha vertedura anómala, os interesados estarán obrigados a enlazar o dito desaugadoiro coa rede de sumidoiros, salvo que se trate de vivendas unifamiliares en zonas carentes de sumidoiros e noutros casos excepcionais, nos que o Concello poderá autorizar a depuración completa individual das augas residuais ou a vertedura a ceo aberto das augas pluviais, sen prexuízo da obriga de enlazar co sumidoiro público cando se constrúa. Non obstante, rexerá o disposto na normativa do Plan xeral vixente.

**75.6.** Transcorrido o prazo de quince días dende o requirimento que para tal efecto dirixirá a Administración municipal ou a *Prestadora do servizo* ao propietario interesado, sen que este teña eliminado a vertedura anómala, ou solicitado a acometida de desaugadoiro, o Concello ou a *Prestadora do servizo*, procederá á súa construción, con cargo ao interesado, sen prexuízo de aplicación das sancións procedentes ata tanto non modifique a rede interior para o enlace correcto á acometida, independentemente daquelas ás que houbese lugar por vertedura a ceo aberto.

**75.7.** Estas obrigas só serán esixibles no solo de núcleo rural cando na vía pública á que teña fachada a parcela edificada exista sumidoiro público ou cando a houbese a unha distancia inferior a 50 m. (medida na liña da canalización que se vai colocar), sempre que non o impidan as circunstancias singulares como o emprazamento en contrapendente ou a necesidade de dispor elementos especiais. Estas circunstancias singulares serán obxecto de informe e supervisión por parte do Concello segundo prevé o o artigo 66.2 desde regulamento.

## **Artigo 76 .- INSTALACIÓN INTERIOR E BOMBEOS PARTICULARES DE AUGAS RESIDUAIS**

**76.1.** As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa deberan ser completamente estacas

**76.2.** Naqueles casos en que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o/s propietario/os instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública.

## **Artigo 77.- POSTA EN SERVIZO DA ACOMETIDA**

**77.1.** Realizada a acometida, non poderá ser manipulada ata despois da formalización do correspondente contrato de saneamento e depuración que, en todo caso, non se formalizará ata comprobar o correcto estado das instalacións interiores do edificio.

**77.2.** Pasado un ano desde a posta do servizo, se non se formula ningunha reclamación sobre a acometida, entenderase que o propietario do terreo ou predio está conforme coa súa instalación.

## **Artigo 78 .- ACOMETIDAS DE PLUVIAIS**

**78.1.** Nas zonas onde a rede de saneamento sexa separativa -deseñada para o transporte de augas residuais e pluviais independentemente- é obrigatorio realizar unha acometida pola que evacuar exclusivamente as augas da choiva independente da acometida de residuais.

**78.2.** Independentemente da existencia ou non de rede separativa, as novas edificacións deberán contar con acometidas separadas para fecais e pluviais respectivamente.

**78.3.** O disposto no parágrafo anterior será igualmente esixible en aquelas edificacións existentes que sexan obxecto de obras de reconstrución, rehabilitación, consolidación e gran reparación.

## **Artigo 79 .- CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS**

A vixilancia, conservación e reparación das acometidas será sempre competencia exclusiva da *prestadora do servizo* que realizará os traballos correspondentes ao seu cargo.

## **Artigo 80 .- AMPLIACIÓN DE ACOMETIDAS**

No caso de que un terreo ou predio, despois de realizada a acometida, aumente o número de servizos ou amplíe o número de vivendas e as instalacións existentes sexan insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitarase á *prestadora do servizo* a substitución da acometida por outra axeitada. Os gastos que teñan que facerse en virtude da demanda correrán por conta do/s *abonado/s*.

## **Artigo 81 .- ACOMETIDA EN DESUSO**

Finalizado ou rescindido o contrato de vertedura, o ramal de acometida queda a libre disposición do seu titular, pero, se este, dentro dos vinte días seguintes, non lle comunica fidedignamente á *prestadora do servizo* a súa intención de que se retire da vía pública, consignando para tal efecto na caixa desta entidade o importe dos gastos que ocasione a operación, entenderase que se desinteresa do ramal de acometida en desuso e que a *prestadora do servizo* pode tomar as medidas que considere oportunas de conformidade co Concello.

## **Artigo 82 .- PEQUENAS AMPLIACIÓNS E MELLORAS NA REDE**

**82.1.** Para os efectos deste regulamento, considérase a necesidade de realizar pequenas ampliacións e melloras na rede de sumidoiros existente, nos seguintes casos:

- Cando, existindo redes secundarias de sumidoiros nalgún terreo público lindeiro co inmovible, o novo enganche represente un aumento apreciable de caudal no saneamento.

- Cando a distancia ata o punto de conexión sexa superior a 20 m.
- Cando non exista rede na marxe do inmovible.
- Cando, aínda existindo rede, esta se poida catalogar como primaria.

**82.2.** Nos casos de vías en solo urbano con servizo defectuoso, deficiente ou incompleto que non permita satisfacer un servizo axeitado se se aumentan as verteduras, redactarase e someterase a aprobación municipal o correspondente proxecto de obras de urbanización que faga posible un servizo de saneamento axeitado.

**82.3.** O Concello deberá coordinar a implantación e mellora do servizo de saneamento e depuración con outros servizos urbanísticos a levar a cabo na mesma vía, especialmente pavimentación e encintado de beirarrúas baixo as que teña que implantarse, co fin de evitar levantamentos, roturas e reposicións de pavimento innecesarios.

**82.4.** Cando cumpra efectuar unha prolongación da rede xeral para executar unha acometida, correrán por conta do *abonado* a totalidade dos gastos que se orixinen. Estes gastos faranse constar no orzamento que se confeccione. Ao finalizar a execución das obras, a acometida pasará a ser propiedade municipal, unha vez comprobada a súa correcta execución segundo o indicado no punto 82.6.

**82.5.** A execución dos entronques coa rede de saneamento e as acometidas serán competencia exclusiva da *prestadora do servizo*.

**82.6.** A execución das obras de ampliación cumprirá coas condicións e especificacións técnicas e sanitarias regulamentarias e garantirá a dirección, vixilancia e control na súa execución que será supervisada, antes da súa recepción, pola *Prestadora do Servizo*.

**82.7.** As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público, ou excepcionalmente dispor da servidume de paso necesaria para o mantemento que non se poderá obstaculizar e que terá unha anchura continua de tres metros.

**82.8.** Nos casos en que o solicitante da prolongación da rede non sexa propietario dos terreos polos que ten que discorrer e se non existe outra alternativa, terá que acordar co propietario a adquisición do terreo necesario ou constituír unha servidume de acueduto.

**82.9.** Dada a propiedade municipal das ampliacións da rede de saneamento e depuración, a *prestadora do servizo* ten plena liberdade para conectar a estas instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

### Artigo 83.- COLECTORES EN PROPIEDADES PARTICULARES

A *prestadora do servizo* non asume responsabilidade ningunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorran por terreos excluídos do viario público, se non dispón de acceso expedito segundo o sinalado.

### Artículo 84 -URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS

**84.1.** Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e destas coa zona urbanizada da contorna urbana.

**84.2.** As instalacións da rede de saneamento (fecais e pluviais) e depuración do polígono ou urbanización anteriormente definidos ou para solares ou inmovibles situados naquel, que posteriormente lle poida afectar á aceptación da propiedade das instalacións por parte do Concello para a súa adscrición á rede xeral do servizo saneamento e depuración, serán executadas polo promotor ou propietario e ao seu cargo, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello previo informe da *prestadora do servizo*. A execución das obras necesarias para os novos servizos contarán coa previa tramitación administrativa que corresponda.

**84.3.** O permiso de conexión de saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmovibles situados nel, estará supeditado ao cumprimento previo das seguintes condicións:

a) As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto saneamento e depuración a ditas urbanizacións ou polígonos, responderán a esquemas aprobados polo Concello, previo informe da *prestadora do servizo*, e deberán definirse e dimensionarse en proxecto redactado polo técnico competente, e aprobado polo Concello, previo informe da *prestadora do servizo* no que propondrá as probas que se deban realizar no transcurso das obras e antes da recepción con suxeición aos regulamentos e normas técnicas de aplicación. Estas probas terán que ser executadas por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que convenientemente autorizadas polo Concello previo informe da *prestadora do servizo* se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse igualmente na súa totalidade por conta e cargo do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.

**84.4.** A *prestadora do servizo* terá acceso á execución e inspección das obras no seu transcurso, informará e poderá propor a consideración as probas para a idoneidade da execución das instalacións e ao seu remate informará, á vista dos resultados das probas de calidade previstas no proxecto tramitado e de todas as executadas no desenvolvemento das obras e das esixidas polo Concello previas á recepción co obxecto de garantir o cumprimento das especificacións de calidade nos materiais previstos e a correcta execución das obras.

**84.5.** Os enlaces ou acometidas das redes interiores da urbanización ou polígono, coas conducións da rede xeral baixo dominio da *prestadora do servizo*, así como as modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse nestas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitados no proxecto previo, supervisados pola *prestadora do servizo* e a cargo do promotor ou propietario da urbanización, consonte ao cadro de prezos aprobado polo Concello.

**84.6.** Unha vez rematadas as instalacións das redes interiores da urbanización ou polígono, con carácter previo á recepción tramitada polos servizos técnicos de urbanismo, serán verificadas e informadas pola *prestadora do servizo*, asumindo a xestión e mantemento unha vez que, recibidas polo Concello, este lle comunique a súa adscrición ao servizo.

### Artigo 85.- CONDICIÓN DA REDE DE SANEAMENTO

**85.1.-** O saneamento será separativo con carácter xeral, co obxecto de non levar augas limpas á depuración e de conducir as augas residuais ás instalacións de depuración completa antes de vertelas ás canles públicas naturais ás que, en cambio, desaugarán directamente e pola superficie do terreo ou á rede de pluviais as augas de choiva. Atenderase ao regulamento marco e con carácter xeral as "Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia" ou (<http://augasdegalicia.xunta.es/es/TOHG.htm>) elaboradas por Augas de Galicia, ou normativa que as substitúa.

**85.2.-** As seccións mínimas dos tubos para a rede serán de trinta (30) centímetros de diámetro con carácter xeral, cun mínimo de 25 cm para que sexa viable a supervisión con cámara, aplicable tamén para os desaugadoiros dos sumidoiros e executaranse preferiblemente en PVC liso. As acometidas domiciliarias disporán dun diámetro mínimo de 20 cm, que se reduce a 16 cm para vivendas unifamiliares. As velocidades máximas de tres (3) metros por segundo cando os condutos sexan de cemento centrifugado e vibrado (material que se reserva para augas pluviais). Poderán aumentarse a valores maiores en tubos de materiais que o posibiliten pola dureza do seu revestimento, nos casos en que isto sexa preciso.

**85.3.-** As pendentes mínimas nos ramais iniciais serán do un por cento (1%) e nos demais determinaranse de acordo cos caudais para que as velocidades mínimas do efluente non descendan de cero con cinco (0,5) metros por segundo para evitar sedimentos, e a velocidade máxima admisible de 3 m/sg, para evitar erosión nos tubos. En todo caso, o proxecto requirido reflectirá os perfís lonxitudinais coas pendentes que correspondan.

**85.4.** As conducións serán subterráneas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos públicos libres. Salvo imposibilidade técnica, o recubrimento mínimo do tubo, medido desde a súa xeratriz superior, será de 1,20 m, e preferiblemente de 1,50 m. En todo caso deberá situarse a nivel inferior ás conducións de abastecemento circundante. De discorrer preto, en paralelo, as canalizacións do sistema separativo a de fecais disporase a cota inferior.

**85.5.** As obras especiais de aliviadoiros ou sifóns disporán de pozos de limpeza á entrada e saída da obra especial correspondente.

**85.6.** Disporanse de pozos de rexistro cada 50 m como máximo, en todos os cambios de alifación e rasante así como nas cabeceiras.

**85.7.** Cando as augas de choiva se evacúen pola rede de sumidoiros disporanse sumidoiros cada 40 m como máximo e cunha afección de cada 400m<sup>2</sup>, en todos os cruces das rúas.

**85.8.** As xuntas serán estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións rixidas, salvo que se xustifique mediante un tratamento axeitado a súa impermeabilidade. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos e deberán tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

**85.9.** Toda a rede de saneamento e depuración que se proxecte en solo urbano ou urbanizable acometerá a rede municipal. Dita conexión resolverase nun pozo de rexistro. Así mesmo, a conexión ao saneamento das acometidas domiciliarias e dos desaugadoiros de saneamento e depuración farase tamén mediante arquetas de rexistro.

#### **Artigo 86.- EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS INTERIORES**

**86.1.-** As instalacións interiores serán executadas por un instalador autorizado polo organismo que corresponda e cumprirán as normas vixentes no momento da contratación. No inicio da instalación interior do edificio ou propiedade disporase nun lugar accesible, como mínimo, dúas arquetas rexistrables; unha para augas residuais e outra para pluviais.

**86.2.-** O *abonado* do servizo da rede de saneamento estará obrigado a comunicarlle á *prestadora do servizo* calquera modificación que realicen na disposición, ou características das súas instalacións interiores.

**86.3.** Cando a acometida de saneamento non teña acceso, mediante unha arqueta, será obriga do *abonado* a súa execución en caso de ter que proceder á súa limpeza.

#### **Artigo 87 .- INSPECCIÓN DA INSTALACIÓN INTERIOR**

A instalación interior executada polo propietario e/ou usuario estará sometida á comprobación do Concello previo informe da *prestadora do servizo* e á superior dos organismos competentes da Administración, cando proceda, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e cumprindo as prescricións deste regulamento e demais disposicións aplicables.

Se a instalación interior non se axusta ao indicado no parágrafo anterior, non se permitirá vertedura e adoptaranse as medidas pertinentes.

#### **Artigo 88 .- MATERIAIS DA INSTALACIÓN INTERIOR**

Non se imporá ao *abonado* a obriga de adquirir o material para a súa instalación interior nin nos almacéns da *prestadora do servizo* nin noutro determinado, e só se lle esixirá que se axuste ao que dispoñan as normas para as instalacións interiores de saneamento no momento da contratación.

#### **Artigo 89.- PROHIBICIÓNS DE MESTURAR VERTEDEURAS DE DIFERENTES PROCEDENCIAS**

Aínda cando a rede de saneamento e depuración sexa de sistema unitario -deseñado para o transporte das augas residuais e pluviais conxuntamente- as instalacións interiores executaranse de tal forma que as verteduras se realicen de forma independente ás arquetas respectivas segundo a súa procedencia, é dicir, separando as augas pluviais das augas residuais domésticas ou das augas residuais industriais.

#### **Artigo 90 .- MEDICIÓN DE CAUDAIS**

**90.1.** A medición de caudais de vertedura realizarase como norma xeral de maneira indirecta, en función da cantidade de auga potable utilizada polo usuario, medida en m<sup>3</sup>.

**90.2.** De forma excepcional, cando o *abonado* non dispoña do servizo de abastecemento de auga potable pero si efectúe verteduras á rede municipal de saneamento e depuración, o seu caudal determinarase da forma prevista na ordenanza fiscal correspondente.

#### **Artigo 91 .- GARANTÍA DE ALTURA E CAUDAL**

A *prestadora do servizo* está obrigada a tomar todas as medidas posibles para garantir a vertedura a altura da rasante da vía pola que o inmovible teña a súa entrada. Cando as condicións técnicas da vertedura (altura e/ou caudal) sexan insuficientes para as necesidades desta, o *abonado* deberá realizar pola súa conta as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para iso os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes.

#### **Artigo 92 .- CONTROL DE CAUDAIS**

**92.1.** Os caudais punta de vertedura á rede non poderán exceder do quintuplo (5 veces), nun intervalo de quince (15) minutos ou de dúas veces e media (2,5) nunha hora, do valor medio por día.

**92.2.** Deberá controlarse especialmente o caudal e a calidade do afluente en caso de limpeza ou baleirado dos tanques, peche por vacacións ou circunstancias análogas.



### Artigo 93 .- CARÁCTER DA VERTEDEURA

O carácter do vertedura tipificarase en:

**a) Augas pluviais.-** Augas resultantes da escorrentía de precipitacións atmosféricas ou procedentes de mananciais.

**b) Augas residuais domésticas.-** As que están formadas polos restos líquidos da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias similares producidas nas instalacións sanitarias das vivendas ou nas instalacións comerciais, industriais, sanitarias, comunitarias ou públicas.

**c) Augas residuais industriais.-** As que conteñen os restos dos procesos e actividades das instalacións xa mencionadas e que non son augas residuais domésticas.

### Artigo 94 .- CONTROL DE CONTAMINACIÓN DE ORIXE

A regulación da contaminación en orixe, mediante prohibicións ou limitacións nas descargas de verteduras, establécense coas seguintes finalidades:

1º) Protexer a conca receptora, eliminando calquera efecto tóxico, crónico ou agudo, tanto para as persoas como para os recursos naturais e preservando a calidade do medio receptor tendo en conta os tipos de depuración.

2º) Salvagardar a integridade e seguridade de persoas e instalacións da *prestadora do servizo*.

3º) Previr toda anomalía nos procesos de depuración utilizados.

### Artigo 95.- VERTEDEURAS PROHIBIDAS

Segundo o establecido no Anexo I do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, establécense como verteduras prohibidas as seguintes:

**a)** Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.

**b)** Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles o inflamables.

**c)** Aceites e graxas flotantes sólidas o semisólidas.

**d)** Substancias sólidas potencialmente perigosas.

**e)** Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.

**f)** Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras poidan ocasionar:

1) Calquera tipo de molestia pública.

2) A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.

3) A creación de atmosferas molestas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.

4) A coloración das augas residuais de tal modo que non se poida eliminar con ningún dos procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras.

**g)** Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar o persoal encargado da súa limpeza ou conservación.

**h)** Residuos de natureza radioactiva.

**i)** Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.

**j)** As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento orixinen concentracións de gases nocivos na atmosfera ou na rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:

- Dióxido de carbono: 15000 ppm

- Dióxido de xofre: 5 ppm

- Monóxido de carbono: 25 ppm

- Cloro: 1 ppm

- Ácido Sulfhídrico: 10 ppm

- Ácido cianhídrico: 4,5 ppm

**k)** Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.

**l)** Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.

**m)** Residuos de orixe pecuniaria.

Aplicaranse os límites máis restritivos do PXOM vixente no ámbito de aplicación, establecidos no artigo 9.5.4. (C.2. Art.59)

### Artigo 96.- VERTEDEURAS LIMITADAS

Segundo o establecido no Anexo II do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, establécense como verteduras prohibidas as seguintes:

Parámetro

Valor límite

Unidades

|                                       |                               |               |
|---------------------------------------|-------------------------------|---------------|
| Ph                                    | 5,5 - 9                       |               |
| 1,2 Dicloroetano                      | 0,40                          | mg/l          |
| Aceites e graxas                      | 100,00                        | mg/l          |
| Aldehídos                             | 2,00                          | mg/l          |
| Aluminio                              | 10                            | mg/l          |
| Amoníaco                              | 30,00                         | mg/l          |
| AOX (1)                               | 2,00                          | mg/l          |
| Arsénico                              | 1,00                          | mg/l          |
| Bario                                 | 10,00                         | mg/l          |
| Boro                                  | 3,00                          | mg/l          |
| BTEX (2)                              | 5,00                          | mg/l          |
| Cadmio                                | 0,10                          | mg/l          |
| Chumbo                                | 1,00                          | mg/l          |
| Cianhídrico                           | 10,00                         | cc/m3 de aire |
| Cianuro                               | 0,50                          | mg/l          |
| Cianuro disolto                       | 1,00                          | mg/l          |
| Cloro                                 | 1,00                          | cc/m3 de aire |
| Cloruros                              | 2.000,00                      | mg/l          |
| Cobre                                 | 3,00                          | mg/l          |
| Condutividade eléctrica (25° C)       | 5.000,00                      | µS/cm         |
| Color                                 | Inapreciable en dilución 1/30 |               |
| Cromo hexavalente                     | 0,5                           | mg/l          |
| Cromo total                           | 2,00                          | mg/l          |
| DBO5                                  | 500,00                        | mg/l          |
| DQO                                   | 1.000,00                      | mg/l          |
| Dióxido de xofre                      | 15,00                         | mg/l          |
| Estaño                                | 3,00                          | mg/l          |
| Fenois totais                         | 1,00                          | mg/l          |
| Ferro                                 | 10,00                         | mg/l          |
| Fluoruros                             | 10,00                         | mg/l          |
| Fosfatos                              | 60,00                         | mg/l          |
| Fósforo total                         | 40,00                         | mg/l          |
| Hidrocarburos                         | 15,00                         | mg/l          |
| Hidrocarburos aromáticos policíclicos | 0,20                          | mg/l          |
| Manganeso                             | 5,00                          | mg/l          |
| Materias inhibidoras                  | 20,00                         | equitox       |
| Mercurio                              | 0,01                          | mg/l          |
| Níquel                                | 2,00                          | mg/l          |
| Nitratos                              | 50,00                         | mg/l          |
| Nitróxeno amoniacal                   | 30,00                         | mg/l          |
| Nitróxeno total Kjeldahl              | 40,00                         | mg/l          |
| Nonilfenol                            | 1,00                          | mg/l          |
| Percloroetileno                       | 0,40                          | mg/l          |
| Pesticidas                            | 0,10                          | mg/l          |
| Praguicidas totais                    | 0,10                          | mg/l          |
| Selenio                               | 0,50                          | mg/l          |
| Sólidos en suspensión                 | 500,00                        | mg/l          |
| Sulfatos                              | 400,00                        | mg/l          |
| Sulfhídrico                           | 20,00                         | cc/m3 de aire |
| Sulfuros disoltos                     | 0,30                          | mg/l          |
| Sulfuros totais                       | 1,00                          | mg/l          |
| Temperatura                           | 30,00                         | °C            |
| Tensioactivos aniónicos (3)           | 6,00                          | mg/l LSS      |
| Triacinas totais                      | 0,30                          | mg/l          |
| Tributilestaño                        | 0,10                          | mg/l          |
| Triclorobenceno                       | 0,20                          | mg/l          |
| Cinc                                  | 2,00                          | mg/l          |

Aplicaranse os límites máis restritivos do PXOM vixente no ámbito de aplicación, establecidos no artigo 9.5.4. (C.2. Art.59).

#### Artigo 97.- INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO

97.1. Cando se esixa unha determinada instalación de pretratamento das verteduras, o *abonado* deberá presentar o proxecto desta para a súa revisión e aprobación previa, sen que se poidan alterar posteriormente as especificacións alí recollidas.

**97.2.** O *abonado* queda obrigado a construír, explotar e manter pola súa conta todas aquelas instalacións de pretratamento que sexan necesarias. Todas as industrias, calquera que sexa a súa actividade, que estean autorizadas para verter, mesmo aquelas que realizan pretratamento, deberán colocar unha reixa de desbase de 50 mm antes da vertedura á rede de saneamento e depuración.

#### Artigo 98 .- SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

**98.1.** Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do *abonado*, se produza ou exista risco inminente de producirse unha vertedura inusual á rede de saneamento e depuración que sexa potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben para a propia rede.

**98.2.** Ante unha situación de emerxencia ou perigo, o *abonado* deberá comunicar urxentemente á *prestadora do servizo* a situación producida co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos que puidesen provocarse, e poñelo en coñecemento do Concello coa maior brevidade posible.

**98.3.** O *abonado* deberá tamén, e coa maior brevidade, usar todas aquelas medidas de que dispoña co fin de conseguir que a cantidade de produtos vertidos sexa a mínima posible e reducir ao máximo a súa perigosidade.

**98.4.** No prazo máximo de 7 días, a persoa interesada deberá remitirle ao Concello un informe detallado do sucedido. Deberán figurar nel, como mínimo, os seguintes datos: nome e identificación da empresa, situación da mesma, caudal, materias vertidas, causa do accidente, hora en que se produciu, correccións efectuadas in situ, hora e forma en que se comunicou a incidencia á entidade xestora e, en xeral, todos aqueles datos que lles permitan aos servizos técnicos interpretar correctamente o imprevisto e valorar adecuadamente as consecuencias.

**98.5.** O Concello facilitarlles aos *abonados* un modelo das instrucións a seguir nunha situación de emerxencia ou perigo. Neste modelo figurarán os números de teléfono aos que o *abonado* pode comunicar a emerxencia. En primeiro lugar, aparecerá o número da estación depuradora que recibe o efluente anómalo. No suposto de non poder comunicar coa dita estación, recorrerase aos seguintes teléfonos na orde que se indique. Establecida a pertinente comunicación, o *abonado* deberá indicar o tipo e a cantidade dos produtos que se verteron na rede.

**98.6.** Nas instrucións incluíranse as medidas que o propio *abonado* debe tomar para contrarrestar ou reducir ao mínimo os efectos nocivos que puidesen producirse. Nestas instrucións particulares de cada *abonado* figurarán os accidentes máis perigosos que poidan producirse en función das características dos seus propios procesos industriais.

**98.7.** As instrucións redactaranse de xeito que sexan facilmente comprensibles e situaranse en todos os puntos estratéxicos e especialmente nos lugares en que os operarios deban actuar para levar a cabo as medidas correctoras.

**98.8.** A necesidade de que un *abonado* dispoña das instrucións de emerxencia quedará fixada na autorización da vertedura á rede ou nunha resolución posterior. Na mesma autorización ou resolución establecerase tamén o texto das instrucións e os lugares mínimos en que debe colocarse. A *prestadora do servizo* poderán inspeccionar en todo momento se se cumpren estas condicións.

#### Artigo 99 .- INSPECCIÓN E VIXILANCIA

**99.1.** Co fin de poder realizar o seu cometido -conservación, medida, toma de mostras, exame de verteduras, etc.- e cumprir o establecido neste regulamento, o persoal da *prestadora do servizo* debidamente acreditado terá libre acceso aos locais en que se produzan verteduras á rede de saneamento e depuración. A inspección non poderá, non obstante, investigar os procesos de fabricación, salvo aqueles particulares que teñan unha relación directa co tipo e causa da vertedura na rede ou co seu sistema de tratamento.

**99.2.** A propia inspección poderá tamén acceder a aquelas propiedades privadas sobre as que o Concello mantéña algunha servidume de paso de augas co fin de levar a cabo os servizos de inspección, reparación, limpeza e mantemento de calquera parte da instalación da rede que estea situada dentro dos límites da dita servidume. Os propietarios dos predios manterán sempre expedita a entrada aos puntos de acceso á rede de saneamento e depuración.

**99.3.** En todos os actos de inspección, o persoal encargado desta deberá ir provisto e exhibir os documentos que o acrediten para a práctica de tales actos.

**99.4.** O titular da instalación que xera verteduras potencialmente contaminantes, diante do persoal facultativo acreditado pola administración, estará obrigado a:

a) Facilitarlle, sen necesidade de comunicación previa, o acceso a aquelas partes das instalacións que consideren necesarias para o cumprimento da súa misión.

b) Facilitar a montaxe dos equipos ou instrumentos que se precisen para realizar as medidas determinantes, os ensaios e as comprobacións necesarias.

c) Permitir a utilización dos instrumentos que a empresa utilice con fins de autocontrol, en especial os que se empregan para o aforamento de caudais e a toma de mostras, co fin de realizar as análises e comprobacións.

d) Facilitar cantos datos se requiran para o exercicio e cumprimento das funcións de inspección.

**99.5.** O resultado da inspección farase constar na acta, redactada por triplicado e na que se incluírán os datos que seguen:

- A identificación do *abonado*.

- As operacións e controis realizados.

- O resultado das medicións e da toma de mostras.

- Calquera outro feito que as dúas partes consideren oportuno.

Antes de que un *abonado* ou un grupo de *abonados* establezan unha planta de tratamento para non exceder os límites fixados para a vertedura de augas á rede de saneamento e depuración farase unha inspección co fin de autorizar definitivamente as verteduras.

#### Artigo 100 .- CONTINUIDADE DO SERVIZO

Salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, a *prestadora do servizo* ten a obriga de manter permanentemente o servizo, cando non conste o contrario no contrato de servizos de saneamento e depuración, nas condicións indicadas no artigo anterior.

#### **Artigo 101 .- SUSPENSIÓNS TEMPORAIS**

A *prestadora do servizo* poderán suspender previa comunicación ao Concello, ou antes no caso de emerxencia cando:

- a) Sexa imprescindible para o mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.
- b) No suposto de vertedura contaminante que implique un risco inminente para a saúde da poboación ou do funcionamento das instalacións de depuración ou persoal de mantemento do servizo.

### **CAPÍTULO X.-**

#### **CONSUMOS, FACTURACIÓNS E RÉXIME TARIFARIO**

#### **Artigo 102 .- DETERMINACIÓN DOS CONSUMOS FACTURABLES**

**102.1.** A *prestadora do servizo*, consonte este regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente ampare, non poderá cobrarlles aos *abonados* do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración por outros conceptos distintos dos especificados nas ordenanzas fiscais e normas reguladoras do servizo.

**102.2.** Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada *abonado* que servirán de base para a facturación, concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

**102.3.** Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase consonte ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir, liquidarase as facturacións segundo a media aritmética dos seis meses anteriores.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para poder obter a media á que se alude no antedito parágrafo, os consumos determinarase baseándose na media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos precedentes.

#### **Artigo 103 .- OBXECTO E PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN**

**103.1.** Para os efectos deste regulamento entenderase por sistema tarifario aquel conxunto de conceptos, dos relacionados no artigo anterior que forman o prezo total que o *abonado* debe pagar, en orde á consecución e mantemento do equilibrio económico e financeiro da *prestadora do servizo*.

**103.2.** As cantidades a facturar pola *prestadora do servizo* polos conceptos que procedan en función da modalidade da subministración e dos consumos facturables calcularanse aplicando as tarifas vixentes en cada momento.

**103.3.** Os consumos facturaranse por períodos de subministración vencidos. O primeiro período calcularase desde a data de posta en servizo da instalación.

**103.4.** Os impostos que recaian sobre o prezo final do servizo non constitúen un elemento máis do sistema.

#### **Artigo 104 .- TARIFAS**

Os tipos tarifarios de aplicación a cada un dos conceptos que conforman o prezo total que teña que pagar o cliente serán os establecidos en cada momento polo réxime de tarifas que sexa legalmente de aplicación.

O réxime de tarifas poderá variarlo o Concello despois de efectuar os trámites legais necesarios.

O réxime de tarifas aplicable será o que estea en vigor en cada momento de facturación.

#### **Artigo 105.- RECIBOS**

**105.1.** Os recibos dos importes do Servizo de Abastecemento de Auga Potable prestado confeccionaranse periodicamente, e incluíranse neles os impostos e taxas que poidan corresponder. Confeccionarase un recibo por cada *abonado*, independentemente de que fixeran ou non uso do servizo.

**105.2.** A *prestadora do servizo* especificará nos seus recibos ou facturas a desagregación do sistema tarifario aplicable, fixando claramente todos e cada un dos conceptos de facturación.

Nas facturas ou recibos emitidos deberán constar, ademais, os datos identificativos do *abonado* e domicilio do servizo de subministración de auga potable, saneamento e/ou depuración, lecturas de contador, importe dos servizos e tributos que se repercutan, domicilio e prazo de pagamento, e datos da *prestadora do servizo* a onde dirixirse para solicitar información ou efectuar reclamacións, e outros que a xuízo da Prestadora fosen convenientes para a súa mellor comprensión por parte do *abonado*.

**105.3.** Os impostos, taxas, arbitaxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse por parte do Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración pública, que graven de algunha maneira, ben o servizo en si, ben a documentación que sexa necesaria para formalizar o contrato de servizos regulados na presente norma, así como calquera outra circunstancia relacionada con estes, serán por conta do *abonado*.

#### **Artigo 106 .- COBRO DE SERVIZOS ESPECIFICOS**

**106.1.** Realizaranse servizos específicos en caso de que os *abonados* de abastecemento de auga potable, saneamento e/ou depuración precisen a prestación dun servizo individualizado, diferenciado dos que, en función do presente regulamento ten obriga de prestar a *prestadora do servizo*.

**106.2.** A solicitude deste tipo de servizo deberá presentala o *abonado* ante o Concello, que decidirá sobre a concesión de acordo co informe da *prestadora do servizo*. Logo de aceptados e asumidos os custos dos servizos concertados, poderán repercutirse nos recibos de consumo con carácter xeral para todos os *abonados beneficiados*.

#### **Artigo 107.- DEREITOS DE ACOMETIDA E CONTRATACIÓN**

A *prestadora do servizo* poderá cobrar os dereitos de acometida e cota de contratación nunha cantidade fixa que deben pagar os solicitantes da acometida para a súa execución, e que constitúen conceptos independentes dos ingresos periódicos do abastecemento de auga, saneamento e depuración.

#### Artigo 108.- FORMA DE PAGAMENTO DOS RECIBOS

**108.1.** O *abonado* poderá efectuar o pagamento dos importes facturados pola *prestadora do servizo*, por calquera concepto, en caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas pola *prestadora do servizo*, ou ben a través da conta do *abonado* na entidade bancaria ou caixa de aforros que para o efecto sinale.

**108.2.** O aboamento dos recibos periódicos do servizo efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria.

#### Artigo 109 .- VÍA DE CONSTRINXIMENTO

Os recibos impagados, unha vez transcorrido o prazo de pagamento voluntario, serán obxecto de constrinximento, tal como dispón a lexislación tributaria que resulte de aplicación.

A Tesourería municipal será o órgano competente para constrinxir as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario.

#### Artigo 110 .- RECLAMACIÓNS

**110.1.** O *abonado* poderá obter da *prestadora do servizo* calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos e tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada cos servizos aquí regulados que se xerase no período dun ano anterior á data de presentación do pedimento correspondente.

**110.2.** Cando o *abonado* presente unha reclamación para a devolución de ingresos que considere indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos que reclama e os fundamentos da reclamación e achegará, con esta, os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que para o caso corresponda.

A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que o provoque.

**110.3.** A *prestadora do servizo* deberá levar un Libro de Reclamacións, debidamente dilixenciado polo Concello, que estará a disposición dos *abonados*.

**110.4.** As reclamacións que se formulen por danos e perdas causados pola *prestadora do servizo* rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a súa natureza e o seu carácter contractual ou extracontractual.

#### Artigo 111 .- CONSUMOS PÚBLICOS

Os consumos para usos públicos (edificios, xardíns, fontes, baldeos de rúas, etc.) dependentes do Concello, serán medidos por contador, ou, se é o caso, aforados coa maior exactitude posible.

### CAPÍTULO XI

#### FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE.

#### Artigo 112 .- INSPECCIÓN DA UTILIZACIÓN

**112.1.** A *prestadora do servizo* está autorizada a vixiar as condicións e forma en que os abonados utilizan o servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración.

**112.2.** A actuación do persoal inspector acreditado pola *prestadora* reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e no que quedarán reflectidos o nome e domicilio do servizo do *abonado* inspeccionado, día e hora da inspección, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ao *abonado* ou á persoa que o represente.

**112.3.** As persoas inspectoras deberán convidar ao *abonado*, persoal dependente deste, ou calquera outra persoa a que presencie a inspección a asinara acta. O *abonado* poderá facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime oportunas. A negativa a facelo non lle afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O *abonado* poderá dirixirse, posteriormente, á *prestadora do servizo*, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas.

**112.4.** Cando o persoal da *prestadora do servizo* encontre derivacións nas súas redes con utilización sen convenio ningún, é dicir, realizadas clandestinamente, o persoal da *prestadora do servizo* poderá efectuar o corte inmediato da subministración en tales derivacións.

#### Artigo 113.- FRAUDES NA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AGUA

A *prestadora do servizo* formulará a liquidación da fraude. Distinguiranse, para os efectos da consideración e as responsabilidades da fraude, os seguintes casos:

- a) Utilizar auga do servizo sen subscribir contrato de aboamento.
- b) Executar acometidas sen cumprir previamente os requisitos previstos neste regulamento.
- c) Falsear a declaración de uso da subministración, inducendo á *prestadora* a facturar menor cantidade da que deba satisfacer pola subministración.
- d) Modificar ou ampliar os usos a que se destina a auga, especificados no contrato de subministración.
- e) Levantar os contadores instalados sen autorización da *prestadora*; romper os precintos, o cristal ou a esfera destes; desnivelalos, interrompelos ou paralos e, en xeral, toda acción que tenda a desfigurar a indicación destes aparellos e a prexudicar, polo tanto, os intereses do servizo.
- f) Establecer ou permitir ramais, derivacións ou enxertos que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga por parte da persoa interesada ou por terceiros.
- g) Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización.

h) Revender a auga obtida do servizo por contrato de subministración ou subministrar auga a vivendas que carezan do servizo aínda que non constituía revenda.

#### Artigo 114.- ACTUACIÓN POR FRAUDE NO ABASTECIMENTO DE AUGA

114.1. A prestadora do servizo, á vista da acta redactada, requirirá á persoa propietaria da instalación para que corrixa as deficiencias observadas nela, co apercibimento de que de non levalo a efecto no prazo de dez días hábiles, aplicarase o procedemento de suspensión de corte.

114.2. Cando o persoal da prestadora do servizo encontre derivacións nas súas redes con utilización de subministración sen convenio ningún de subministración, é dicir, realizadas clandestinamente, poderá efectuar o corte inmediato da subministración en tales derivacións.

#### Artigo 115.- LIQUIDACIÓN DA FRAUDE

115.1. A prestadora do servizo formulará a liquidación da fraude, considerando como tal os seguintes casos:

- a) Que non existise contrato ningún para a subministración de auga.
- b) Que, por calquera procedemento, fose manipulado ou alterado o rexistro do contador ou equipo de medida.
- c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanentes ou circunstanciais, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga potable para usos distintos dos contratados, afectándolle á facturación dos consumos segundo a tarifa que se lle aplique.

115.2. A prestadora do servizo practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

1.- Formularase unha liquidación por fraude, que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente lle correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das anteditas instalacións e o momento no que teña reparado a existencia da fraude detectada.

2.- De falseárense as indicacións do contador ou aparello de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal deste, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do nominal. Neste caso, computarase o tempo a considerar en tres horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, descontando os consumos que durante ese período de tempo fosen aboados polo autor ou autora da fraude.

3.- Se a fraude se efectuase derivando o caudal antes do aparello contador, liquidarase coma no caso primeiro, de non existir contrato de subministración, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

4.- Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor da prestadora do servizo, aplicándolle ao consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período lle correspondese ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaron baseándose no uso contratado.

115.3. En todos os casos, o importe da fraude deducida consonte aos preceptos establecidos nos devanditos parágrafos estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles.

115.4. As liquidacións que formule a prestadora do servizo, notificaránselles ás persoas interesadas e, contra aquelas, poderán formular reclamacións ante o organismo en materia de consumo, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións de que se consideren asistidos.

115.5. As reclamacións dos abonados non paralizarán o pagamento das facturacións ou liquidacións obxecto destas; non obstante, cando a reclamación se formule por disconformidade coa contía facturada polo servizo, o abonado terá dereito a que non se lle cobre o exceso sobre a facturación inmediatamente anterior. Unha vez resolta a reclamación, a prestadora do servizo, en base á cantidade satisfeita polo abonado, realizará a correspondente liquidación.

#### Artigo 116.- FRAUDES NO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

A prestadora do servizo considerará como fraude as seguintes situacións.

- a) Que non exista contrato para a vertedura existindo conexión á rede de saneamento e/ou depuración.
- b) Que, por calquera procedemento, se manipule ou altere o rexistro do aparello de medida.
- c) Que se realicen derivacións de caudal, permanente ou circunstancialmente, antes dos equipos de medida.
- d) Que se efectúen verteduras distintas das contratadas e que afecten á facturación segundo a tarifa que se lle aplique.

#### Artigo 117.- ACTUACIÓN POR FRAUDE

117.1 A prestadora do servizo, á vista da información, requirirá ao abonado para que corrixa as deficiencias observadas, apercibíndoo de que, de non facelo no prazo de tres días hábiles a partir do seguinte á notificación, aplicaráselle o procedemento de suspensión establecido neste regulamento.

117.2. Cando o persoal da prestadora do servizo encontre derivacións nas súas redes con verteduras sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente, esta poderá suspender inmediatamente o servizo.

#### Artigo 118.- LIQUIDACIÓN POR FRAUDE NO SANEAMENTO E DEPURACIÓN

A prestadora do servizo formulará a correspondente liquidación por fraude, segundo os casos, da seguinte forma:

En caso de estimación directa:

1.- Se non existe contrato para a vertedura:

a) Se existe contrato de abastecemento de auga, formularase a liquidación do período en que se produciu a fraude polo caudal estimado de maneira indirecta.

b) Se non existe contrato de abastecemento de auga, formularase unha liquidación por un caudal estimado a partir dos seguintes valores:

\* *abonado* doméstico: 40 m3/mes

\* *abonado* industrial: en función da estimación realizada polo regulamento do canon de saneamento da Xunta de Galicia.

O período de tempo para calcular os caudais estimados será o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento en que se corrixa a existencia da fraude detectada, sen que poida estenderse en total máis de catro anos.

2.- Se se efectúan verteduras distintas das contratadas de xeito que se vexa afectada a facturación porque corresponden a outra tarifa, a liquidación practicarase aplicándolle á cantidade de auga a diferenza existente entre as dúas tarifas. O período de liquidación non poderá exceder dun ano. En todos os casos, o importe da fraude deducida, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos correspondentes que deben consignarse nas liquidacións. As liquidacións que formule a *prestadora do servizo* serán notificadas aos *abonados* que, contra estas, poderán formular reclamacións ante o organismo competente no prazo de quince días a contar desde a notificación e sen prexuízo das demais accións que consideren oportunas.

## CAPÍTULO XII

### INFRACCIÓNS, SANCIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS

En todo o non establecido no presente capítulo será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido no título VII da Lei 9/2010, de 4 de novembro de 2010, de augas de Galicia ou normativa que a substitúa.

#### Artigo 119.- TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS

Considéranse infraccións administrativas, en relación co presente regulamento, aquelas accións ou omisións contrarias ao establecido neste.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se determina no seguinte artigo.

#### Artigo 120.- INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións leves:

- a) A obstaculización illada á función inspectora do Servizo.
- b) Omitir información ao Servizo de Saneamento sobre as características da descarga da vertedura ou sobre os cambios que afecten á natureza desta.

#### Artigo 121.- INFRACCIÓNS GRAVES

Considéranse infraccións graves:

- a) A reincidencia nalgunha das faltas leves.
- b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou de instalacións anexas a esta, aínda que uns e outros fosen de propiedade particular, sen obter a previa licenza municipal de conexión, ou sen axustarse ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás disposicións deste regulamento.
- c) O uso da rede de sumidoiros, acometidas, conexións ou instalacións anexas sen previa licenza municipal de conexión á rede ou sen axustarse ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás disposicións deste regulamento.
- d) Os danos á rede, ás súas acometidas, obras ou instalacións anexas de toda clase, xa sexan causados maliciosamente ou por negligencia.
- e) A falta de comunicación da situación de emerxencia e/ou a infracción de calquera das prescricións dadas como consecuencia de declararse a dita situación recollidas neste regulamento.
- f) A omisión ou demora na instalación dos tratamentos depuradores esixidos pola *prestadora do servizo*, así como a falla das instalacións, funcionamento e mantemento de todos os seus equipos, en especial os dispositivos fixos de aforamento de caudais, toma de mostras e aparellos de medición aos que se fai referencia neste regulamento.
- g) Realizar verteduras afectadas por limitacións sen respectar estas.

#### Artigo 122.- FALTAS MOI GRAVES

Consideraranse faltas moi graves:

- a) A reincidencia nalgunha das faltas graves.
- b) Realizar verteduras prohibidas segundo o establecido nos artigos deste regulamento.
- c) A produción de danos moi graves á rede, ás súas acometidas, ou instalacións de toda clase, xa sexan ocasionados maliciosamente ou por negligencia.

#### Artigo 123.- SANCIÓN S

As infraccións serán sancionadas da seguinte maneira:

- a) As leves, con multas de ata 150 euros.

- b) As graves, con multas de ata 300 euros.
- c) As moi graves, con multas de ata 450 euros.

Estas multas imponse sen mingua nin prexuízo das sancións superiores autorizadas legalmente, e sen detrimento de esixir, cando proceda, as correspondentes indemnizacións por danos e prexuízos e responsabilidades civís ou penais.

Para graduar a contía da sanción terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade, a reincidencia e demais circunstancias concorrentes.

#### **Artigo 124.- POTESTADE SANCIONADORA**

A potestade sancionadora e correctora correspóndelle á Alcaldía do Concello, previa tramitación do correspondente expediente conforme ao previsto no Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Artigo 125.- MEDIDAS CORRECTORAS**

No suposto de vulneración das disposicións do presente regulamento e con independencia da imposición das sancións procedentes, o Concello poderá adoptar algunha das seguintes medidas correctoras:

- a) A suspensión dos traballos de execución das obras de acometida ou de instalación indebidamente realizadas.
- b) Requirir ao infractor para que no termo que para o efecto se sinala, introduza nas obras e instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustar as condicións do permiso ás disposicións deste regulamento e/ou, se é o caso, proceder á reposición das obras e instalacións indebidamente efectuadas ao seu estado anterior á produción dos danos que ocasionaran.
- c) A clausura ou precinto das instalacións no caso de que sexa posible técnica ou economicamente evitar a infracción mediante as oportunas medidas correctoras.

### **CAPÍTULO XIII**

#### **COMPETENCIA E RECURSOS.**

#### **Artigo 126 .- COMPETENCIA DO SERVIZO MUNICIPAL**

O xefe de servizo da prestadora deste en Ames terá as facultades que lle concede o presente regulamento e as que en uso das súas atribucións expresamente lle conceda a Alcaldía, a quen deberá dar conta das súas resolucións.

#### **Artigo 127 .- RECURSOS ADMINISTRATIVOS DE REPOSICIÓN**

**127.1.** Contra as decisións adoptadas polo xefe de servizo da prestadora deste en Ames, que en ningún caso terán a consideración de actos administrativos, poderá reclamarse ante a Alcaldía, cuxa resolución causará estado podendo interpoñerse contra esta recurso administrativo de reposición.

**127.2.** O dito recurso deberá presentarse no prazo dun mes contado desde a notificación ou publicación do acto que se trata de impugnar e entenderase desestimado transcorrido un mes desde a súa interposición sen que se lle notifique ao recorrente a resolución deste.

#### **Artigo 128 .- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO**

**128.** Contra o obxecto do recurso de reposición, contra a resolución deste ou contra ambos á vez poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano e nos prazos previstos na lei reguladora de dita xurisdición.

### **CAPÍTULO XIV-**

#### **DO REGULAMENTO.**

#### **Artigo 129.- OBRIGATORIEDADE DO SEU CUMPRIMENTO**

Os abonados e a prestadora do servizo quedan obrigados a cumprir todas as cláusulas e condicións do presente regulamento.

#### **Artigo 130.- MODIFICACIÓNS AO REGULAMENTO**

O Concello poderá en todo momento modificar de oficio o presente regulamento, polos mesmos trámites seguidos para a súa aprobación, e previo o informe da prestadora do servizo, se fose o caso.

#### **Artigo 131.- INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO**

As dúbidas ás que poida dar lugar a aplicación do presente regulamento serán interpretadas polo Concello en primeira instancia, e, se é o caso, polos organismos competentes con plena potestade para tal fin. No suposto de interpretación por parte do Concello, esta facultade corresponderalle á Alcaldía, previo ditame da comisión informativa correspondente por razón da materia.

#### **Artigo 132.- VIXENCIA DO REGULAMENTO**

O presente regulamento entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial na Provincia da Coruña e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento non empezará a aplicarse antes da expiración da actual prórroga coa concesionaria Espina e Delfín S.A que remata o 2 de



setembro de 2014.

**Punto sétimo.- Modificación de crédito. Crédito extraordinario 1/2014.**

[.....]

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, por maioría simple dos seus membros presentes, cos votos a favor dos cinco representantes do grupo municipal popular, a abstención dos 6 representantes do grupo municipal socialista e dos/as concelleiros/as non adscritos/as Ramón García Argibay, M<sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez, Alfonso Rey López, María González Gómez e Emilio Martínez Carballeira, e o voto en contra dos/as concelleiros/as non adscritos/as Olalla Alvite del Río, Pilar Candocia Pita, Xosé Anxo Doval Rey e Susana Mayo Redondo, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación do orzamento, Crédito extraordinario 1/14, financiado cunha baixa de crédito, de acordo co seguinte detalle:

**Aplicacións que ceden crédito**

|            | Importe:    |
|------------|-------------|
| 172 226.12 | 27.500,00 € |
| 172 227.99 | 27.500,00 € |
| Total      | 55.000,00 € |

**Aplicación que recibe crédito**

| Á aplicación: | Importe:    |
|---------------|-------------|
| 132 624.00    | 55.000,00 € |

**Segundo.-** Facultar ao alcalde do concello, Santiago V. Amor Barreiro, para cantas actuacións de trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**Punto oitavo.- Revisión de prezos do contrato de limpeza viaria e xestión do punto limpo do concello de Ames.**

[.....]

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, por unanimidade dos membros presentes, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar a revisión de prezos do contrato de concesión da limpeza viaria e xestión do punto limpo do Concello de Ames, adxudicado á empresa Urbaser S.A, pasando o novo prezo a ser de 668.503,58 € anuais, tendo este efectos desde o 1 de xaneiro do 2013.

**Segundo.-** Facultar ao alcalde do concello, Santiago V. Amor Barreiro, para cantas actuacións de trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**C) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

**Punto noveno.- Comparecencia da concelleira delegada de Deportes, María Eugenia Martín Vicente, acordada en sesión plenaria de 28 de novembro de 2013.**

Intervén co permiso da presidencia o concelleiro do grupo municipal socialista **José Miñones Conde** para dicir: Por unha cuestión de orde, gustaríame preguntarlle á secretaria o seguinte: como a moción a presentamos nós, entendo que a exposición de motivos a temos que facer

nós e despois teríamos as dúas quendas de intervencións, e na primeira quenda, ¿interviríamos nós por ser os que presentamos a moción ou xa se seguiría a orde normal das intervencións?.

Intervén, co permiso da presidencia, a secretaria, **Rosa Ana Prada Queipo**, que di: Neste momento xa non hai moción, a moción acordando esta comparecencia aprobouse nun pleno anterior e agora hai unha comparecencia incluída na orde do día; parece razoable que quen solicita unha comparecencia teña a primeira intervención de exposición de motivos da súa solicitude, que sería unha intervención breve, e despois habería as dúas quendas normais de intervencións pero en todo caso é unha cuestión que ten que decidir o señor alcalde.

Pregunta **José Miñones Conde**: Gustaríame saber qué criterio se vai a seguir polo señor alcalde.

Responde o **alcalde**: Faga unha primeira exposición e despois abrimos a quenda de intervencións.

Intervén **Anxo Doval** para dicir: Eu tamén quería saber unha cuestión de orde, sendo unha comparecencia que estaba contida nunha moción aprobada polo pleno, a comparecencia é a respecto do asunto que se explicitaba na moción ou é unha comparecencia na que se pode interpelar de calquera cousa á concelleira ?.

Intervén a **secretaría** para dicir: Non, a comparecencia é polos motivos polos que foi solicitada, que eran as escolas deportivas, ese é o motivo desta comparecencia.

Intervén o voceiro do grupo municipal socialista, **José Miñones Conde**, que di: Máis que nada o dicía porque foi solicitada esta comparecencia no pleno do mes de novembro e xa estamos no pleno do mes de xaneiro, por tanto, dous meses despois, e moitas das cousas que se dicían na exposición de motivos agora xa non teñen tanta cabida, e hai outras moitas que non estaban recollidas, que son novas e que teñen cabida e por iso quero facer unha exposición. Continúa a súa intervención dicindo: Como dicíamos na exposición de motivos da moción presentada, se puxeron en marcha no mes de outubro, as escolas deportivas do Concello de Ames co desenvolvemento das actividades por parte de unha nova empresa, Eulen S.A. Dende o primeiro momento o grupo socialista solicitou diferente tipo de información á concelleira delegada, mediante presentación daquela de ata 4 escritos, nos que se pedía información sobre diversos aspectos das escolas deportivas. Os escritos aos que nós facemos referencia, son escritos que levaban o correspondente número de rexistro e databan do 1, 11 e 18 de outubro. Neses escritos, se pedía información á concelleira, por exemplo no escrito de 1 de outubro, se pedía información respecto do material necesario para levar a cabo as escolas deportivas; queríamos saber si dito material o puxera a empresa ou polo contrario o adquirira o concello, e se foi así como fixo a oferta de compra dese material o concello e canto foi o custe dese material; iso se preguntaba o 1 de outubro.

Nos outros escritos, de 11 e 18 de outubro, seguimos preguntando sobre diferentes aspectos das escolas deportivas, como a contratación e solicitábamos acceso ao expediente. Tamén preguntamos polos monitores que estaban impartindo as actividades das escolas, para saber cantos monitores subrogara a empresa e que actividades quedaran impartindo estes monitores. E nun último escrito, do 18 outubro, pedíamos, entre outras cousas, os certificados de experiencia dos monitores da empresa Eulen SA que estaban a impartir as actividades das escolas deportivas e novamente solicitábamos información sobre o material.

Como vemos, neses 18 días, desde o comenzo da empresa Eulen SA, pedíamos diferente información e non se nos deu resposta, chegou bastante mais adiante, o 21 novembro. Dicía a concelleira, o 21 de novembro, que en relación a todos os escritos presentados se nos daba resposta a cada un deles. Nalgúns casos así era, se daba resposta, e noutros se omitía a resposta e como teño aquí o documento que nos remitiu o 21 de novembro, o paso a expoñer: así en relación as actividades e grupos de usuarios se nos daba a información, os grupos que se tiveron que anular foron o de ballet do Milladoiro, o de bádminton e o de ximnasia de mantemento na Ameixenda. No tocante aos custos de material que é o mais importante, nos dicía que para o desenvolvemento das actividades deportivas a día 21 de novembro, o concello non realizou ningún desembolso para a compra de material. Isto é o que asina a concelleira o 21 de novembro. Pasa o tempo e se solicita a comparecencia e se achega mais documentación que data de moito atrás, e así temos aquí, por exemplo, facturas correspondentes á adquisición de material: *venta de bicicletas profesionales para el desarrollo de las clases a lo largo del curso, que se imparten en*

*escuelas municipales, pavellón de Milladoiro 20 unidades, precio 500 euros, 10.000 euros, transporte y carga 170, total con iva 12.300 euros.*

Isto é o que gasta o Concello nunhas bicicletas para o desenvolvemento dunha actividade que é o spinning, actividade xa programada dende o primeiro momento. O que mais chama a atención é a data da factura. O 7 outubro está presentada a factura, cando a concelleira nos di o 21 de novembro que non se realizou ningún desembolso, claro, desembolso non, porque ¿cando son pagadas estas facturas? Entendo que en novembro ou en decembro, aquí aparece a sinatura do rexistro de facturas o 15 de novembro, polo tanto o 21 de novembro, unha semana despois de presentada a factura e de que fora asinada pola concelleira que polo tanto sabía perfectamente que se ían adquirir nos di que non hai ningún desembolso. Iso é tratar de chamar idiotas aos que estamos deste lado. Polo tanto, nós non vamos a admitir ese tipo política .

No escrito número de rexistro 14.694, do 18 outubro, pedía o numero de grupos de actividades e certificación da experiencia dos monitores, e ata o día de hoxe pola mañá non tivemos esa información, hoxe, 30 de xaneiro, dende o 18 de outubro que pedimos esa información e a pesares de haber unha comisión a primeiros de mes na que xa se solicitaba novamente esta información.

Polo tanto, na relación da documentación que achega a concelleira, segue sen achegarse aínda ata día de hoxe documentación que para nós é básica e imprescindible e que ademais se esixe nos pregos. Por exemplo, na folla número 8 dos pregos, se esta a falar da cualificación esixida para manter o contrato e da titulación para o coordinador. Esa é información que ata o día de hoxe tampouco tiñamos; e cando un prepara unha comparecencia con responsabilidade o fai con tempo e cando un leva unha semana preparando esta comparecencia para coñecer toda a documentación que se está a mover neste Concello, en relación a este tema, se atopa que hoxe pola maña se lle pasa unha información na que no escrito inicial aparece que se aporta o curriculum vitae dos monitores das escolas deportivas e nesa documentación que é un bo tocho, non a teño aquí pero é un bo tocho de varios folios, non aparece a certificación do título esixido nos pregos ao coordinador das escolas deportivas. Cando un revisa a documentación esta tarde, aparece por primeira vez quen é o coordinador con nome e apelidos e a titulación ou a certificación que se lle pedía, pero o día de hoxe pola maña.

Parece claro, polo tanto, que hai moita información que o goberno non quere facilitar á oposición e por iso a primeira pregunta que me xorde é: ¿Comprobou vostede se este coordinador que nos da hoxe é o que esta a facer o traballo de coordinación dende o primeiro momento? Esta é a primeira pregunta.

Na documentación aportada á raíz da comparecencia, nunca antes, aparece a relación de monitores que se deron de baixa pero non se aportan os nomes. Hai un documento que asina a empresa, no que nos di cales son os monitores, pero non aparecen os que se deron de baixa. A dúbida que nos xorde é: ¿quenes son os monitores que se deron de baixa e que actividades estaban impartindo?. Esa é unha información que seguimos sen ter e por iso pedímoslle, unha vez mais, que nos dea relación dos monitores que causaron baixa e as actividades que estaban impartindo.

Independentemente, no documento que achega a empresa no mes de decembro, xa no pleno anterior, si que aparece por primeira vez a relación de monitores nas actividades que se deron de baixa: tenis, predeporte, ballet, pilates, ximnasia rítmica e aeróbica, é dicir, un total de 6 actividades e estamos a falar da data da sinatura deste documento que é o 10 de decembro de 2013. É dicir, cando levabamos 2 meses de actividades, xa había 6 actividades nas que causarían baixa monitores. A relación de persoal que nos aparece é con iniciais, din que é debido á LOPD, non sei cal é a escusa de protección de datos, non sei cal é o problema de poñer os nomes e apelidos, non mais datos persoais, nomes e apelidos, dos que impartían estas clases. Aparecen un total de 8 monitores e 6 actividades, a conta sae fácil, en mais dunha actividade pasou mais dun monitor. É mais, sabemos a día de hoxe que hai

actividades das escolas deportivas nas que pasaron 5 monitores, pero iso sabémolo a día de hoxe. Por iso, a segunda pregunta que lle fago á concelleira é: ¿Parécelle normal esta situación de baixas continuas?

Entrando no tema dos pregos, temos tamén preguntas. A primeira: ¿Quen foi quen redactou os pregos? E concretando mais, ¿quen decidiu os criterios de valoración que aparecen nos pregos, tanto da oferta económica como da técnica? ¿Quen decide que se dean eses puntos á oferta económica e eses puntos á oferta técnica? Xa falaremos despois do porque.

Hai unha cuarta pregunta: ¿Quen decidiu que o responsable do contrato fose un técnico do concello que aparece así recollido nos pregos? Gustaríanos saber se é unha decisión técnica, se é unha decisión da mesa de contratación ou se é unha decisión política. Se recolle nos pregos, na folia 6: *responsable do contrato nomease ao traballador do departamento de Deportes Alberto Viaño ou persoa que o substitúa, ao que lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada.* É dicir, non só supervisa a súa execución, que xa o viña facendo anteriormente, senón que adopta decisións e dita instrucións. Xa veremos, cando falemos na comisión, se é así o traballo que esta a desenvolver. Entón, gustaríame saber quen decide ao responsable e quen decide as funcións que ten que ter este responsable.

As obrigas do concello nos pregos aparecen na folia 9, no punto 6: controlar, en coordinación coa empresa adxudicataria, a asistencia a cada actividade. Para isto, os monitores pasarán lista os días de desenvolvemento das actividades, os técnicos municipais poderán acceder ás instalacións en horas de desenvolvemento sen previo aviso a fin de comprobar o número de asistencias e o grado de satisfacción; é un copia e pega do que xa tiña o anterior prego do 2010. Gustaríame, a raíz disto preguntar: ¿Se fixo este traballo nestes 3 meses de escolas? ¿Se fixo algunha visita en horas de actividades por parte do técnico de deportes? ¿Comprobouse a asistencia? ¿Testouse o grao de satisfacción tal e como se recolle? E de ser así, ¿quen o fixo, cal é o resultado dese grao de satisfacción? E derivado da pregunta anterior, xa as ultimas preguntas que fago: ¿Por que non se facilitan as actas de asistencia a día de hoxe a esta oposición, a pesar de solicitalo en numerosos escritos, que irei nomeando, ademais de solicitalo na comisión de primeiros de mes? ¿Por que non se facilitan as actas de asistencia a cada actividade? Ademais, como non temos esa información, gustaríame saber: ¿Cantas baixas se produciron a día de hoxe nas escolas deportivas? E sobre todo, ¿cal é o porcentaxe de asistencia no ultimo mes? Vostede entenderá que esta información é importante para nós; é o grao de satisfacción que podan ter os usuarios destas escolas o que determine que asistan ou non asistan. Polo tanto, xa nos chama bastante a atención que estas actas de asistencia non aparezan nos informes mensuais da empresa cando no prego aparece como obriga do adxudicatario que a empresa está obrigada a facilitar cada mes informe cos seguintes puntos: listado das horas de clases, que así o fan; listados de asistencias de todas actividades que se imparten por medio dos monitores, isto aparece nos pregos como unha das obrigas do adxudicatario. Cando un vai aos informes da empresa, que temos dous, dos meses de novembro e outubro, nestes informes a empresa, no referente aos listados de asistencia, di: en Milladoiro os listados de asistencia son deixados polo persoal no pavillón e recollidos polo técnico de deportes, en Bertamiráns son recollidos polo coordinador das actividades. Así que os listados de asistencia os ten o goberno, os ten este concello, os teñen os técnicos, a miña pregunta é: ¿por que non facilitan eses listados de asistencia do mes de outubro, do mes de novembro e do mes de decembro? Creo que non é complicado ter esa información ¿por que non a comparten?. Para rematar, de cara a despois facer as seguintes intervencións, gustaríame saber, a título persoal da concelleira, ¿como considera ela que esta sendo o servizo prestado pola empresa Eulen, mal, regular ou bo? Nada mais.

Intervén o concelleiro **Anxo Doval Rey**, para dicir: Este tema, a verdade é que é recorrente, desde primeiros do mes de outubro, tanto o grupo municipal socialista como Ames Novo presentamos escritos, denunciando o incorrecto funcionamento deste servizo por parte da empresa adxudicataria; é un pouco sorprendente que por parte da concelleira non se dea, primeiro ningún tipo de explicación e segundo, que non se tome, digamos, a molestia de baixar ao ruído, a falar cos usuarios, a falar cos monitores e ver se realmente todas as cousas que lle están facendo chegar durante estes meses son certas ou non. Estou seguro, e senón que me corrixa, que en ningún momento fixo esas visitas, nin falou cos usuarios directamente respecto desas clases onde vimos denunciando repetidamente que se producen irregularidades. Se empezou na

primeira semana de outubro a denunciar irregularidades, e nós consideramos que foron á maiores, no sentido de que a día de hoxe o cumprimento por parte da empresa do contrato, e o contrato é tanto o prego como a oferta que a propia empresa fixo, é manifestamente ilegal ou polo menos non cumprida por parte delas. Outra cousa que sorprende, ¿cal pode ser a razón de tantas mentiras? non acabamos de entender o porque de tantas mentiras, tanto de vostede como do goberno, perdón, como do alcalde.

O alcalde, non fai moito que dixo que en mans da oposición estaba xa os contratos e as titulacións de todos os monitores. No día de hoxe nos foron entregadas, e se nos foron entregadas no día de hoxe non podían estar fai uns días. Respecto das súas concelleira, xa Miñones, voceiro do grupo socialista, ten manifestado as incongruencias e mentiras que se teñen producido con información que xa estaba na súa man. De verdade que non me dou explicado e me gustaría saber se hai algunha razón que non acabamos de entender.

Ao respecto dos incumprimentos hai repetidas denuncias, e por certo que na comisión se lle pediu que por parte dos monitores deportivos se mirara que outras denuncias tiñan, non só denuncias por escrito. Eu estiven reunido ca concelleira e mais con vostede ao respecto dunha denuncia sobre un tema de seguros que non estaba contemplada en ningún dos escritos que foron presentados por rexistro; non me diga agora que non existen mais denuncias que as de rexistro, cando eu estiven reunido con vostede e co responsable de deportes para falar do tema dun seguro, concretamente na actividade de judo e que diga que non existen mais que as que están por escrito, por favor, outra mentira.

Volvo a repetir, hai denuncias por escrito, como pode ser unha denuncia por escrito de 19 pais e nais, que teño na man, presentada por rexistro con todas as súas sinaturas. Non tivo nin sequera a dignidade de dicir: pois mira, aquí debe pasar algo, ide alí a saber o que pasa na escola deportiva de patinaxe artístico, en concreto a denuncia da que lle falo. Hai unha que nos acaba de chegar, a día de hoxe, e leo para que non se pense que son elucubracións aquí da oposición: *“Escribo esta mensaxe en relación co pleno que haberá sobre as escolas deportivas. Eu son usuario no Milladoiro, e teño queixas das clases de aerobio no horario de tarde. Empezamos cunha monitora nova, boa, que acaba marchando en decembro por problemas económicos coa empresa. Os dous meses anteriores deixaron a deberlle cartos. Estivemos un par de días sen profesor e despois veu un chico que o primeiro que dixo é que non sabía nada de aerobio, pero que estaba disposto a aprender porque ese traballo era moi importante para el. As clases eran un desastre, non só non sabía, nin sequera coordinaba coa música. Ao final a empresa botouno porque non tiña experiencia, e agora estamos con outro chico que tampouco sabe, ¿como se pode despedir a unha persoa por non saber e ao mesmo tempo contratar a outra que tampouco sabe? Queremos ter un monitor que estea formado en aerobio e que nos veña a dar a clase”*.

Isto é do día de hoxe, pero manifestacións como esta nos veñen facendo desde o mes de outubro, algunhas por escrito como a do patinaxe, pero outras non son por escrito. ¿Como pode ser que non lles fagan caso a estas cousas? Deben pensar que alguén está tolo e está intentando meterlle cravos nos pés a este goberno. Eu a este señor que pon isto aquí, nin flores de quen é. ¿Como é posible que non lle fagan caso a todo isto? .

Dentro da documentación que pedimos, unha era a das titulacións ¿por que pedimos a das titulacións? Primeiro, por saber se efectivamente era adecuada toda esta xente que din os usuarios que non teñen nin idea ao respecto das clases que dan, por se se adecuaba a titulación, non só por quen a impartía, senón porque é unha das condicións que a propia empresa puxo, porque a propia empresa di *persoal debidamente titulado*, é dicir, aportación de recursos materiais e persoais, isto é un contrato, e di que se compromete a que *todo el persoal que imparta unha actividade terá a titulación adecuada para poder desempeñar esa actividade*.

Titulación adecuada, imos ver un exemplo: escola de aerobio, que é unha das que ten protestas continuamente. Un dos técnicos, ten este perfil: *técnico superior en actividades físico deportivas, educador ambiental, manipulador de alimentos, curso de piragüismo, de*

*bádminton, de musculación, cronometrador de natación.* ¿E de aerobio? E iso, en case todos. Outra, a profesora neste caso de ballet: *formación durante 14 años en la Real Academia de Danza, licenciatura en Derecho,* ¿e cal é a titulación? Porque está obrigada a ter a titulación ¿que titulación ten? Segundo isto ningunha, estase incumprindo o contrato. Como esta tantas cousas e me parece mentira, volvo a repetir, que non tome ningunha decisión ao respecto.

Hai outra cuestión, que tamén mencionaba antes Miñones, que é o tema da concesión a esta empresa. Resulta que se saca un concurso, onde se presentan “X” empresas e unha empresa da unha oferta e outras empresas dan outra e se adxudica á que vai a facer o servizo por menos cartos. Ata aí me parecería lóxico. ¡Ah! pero é que resulta que ten que facer o Concello unha inversión por valor de 12.000 euros, mais 4.800 euros, mais outros 4.000 euros, por valor de mais de 20.000 euros. ¿Hai fraude aquí ou non? Había outra empresa, que xa tiña ese material, empresa que ofertou un servizo maior, pero que poñía o material e non tiña que comprarlo a Administración.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** para dicir: Pero en esta oferta no ponía el material esa empresa tampoco.

Continúa **Anxo Doval Rey** dicindo: Esa empresa tiña o material e quen analiza a documentación, sabe que esa empresa ten o material, porque xa llo estaban prestando.

Volve a intervir **Eugenia Martín Vicente** dicindo: ¿Y dijo esa empresa que iba a dejar el material?.

Contesta **Anxo Doval Rey**: ¿Preguntoullo? ¿Preguntoullo? Porque ademais ten que preguntarllo.

Intervén **Eugenia Martín Vicente**: ¡Yo que le voy a preguntar! ¡Yo le preguntaré si cumple el contrato!.

Continúa **Anxo Doval Rey** dicindo: Perdoa pero non, a mesa ten que facer as xestións necesarias para dalo en xustiza. Ao final, a realidade é que ao Concello lle sae o servizo poñendo mais cartos dos que pagaría con outra empresa, esa é a realidade. Hai dúas cuestións, traballadores que non teñen a titulación, polo menos que non a teñen explicitada, cando é obrigación tela e que o concello ten que facer unha inversión que non tería que facer doutra maneira. Ao final, con todas estas denuncias e o que nós vimos dende hai tempo solo hai unha explicación: fan a política da avestruz, meten a cabeza para non enterarse de nada, como ven ocorrendo con todo, sigamos para adiante, o mes de maio do ano que ven xa chegará e Dios dirá, con isto e con todo. E que os cidadáns, teñan ou non bos servizos, xa tiraremos para adiante. Hai outra cuestión que tamén solicitamos na comisión, que nos dixeran o uso das escolas deportivas. E por último, por qué o concello compra material para unha empresa que presta uns servizos, e ás escolas deportivas dos clubs: ¿cantos balóns lle comprou para a escola deportiva do Bertamiráns, do Milladoiro, do Meigas e do Bruxas?. ¿Escoitoume? Como está mirando para o outro lado. Lle pregunto, da mesma maneira que un día me dixo que segundo o prego o concello ten que poñer infraestruturas e material, desa mesma maneira, ás outras escolas deportivas terán que comprarlle o material, ¡deberían! ¿Canto material lle comprou para o funcionamento ao resto das escolas deportivas? De momento nada mais.

Intervén, **Ramón García Argibay**, que di: Boas tardes a todos. Chegados a este punto, a nós só nos queda dicir que as escolas deportivas son maravillosas, funcionan moi ben e aforramos moitísimos cartos. Temos un supergobierno e unha super concelleira que todo o que toca o converte en ouro e ademais o que pensan as persoas do noso Concello sobre estas cuestións son erradas porque todo o parecido coa realidade parece que é pura coincidencia. A verdade é que despois do que se dixo aquí non queda moito mais que dicir: esta concelleira ten problemas coas escolas deportivas; esta concelleira tivo problemas cos pregos da auga, esta concelleira pecha as portas aos veciños de Ames en actividades diversas, esta concelleira falta á verdade continuamente. Me alegro que esta comparecencia a pedira o partido socialista, me alegro moitísimo, porque se a pediramos nós estaríamos falando doutra cuestión, entón me alegro moito de que a pida o partido socialista, me alegro moitísimo que estas cuestións as estean sacando o partido socialista e Ames Novo porque así tamén a nós nos dan pe a dar a nosa opinión sen que se deriven os temas por outros lados.

A realidade é que esta licitación xa comezou mal, como todas, ou como case todas. Eu me acordo cando se sacaron as escolas de verán, se primaron as cuestións técnicas sobre o prezo e se lle deu a unha empresa que era mais cara pero que tiña as mellores cuestións técnicas. Chega a

licitación das escolas deportivas e resulta que, se mal non recordo, falo de memoria, esta era a cuarta empresa en calidade e se priman as cuestións económicas. Pero claro, como está acontecendo na tónica xeral deste goberno, non se paran a pensar, non fan previsión, non se orientan como hai que orientarse, e despois veñen cuestións como que hai que gastarse mais de 20.000 euros na compra de material. Que a empresa paga un prezo de 7 e pico euros aos monitores, e os monitores marchan, que nos tempos en que estamos os monitores empecen a traballar e abandonen, iso é significativo. É significativo, ademais, que esa empresa colgue no portal web Infojobs continuamente ofertas de emprego de monitores e non os da quitado para diante. Por iso a min me gustaría saber se dende o goberno se esta levando algún tipo de control sobre a contratación dos monitores, se se lle pediu algún tipo de informe a esta empresa. Gústárame que me dixeran se vostedes saben como están funcionando de verdade as escolas deportivas. Nós non acabamos de entender como se poden facer as cousas deste xeito. ¿Poden vostedes asegurarnos que todos os monitores teñen a cualificación axeitada en cada actividade? ¿Poden vostedes garantir iso? ¿Poden vostedes dicir que se están cumprindo os pregos polos que esta empresa está desempeñando estes traballos? ¿Cal é o motivo polo que hai tanta variación de monitores? A verdade é que desde que este goberno saca as cuestións novas están pasando cousas anormais, xa non vou dicir outra palabra, anormais, porque non é normal semellante tipo de cuestións, porque se fora só nunha actividade ou só nunha cuestión o podería entender, porque ao mellor un o fai con toda a boa intención e resulta que sae a cousa dun xeito distinto. Pero aquí non é iso, aquí o prego xa naceu mal, pero é que ademais me gustaría saber, e creo que xa se fixo esta pregunta tamén, quen tomou a decisión, esa é unha cousa moi importante, porque vostedes teñen esa costume de que cando a cousa vai razoable, non digo ben, porque ben poucas van, pero cando vai razoable os méritos son de vostedes e cando hai algún inconveniente os méritos ou os deméritos son dos técnicos. E llo dixemos moitas veces, vostedes gobernan detrás dos técnicos e vostedes non fan acción política e vostedes non fan o control que teñen que facer e viuse en moitas ocasións, nesta unha vez mais. O que non sabemos é porque ademais vostedes se empeñan en dilatar esta cuestión, co fácil que é dicir: mire, nos equivocamos; ou co fácil que é dicir: bueno, pedimos un informe a quen sexa e procedemos a sancionar a esta empresa ou a esixirlle que cumpra co estipulado. Pero non, vostedes entregan a documentación cando a entregan, tarde, mal e arrastro, á hora de comer ou cando sexa menester, sempre antes do pleno; sempre hai esa cuestión: dez minutos, un cuarto de hora, unha hora, dúas horas antes do pleno, onde chegan de présa e correndo esa documentación, sabendo vostedes que o que están facendo o criticabamos duramente fai algún tempo. Polo tanto, hai un dito que di: *detrás vendrá quien bueno te hará* e vostedes están cumprindo iso e o problema é que repercute en todos os ámbitos do concello. Vostedes ademais se poñen unha venda nos ollos e non son capaces de asimilar que o primeiro que hai que facer cando hai unha protesta, aínda que sexa unha soa, é ir a onde hai que ir, ver porque se motivou esa protesta, falar coa xente e desde logo dar o beneficio da dúbida. Pero é que vostedes se cerran en banda e pechan portas, en iso si, son especialistas en pechar portas. Polo tanto, insisto, alégrome moitísimo de que esta comparecencia a pediran os compañeiros da oposición e non nós, porque así se demostra o que nós vimos dicindo dende hai moito tempo, que vostedes non teñen nin aptitude nin actitude para levar a cabo estas cuestións. Polo tanto, gustaríanos saber: ¿Por que tomaron este tipo decisións? ¿Cantos cambios houbo de monitores? ¿Por que se cambian os monitores? ¿Por que se primaron os criterios económicos sobre os técnicos, sobre todo cando a diferenza económica non era importante? De momento nada mais. Moitas grazas.

Intervén, co permiso da presidencia, **José Miñones Conde**, que di: Como xa fixen a introdución gustárame escoitar, é necesario que se dean respostas a preguntas que considero moi importantes. Para esta primeira intervención vou dar catro datos.

Primeiro: as escolas deportivas de Ames, dende o seu inicio, foron incrementando ano tras ano o número de actividades e de usuarios, contando ademais cun número moi elevado de veciños nos últimos anos, tanto pequenos como maiores.

Segundo dato: o grao de satisfacción por parte dos usuarios foi moi alto e un indicativo disto é a demanda que tiveron as escolas xa no último ano, falamos de preto de 1.000 usuarios.

Terceiro: a empresa que prestaba o servizo dende 2009 fixo un traballo enorme na formación de monitores; xa o evidenciamos cos curriculums dos cales despois falaremos, e tamén de eventos, ¡dende logo de eventos!, temos a referencia de eventos que se fixeron cando estabamos nós no goberno e vou a relatar uns cantos: campionato de patinaxe artístico (5ª edición), xornadas de prevención e rehabilitación de lesións, campaña de promoción de deporte a través do aerobio (2ª edición), torneo de tenis (4ª edición), torneo de minitenis (3ª edición), setembro lúdico, campus de baloncesto, clausura de escolas deportivas e xornadas lúdico-deportivas solidarias. Son datos. No referente á formación de monitores, tiñan diferentes xornadas xerais de formación: de formación de tenis, de formacións deportivas de monitorado, de curso de pilates, de asistencia aos convenios de aerobio e ximnasia de mantemento, de xornadas xerais de formación a segundo ciclo, curso de primeiros auxilios, prevención de lesións, formación continuada do persoal, etc. E ademais colaboraban activamente na gala de deporte mediante cheque regalo ou bonos de balneario. Así no día do deporte aportando os monitores para cada un deses eventos que nomeei antes: tenis de mesa, bádminton e demais; colaboraban na carreira pedestre con cheques regalo e achega de froitas e bebidas; na milla urbana, no día da bicicleta, piragüismo,... son datos.

Esta empresa que saca agora o concurso á raíz da documentación que temos da mesa de contratación, é a empresa Eulen. En organización de eventos e actividades, presentaba como eventos: exhibición fin de curso e competicións entre concellos, e se acabou, esa é a oferta que vai a dar esta empresa. E despois, en canto á formación e reciclaxe de monitores, falan dunha plataforma de formación online para que acceda o monitor a cursos e vídeos, e outras actividades diversas nas que meten 100 horas de atención ao cliente, coordinación, musculación, e que xa a día de hoxe se está incumprindo pola documentación que nos acaban de achegar, pois non fixeron nada no primeiro mes.

E por último e cuarto dato, con este panorama loxicamente o goberno decidiu, porque esa é unha decisión do goberno, non prorrogar á empresa anterior un ano mais, porque o contrato que tiña a empresa anterior era dous anos mais a prórroga de un mais un, e aínda tiña a posibilidade de prorrogar un ano mais ese servizo. Vostedes decidiron non prorrogalo, están no seu dereito loxicamente. O que nos chama atención é o porque, e é a última das preguntas que farei: ¿Por que se o nivel en que se estaban a desenvolver as escolas deportivas era tan alto, se a demanda dos usuarios era tan alta, por que vostedes deciden non prorrogar que o podían facer un ano mais ese contrato? De momento, nada mais.

O alcalde cede a palabra á concelleira **Eugenia Martín Vicente**, que di: Antes de nada, quería decirlle que si tiene alguna duda sobre la legalidad o ve alguna sombra de estafa en este expediente, por favor acuda cuanto antes al juzgado; si puede hacerlo al terminar este pleno le ruego que no espere a mañana. Si tiene alguna duda de que he defendido por algún interés personal a la empresa adjudicataria, denúnciame, no lo dude, pero le aseguro que yo solo defiendo los intereses de este Concello, no tengo ningún interés personal en este contrato, ninguno de los nuevos monitores lleva mis apellidos, no he aprovechado la adjudicación de este contrato para colocar a ningún familiar. Ahora, ningún trabajador de la empresa adjudicataria tiene una mesa en las dependencias municipales de deportes donde se comporte como un trabajador municipal mas. Ahora, le aseguro, los técnicos del departamento firman las facturas por los trabajos efectivamente realizados y correctamente facturados; no he tenido que oír a ningún técnico negarse a firmar la factura, problema que si tuvo el gobierno socialista . No he utilizado ninguna comisión plenaria para venir a resolver dudas de temas personales, ni he utilizado ninguna actividad extraescolar de mis hijos para hacerlo. Ahora, todos los trabajadores de las escuelas deportivas reúnen los requisitos de formación, están legalmente contratados y cobran sus nóminas por bancos, según convenio, algo que antes no sucedía y ustedes eran conocedores de esta situación, puesto que algún destacado miembro de su candidatura electoral fue trabajador en las escuelas deportivas, aunque no aparece en ninguno de los listados facilitados por la anterior empresa. Curioso dato, ¿un trabajador sin nomina? Parece que al partido socialista le molesta que todas estas situaciones vergonzosas y fraudulentas hayan desaparecido del horizonte de las escuelas deportivas o quizás lo que les moleste es que el mismo pariente de un concejal socialista que trabajaba en las escuelas deportivas desde el 2008 se posicionó como coordinador y la empresa actual se vio obligada a rechazarlo, puesto que no tenía la titulación



requerida en el pliego. No sé exactamente si es por eso o por una clase de ballet recuperada más tarde de lo deseado.

A día de hoy las escuelas deportivas se desarrollan de manera legal y limpia, sin que nadie de este gobierno tenga nada que ocultar al respecto; no creo que desde las filas socialistas puedan decir lo mismo, quizás por ello este ataque encarnizado, esta necesidad de embarrar a ver si consiguen dejarme a la altura que están ustedes y les digo que no lo van a conseguir. Les repito: ni mis hijos trabajan en las escuelas deportivas ni tengo nada que ocultar respecto a este ni a ningún otro contrato.

Y a continuación le voy a contestar a alguna de sus preguntas, que no me quedaron claro si eran preguntas o eran exposición.

En cuanto a la decisión de no prorrogar, le diré que estábamos pagando más de 24 euros por hora, a la misma empresa que usted tanto defiende, que lo hacía todo de una manera tan magnífica, y que hizo ahora una oferta de 9 euros por debajo, es decir, que el ahorro es significativo. Con esta no prórroga se consigue un ahorro de alrededor de 100.000 euros, así que aunque se gasten 20.000 euros, no solo en el material que tenía la anterior empresa, sino en renovar parte del material que tenía el Concello, el ahorro sigue siendo bastante significativo. Esta empresa también tiene planes de formación para todo el profesorado, pero lleva sólo 3 meses trabajando.

En cuanto a la licitación, que tanto dice usted puedo decirle que cuando ustedes licitaron en el 2010 el criterio económico, el precio por hora pesaba el 50% y en la licitación del 2013 pesaba un 57%. No creo que haya tanta diferencia para un ahorro del 38%, que es lo que efectivamente se está ahorrando ahora el Concello.

También le diré que usted que dice que estaban tan bien pagados y tan satisfechos los monitores, yo tengo aquí las nóminas y me sale que alguno de los monitores cobraban 3 euros/hora, no creo que estuvieran tan contentos, tan satisfechos y todo fuera tan magnífico. Cuanto cobraban no lo sé, porque no cobraban por banco; es raro que una empresa de estas características pague a todos sus trabajadores en mano pero así era, esa era la gestión magnífica que usted está defendiendo.

En cuanto a los trabajadores, aquí en los informes aparece incluso un conserje municipal en el listado de trabajadores de la empresa VV Gestión, así podían tener trabajadores y monitores a montones.

En cuanto a la entrega de documentación, bueno, quiero agradecerle que por fin se haya leído el pliego, es un dato muy interesante. Porque fíjese, esta mañana se le ha entregado una documentación a las 9:30 y a las 10:49 ha requerido la misma documentación. Ha requerido el acta de la empresa del mes de enero; ahora que ya por fin se ha leído el pliego sabrá que la empresa tiene hasta el 7 de febrero para entregar el informe, además hoy es 30 de enero, no ha terminado todavía el mes. En cuanto al acta trimestral de la empresa, bueno, le pediré a la empresa, si usted tiene ese empeño, que lo haga, porque no tiene obligación de hacer ningún informe trimestral, en el pliego no viene recogido. En cuanto al nombre, titulación y copia de la titulación del coordinador de Eulen, ya se lo había entregado. En cuanto a la copia de todos los escritos de quejas, ya se lo había entregado. Esto a las 10:49, cuando se lo había entregado a las 9:30. Lo que tiene usted que decir acerca de la documentación que se le aporta, créame que para mi no tiene mucha importancia, porque como no sabe lo que se aporta ni lo que se pide en el pliego, ni lo que se deja de pedir, no es usted quien de decirme la documentación que entrego y la que no.

Intervén a concelleira, **Pilar Candocia Pita**, que di: Agora entendo porque tes tantos problemas cos veciños.

Continúa **Eugenia Martín Vicente** diciendo: La situación de las bajas continuas; han pedido en la comisión la comparecencia del encargado de las escuelas deportivas y del encargado de la empresa y es algo que explicarán allí con detalle.

En relación a la redacción del pliego, la parte técnica evidentemente fue por parte del departamento de deportes y el pliego de administrativas fue por los técnicos administrativos del Ayuntamiento.

En cuanto a los partes de bajas, no ha habido un número de bajas importantes, según los partes de asistencia se esta asistiendo a las clases con toda normalidad.

En cuanto a lo que me decía el señor Doval, si que he hablado continuamente con monitores y con usuarios, incluso he hablado con varios usuarios por el problema que usted ha comentado de las clases de aerobic en el Milladoiro.

En cuanto a la compra del material de las escuelas deportivas, las escuelas deportivas que tenemos conveniadas, se supone que la parte de la aportación que se les da por convenio es para la compra de material. En cuanto a las escuelas deportivas que presta Eulen , parte del material, como ya he dicho antes se ha renovado, se han comprado efectivamente las bicicletas de spinning con un ahorro importante. Y repetirle, como ya le dije antes, que ninguna empresa ponía el material, en esta licitación el material lo tenía que aportar el Ayuntamiento.

En cuanto al seguimiento de las escuelas deportivas, se esta haciendo un seguimiento muy exhaustivo, ojalá se fiscalizaran de esta manera todos los contratos. En cuanto a los criterios técnicos y económicos de esta licitación, pesaban el 50% los criterios técnicos y el 50% los criterios económicos; ya he dicho que en la anterior licitación era el 57.2, perdón, en esta el 57% y en la anterior licitación era el 50%. Creo que ya está todo contestado.

Toma a palabra o concelleiro **Anxo Doval Rey** que di: Vou empezar dicindo, que dende logo pola nosa parte nunca se dixo que é mellor a outra empresa, nunca. O que pretendíamos era mellorar a situación dun servizo, mellorar a partir de múltiples denuncias de veciños, algunhas delas presentadas por rexistro e outras feitas de viva voz ou por correos electrónicos. Negar que hai un conflito é pechar os ollos e meter a cabeza debaixo. E volvo a repetir, eu non estou demandando que veña a anterior empresa ou que se dea á anterior empresa, o que digo é que isto está funcionando mal e as condicións do contrato non se están cumprindo e así como actuaron os vosos compañeiros de Santiago ao respecto dunha empresa, concretamente de educación infantil deberíades facer vós, mirar se efectivamente non se cumpre, porque é evidente que non se cumpre e aínda no suposto caso de que vos cerciorárades que se cumpre hai un problema que hai que intentar solucionar. A todos eses que presentan denuncia hai que falar con eles, porque eles o que queren é que haxa un bo servizo para os seus rapaces, ver se efectivamente iso que din é verdade, porque se é verdade hai un problema, e o problema hai que resolvelo, e iso é o que entendemos, dende logo nós, e estou seguro que tamén o PSOE.

Van a permitirme dicir unha maldade: nas subvencións, xa sabedes que estou moi metido niso, concretamente nas subvencións de cultura e nas subvencións de festexos, que eran as que ata hai dúas semanas tiñamos, se produciu unha baixa da actividade deste concello dun 30%. Che digo a que ven o conto: comisións de festas que piden agora 7, festas que teñen pechadas as actividades, moitas. Actividades culturais que había no ano 2011, que pedían subvención, creo eran mais de 30, agora non chegan a 20. ¿Que quero dicir con todo isto? Que parece que estades desexando acabar con todo e tamén coas actividades das escolas deportivas, senón non ten outra explicación, porque non ten sentido.

Respecto do tono, che vou dicir unha cousa: cando os do PSOE, e digo os do PSOE porque con nós non te metiches directamente, estou seguro que cando fan unha manifestación é por ben e ti tampouco les todo e che vou dicir o porque: acabas de dicir agora, botándolle encima aos do PSOE, que o prego non di nada de facer un informe trimestral, e che volvo a repetir, e senón preguntáslle á secretaria, que o contrato é o prego e a oferta da empresa. E a oferta da empresa di, dentro dos compromisos que adquire: *Informes trimestrais ao concello, trimestralmente se lle entregarán ao concello os seguintes informes: resume do persoal encargado de prestar o servizo, número de usuarios e asistencia media por actividade, suxerencias, etc.* Por tanto, si que ten a obriga de presentar informes trimestrais, aínda que non o diga o prego, porque eles se comprometeron.

Ao respecto de comprarlle ou non material ao resto das escolas deportivas, dixeches exactamente: se supón que os convenios que se establecen coas escolas deportivas que levan os clubs, levan o material; suporalo ti, claro, porque che interesa supoñelo, porque loxicamente se

aos demais lle compras un material que non tes obriga de comprarlle, outra cousa é que digas que o concello poñerá as infraestruturas, pero non tes a obriga de comprarlle material, como moito o do spinning, e estaría en cuestión, desde logo non o resto, da maneira que si ti fas iso cunha empresa, deberías facelo cando menos facelo con aqueles que de forma desinteresada están prestando un servizo aos cidadáns deste concello.

Intervén **Ramón García Argibay**, que di: Méritos deste goberno: non metín a ningún familiar, non metín aos meus fillos, iso non é ningún mérito, iso é unha cousa como ten que ser. Vostede non veña presumindo de algo que de ser o que vostede vai presumindo, sería cando menos lamentable. Polo tanto, vostede non presuma desas cuestións porque é como presumir de que se cumpre a legalidade todos os días, diso non hai que presumir, iso hai que facelo, hai que cumprir e nada mais, polo tanto eses non son méritos de ningún tipo.

E ademais fai vostede acusacións importantes. Di que non se lle pagaba a alguén que estaba traballando, iso o dixo vostede aquí. E tamén dixo vostede que non cobraban por banco e ata onde eu sei, non cobrar por banco non é ningunha ilegalidade, é unha práctica moi habitual que fan moitas empresas, os motivos cada un ten o seus, pero non é ningunha ilegalidade, polo menos ata onde eu sei, claro, vostede como vai tres ou catro pasos por diante ao mellor ten outra visión distinta. Ademais vostede dicía que había xente que traballaba sen nómina, iso o dixo vostede aquí, e é a segunda vez que se di en relación con este tema. Na outra ocasión pedimos que constara en acta explicitamente e hoxe volvemos a pedir que conste en acta explicitamente que vostede dixo iso, porque iso si é unha acusación. Polo tanto, mire: di que contestou, eu non sei a que contestou porque dende logo a min non me quedou nada claro respecto das preguntas que lle fixemos, polo tanto me gustaría que as contestara, fóra do pleno incluso, por escrito como soen facer vostedes cando contestan, porque eu levo esperando moito tempo a que me contesten moitas preguntas.

Mire, aquí hai unha cuestión moi clara: cando chegamos ao goberno, unha das primeiras medidas que tomamos foi subir os prezos das escolas deportivas, e subimos as escolas deportivas para dignificar, é mais o dixemos así, para dignificar as escolas deportivas, e resulta que esta pasando todo o contrario. É moi difícil explicarlle aos nosos veciños que lle subimos os prezos para que despois estean sufrindo estas cuestións; iso é moi difícil de explicar. E vostede, desde logo, non o está explicando e si vostede quere pechar os ollos, peche os ollos, pero a responsabilidade hai que cumprila. Nós, evidentemente, non vamos a defender a ningunha empresa. O que si vamos a facer é mirar como se chegou a esta situación, e a realidade é que en cuestións técnicas esta empresa ocupaba o cuarto lugar, esa é a realidade. Vostedes tiñan un criterio para unhas cuestións e agora o cambiaron radicalmente e iso teno que explicar vostede, que tampouco o explicou. Antes tiñamos unha empresa familiar, para entendernos, sensibilizada con Ames, que ao mellor tiña os seus defectos e había que corrixilos e cambiamos por unha multinacional impersoal que ademais nin cumpre, porque se cambiamos e cumpre coas condicións, pois todos contentos, pero non cumpre. Se vostedes queren pechar os ollos, péchenos, pero o problema é que os efectos colaterais van a onde non teñen que ir, van aos veciños que sofren todos os días iso. Vostedes non aclararon se pediron algún tipo de informe a esta empresa; vostedes non dixeron cal era a variación dos monitores en canto a altas e baixas; vostedes non dixeron se a cualificación é a axeitada en todos os apartados das escolas deportivas; non aclararon absolutamente nada, nin sequera dixeron quen tomou a decisión de adxudicala, tampouco o dixeron.

Nós non viñemos coa idea de que responderan a nada porque non o fan nunca, porque non teñen as respostas, non viñamos con esa idea, xa sabiamos que ía pasar iso, pero o que si queremos é que quede constancia da nosa oposición de que o efecto negativo o están a sufrir os cidadáns. Aquí, no seu momento, insisto, se subiron os prezos para dignificar as escolas, para que todo o mundo tomara conciencia da importancia dunha escola deportiva, por exemplo de apuntarse a dúas e non ir, iso foi unha das cousas que se dixo neste salón de plenos e a filosofía era a correcta. Pero claro, se despois dun ano nos vemos con esta situación, ao final todo aquilo que se defendía esta polo chan. As preguntas están feitas, se

as queren contestar contéstenas e se non as queren contestar non as contesten. Evidentemente, cando se chega a esta situación é difícil de explicar, cando se di que a documentación se entrega, cando se entrega fai unhas horas e queda constancia diso, pouco mais hai que dicir. Cando se falta á verdade reiteradamente, pero non solo no tema das escolas deportivas, senón en todo o que concirne especialmente á súa Concellaría, pouco mais hai que dicir. A verdade é a que é, e se vostede o quere asumir, asúmao, e se non o quere asumir non o asuma. Mire, vostede se chegou a reprobar a si mesma, polo tanto pouco podemos esperar da súa actuación. Nada mais. Moitas grazas.

Intervén, **José Miñones Conde**, que di: O primeiro que debo facer é pedirlle á secretaria que conste en acta, me imaxino que consta todo, pero que conste textualmente todo o que dixo a concelleira, sobre todo na primeira parte, son acusacións moi graves e polo tanto queremos telas por escrito. Decía vostede se nós temos algunha dúbida sobre legalidade ou estafa, ningunha. É que se tivéramos algunha xa estaríamos no xulgado, ningunha. Legalidade toda, nunca dixemos o contrario tampouco. ¿Estafa? Estafa aos veciños toda tamén. Hai que saber diferenciar que tipo de estafa, pero aos veciños toda; a toda esa xente que se anotou pensando que ía ter un servizo de calidade, ao igual que o ano anterior, cos mesmos monitores, a esa xente se lle estafou. Non o dixemos nós, está nos escritos e nas protestas que nos din, pero dende logo acusacións pola nosa parte sobre interese persoal dígame onde, unha soa, mostre un só documento no que nós digamos que vostede tivo interese persoal en que saíra Eulen contratada. Nós non a acusamos, vostede si, sabemos que ía vir ao contraataque, vostede si que acusa e ataca con todas esas acusacións e deixar no aire referencias sobre familia, fillos e demais ou dicir que os fillos que temos os estamos utilizando politicamente neste asunto ou que buscamos un beneficio para os nosos fillos. Mire, os meus fillos, a miña filla utiliza as escolas deportivas de Ames con moito orgullo, utiliza as escolas deportivas de Ames e as sofre como usuaria de ballet, e as sofre cando non aparece a monitora e as sofre tamén quen a leva, pero isto como usuario, non coma político. Claro que sufro cando chego alí e resulta que non está a monitora e aparece un rapaz para darlle ballet que non ten nin idea, ¡claro que o sufro!, pero non saco beneficio político diso, precisamente. Eu o que traslado son queixas e agora falarei de todas as queixas. O que traslado é un malestar xeral, pero en ningún momento falo dun interese persoal de vostede para que saíra Eulen. Dende logo, somos moi distintos nese sentido, pero despois xa falará o outro aludido en referencia a ese tema familiar que vostede lanza aquí como acusación, vostede si que acusa, ataca realmente.

Co tema de se cobraban por banco ou cobraban 3 euros ou non cobraban, creo que xa lle responderon os demais concelleiros, que non é para nada ilegal que se cobre ou non por banco. Das acusacións que vostede fala, que se non tiñan nómina e estaban traballando, pois vostede si que debería actuar se iso era así, porque vostedes estiveron un ano con esta empresa, lle recordo, e se iso estaba pasando deberían actuar. O grupo socialista non defende a esta empresa; o que temos que facer lóxicamente é comparar, e cando un compara, compara co que había, pero non en defensa desa empresa, nos da igual quen sexa esa empresa ou quen sexa calquera outra, non temos ningún interese persoal en ningunha desas empresas, ningún. O que si é evidente é que a empresa anterior quedou segunda, empresa que é a que estaba facendo ese servizo e foi a primeira en calidade. E nós o que facemos é comparar e por iso din datos nada mais, comparei, e me da igual que sexa VV Xestión ou calquera outra das empresas que están no mercado, pero que sexa a mellor, porque o obxectivo é dar o mellor servizo. En relación aos pagos aos traballadores, dende o primeiro momento a vostede o único que lle preocupa é o que cobran os traballadores, e non o servizo que daba a empresa. Xa na comisión lle dixemos que se poñía do lado da empresa, pero non do lado dos traballadores, non do lado da xente. Dende logo a nós o que nos interesa é que o servizo sexa o mellor posible, é evidente que o que había antes e o que hai agora é moi distinto.

En relación aos pagos aos monitores, non nos vamos a meter aí, pero os monitores polo que se lles pagan se van e iso é o que lle traslada á xente, que se van porque non cobran practicamente nada, cobran 7 euros, e antes non se ían. A empresa en decembro di que hai 8 monitores que se foron, pero iso é en novembro, eu pregunteille cantos mais se foron e vostede non me respostou. O que si é evidente é que na documentación que achegan agora, cando un fai a conta, saen 34 monitores actualmente nas escolas deportivas e no momento no que o achega a información a empresa en decembro saen 46, teño aquí o dato, entón si que hai diferenza de monitores. Non

sei, e por iso pregunto, se é que se deron de baixa mais monitores, por iso pregunto, por iso pedimos a información.

En canto á lectura do prego, claro que lin o prego, o que aparece mentira é que o diga vostede cando esta gravado e escrito nas actas da comisión o que di vostede. Voulle ler no prego a referencia explícita do que vostede acusa, non sei se a min particularmente ou ao grupo socialista, sobre que pidamos o informe trimestral que ten que presentar a empresa. Xa lle contestou o señor Doval, que na oferta aparece, pero eu vou ao prego, que no apartado de persoal di: *efectuada a adxudicación notificarase ao concello, con periodicidade trimestral, os nomes, categorías e demais circunstancias persoais dos traballadores que cobren a plantilla para o desempeño do servizo, así como as variacións que se produzan no mesmo, tendo en conta a obriga adquirida. Isto aparece no "Punto 19. Persoal"*. Tamén aparece ao principio, que *o adxudicatario disporá do persoal necesario segundo a relación incluída na documentación administrativa*. Isto aparece no prego, non mo invento eu, esta no prego. Polo tanto, o concello si que recibe un informe trimestral, o cal pedimos, e non quere aportalo; o pedimos xa na comisión e o pedimos antes, pero vostede non quere aportalo non sei porque; ao mellor é que non quere que saibamos as variacións que se producen no persoal, que non teñamos esa información.

No referente ao material hai moito que dicir. Cando vostede afirma, vou a recoller a acta da comisión para non equivocarme, vostede, a unha intervención de Anxo Doval que pregunta onde está especificado no contrato que o concello teña que facerse cargo de determinada infraestrutura, *contesta Eugenia Martín que no prego poñía que o concello se faría cargo dos materiais necesarios para dar as clases, que o prego se sacou para dar as clases e non se pedía oferta de material*. Cando un lee o prego, e vouno ler en alto: *con independencia do material que o concello poida poñer a disposición da adxudicataria, o concello entendera que o material, maquinaria, produtos, etc., ofertados como melloras nas propostas, foi considerado polo licitador como suficiente para a realización do servizo, e de non resultar así, se a empresa considera que non é suficiente ese material para realizar o servizo, o adxudicatario, é dicir, a empresa, deberá adquirir ao seu risco e ventura o preciso para a súa correcta prestación*. E eu pregúntome, se cando concursou esta empresa non tiña as bicicletas para desenvolver a actividade de spinning, ¿como pode ser, lendo isto, que o concello entenda que o material é o suficiente para a realización do servizo? E vou mais ala: de non ser así, o adxudicatario non debera adquirir ao seu risco e ventura ese material? Pois non, aquí o adquiriu o concello, 20.000 euros.

Pero nesa comisión da que falaba, vostede, cando intervén ao principio tamén a raíz da primeira pregunta de Anxo Doval, di que *a titulación está na documentación que se lle proporcionou á vostedes*. Isto o di o 8 de xaneiro que foi a comisión, e o 8 de xaneiro a titulación non a tiñamos, mentía vostede. É mais, a titulación, este tocho que temos aquí, todo isto son os curriculums dos traballadores que nos presentaron hoxe. Polo tanto, minte. Na comisión di vostede *contesta Eugenia Martín dicindo que as clases se recuperaban todas e que iso xa pasaba antes*. Agora acaba de volver a dicilo, que as clases foron recuperadas todas polo tema de ballet, porque saíu precisamente polo tema de ballet porque era o que coñeciamos. É mais, no documento que entrega mensualmente a empresa di que as clases están todas recuperadas. E eu como usuario non, como pai de usuario, sei que non se recuperaron as clases que perdeu a miña filla. É tan sinxelo como iso, e iso non é utilizar politicamente, iso é unha realidade. E me da igual que sexa a miña como se foi a do veciño, é exactamente o mesmo. O que esta claro é que vostede non sabía que non se recuperaran esas clases e seguen sen recuperarse, por certo. Porque aquí xa non entro en se as que deu o outro monitor superespecializado de ballet, que veu a substituír á chica que non aparecía, se consideran clases recuperadas ou non. Entendo que esas non as vai a recuperar, as volteretas que estivo dando durante unha hora foron suficientes como clases de ballet, e como outras moitas.

Di vostede tamén, cando pregunta Anxo Doval polas reclamacións: *contesta Eugenia Martín que están todas as reclamacións que entraron por rexistro en outubro, novembro e*

decembro.

É mais, aquí ata o alcalde tamén, nas súas declaracións se atreve a dicir que todas as reclamacións son 5; creo recordar que di que son as de outubro e novembro e que en decembro xa non hai ningunha reclamación. Eu pregunteille antes se había mais reclamacións desde entón pero da igual. Vostedes din que son 5 e un despois vai mirar as reclamacións que aportan vostedes e atopa que faltan reclamacións e vostedes seguen afirmando que non hai mais reclamacións. Pois que alguén me explique entón como é posible que haxa, como presentou aquí un concelleiro anteriormente, unha reclamación de varios veciños, 19, polo tema de patinaxe, da que non é coñecedor este goberno. Outra reclamación que aquí non aparece é unha que asinan 33 persoas, con entrada o día 13 novembro, número de entrada 15.876; desapareceu, esta reclamación desapareceu. É unha reclamación sobre ximnasia de mantemento e pilates, asinada por 33 persoas usuarias, esa tampouco apareceu. E xa digo, con número de entrada, non por correo electrónico, esta é por rexistro de entrada número 15.896, é a copia que nos deron os veciños. Son reclamacións que, como dicía anteriormente o señor Argibay, da igual que sexan 5 cando a fan conxuntamente 19 persoas ou 33 persoas, non son 5, son 33 reclamacións, 19 reclamacións. Pero é moi bonito saír en prensa dicindo que só hai 5 reclamacións, aquí todo vai ben, todo é bonito. Cando un le as reclamacións cae a cara de vergoña, xa leu o señor Doval algunha delas, pero eu vou ler outra, teño tantas que xa non sei por cal empezar. Hai por exemplo unha asinada por 10 persoas que di: *Despois de deixarnos la profesora del mes de octubre avisando con antelación ,é dicir, xa a profesora avisaba aos usuarios que non ía a seguir, asistimos a las clases del miercoles 6 de octubre sin que apareciese el profesor. Esto es inamisible y exigimos una solución ya.*

Na reclamación de patinaxe de Bertamiráns, que asinan 19 persoas, a verdade é que teñen toda a razón, é dicir, sen ter nada contra o monitor creemos que están primando o aforro económico sobre as capacidades, xa que non pode ser que un monitor de patinaxe artístico veña con patíns en liña, iso é que din eles, eu só leo. Hai unha monitora con 30 rapaces e outro monitor se queda con 6 ou 7. Noutra reclamación que aparece aquí se fala de: *Mi más enérgica protesta que hasta el día de hoy de las tres clases que teoricamente tendríamos que haber recibido solo se ha impartido una, la del pasado jueves 10. Desde la empresa concesionaria del servizo me llama ayer mismo una señorita para decirme que no se va a impartir la clase porque no tienen profesor para impartir las clases. La señorita en cuestión me dice que no hay profesor ya que el Concello no adjudicó las escuelas hasta una semana antes de empezar y no les dio tiempo de encontrar a nadie.*

Isto se corrobora tamén co que dicía o señor Argibay, que en Infojobs está colgado que a empresa está buscando 5 días antes de iniciar as actividades monitores para 7 escolas diferentes. Continúa a reclamación: *Quisiera saber si usted tiene solución prevista para esto ya que no sólo es que se juegue con la ilusión, sino también el trastorno y perjuicio que causa a las familias que tenemos organizado el tiempo de las actividades de nuestros hijos y que en el mismo día y con apenas unas horas de antelación nos vemos obligados a buscar con quien dejarlos.*

Son numerosos escritos, asinados por numerosos usuarios, moitos, por tanto, pedímoslle que adopte as medidas oportunas esixindo seriedade e responsabilidade a quen proceda para que este problema sexa solucionado. Non sei se a estas 33 persoas lles deron vostedes resposta, porque asinaban o 8 de novembro e o presentaron o 13 de novembro, imaxino que probablemente si, sería o menos. Aquí teño o documento no que sae precisamente o que dicía o alcalde de que todo vai ben, que todo é correcto, que non hai mais que 5 queixas. Tamén chama a atención cando colgan nesa paxina web, que vimos denunciando xa en varias ocasións que están facendo un uso partidista dela, esa noticia que saía o 21 de outubro, onde vostedes falaban das escolas deportivas, falaban de 900 usuarios e din: *Tras la firma de los convenios, la concejala de deportes María Eugenia Martín destacó que la primera semana de puesta en marcha de las escuelas deportivas discurrió con toda normalidad, ya que se pusieron en marcha todas las actividades programadas , que están siendo impartidas por monitores con amplia experiencia en cada una de las disciplinas.*

Eu pregúntome, ¿como sabe vostede que os monitores a día 21 de outubro teñen ampla experiencia, se escasamente unha semana despois está pedindo esa información á empresa?. Continúa a noticia : *Explicó además que esta primera semana de puesta en marcha del curso, la*

*concejala de deportes estuvo realizando un seguimiento del desarrollo de las actividades, comprobando su correcto funcionamiento y la adecuación de los horarios.*

Claro, se vostede fai estas afirmacións o día 21 de outubro a sabendas que os días 15, 16 e 18 de outubro están presentadas todas estas queixas, ¡que podemos esperar! *Cuentan con la necesaria experiencia, subraya, para impartir las diferentes disciplinas, especialmente teniendo en cuenta que 14 de ellos ya trabajaron en las escuelas deportivas con anterioridad.*

Logo corríxelle a empresa no informe de decembro, dicindo que son 11 os traballadores que subrogaron e non 14. Fala vostede de que teñen ampla experiencia e xa vimos aquí información que achegou o señor Doval do pouco que probablemente lle dera tempo a ler dos curriculums, desa experiencia, desa gran experiencia que teñen todos os monitores.

Eu voume a centrar onde existen mais queixas, onde temos esa queixa de 33 persoas que é pilates. *Nova incorporación: Gerardo Cachafeiro. Formación: licenciatura en ciencias de actividades físicas, monitor de tiempo libre, electroestimulación, planificación y programación de entrenamiento, balonmano y rugby. Experiencia: monitor de actividades de ocio na ANPA no colexio, monitor de actividades físicas, monitor deportivo, monitor de campamentos de verano y entrenador de benjamines fútbol.* Experiencia en pilates, ningunha e formación en pilates, ningunha. Pero vamos ao seguinte. *Nova incorporación: Formación: técnico en animación de actividades físicas e primeiros auxilios. Experiencia: socorrista, monitor multidisciplinar, socorrista, monitor multidisciplinar, práctica de fútbol sala femenino, y practica los deportes de fútbol, fútbol sala, bádminton, tiro con arco, natación, waterpolo y ajedrez.* Esta é unha das persoas que estaba a impartir clase de pilates, non sei onde, porque tampouco especifica onde. E comparamos, como fixo anteriormente o señor Doval, con outra persoa, outro dos monitores procedentes da empresa anterior: *Formación: formación superior en actividades físico-deportivas, curso de monitor de ciclo Indoor, curso de pilates pola Federación española de pilates e taichi, taller de comunicación e oratoria. Experiencia: 2012-13: diferentes escuelas en prácticas e instituciones, gimnasia de mantenimiento e predeporte, socorrista, monitor de vela, monitor de pilates y actividades de voluntariado.*

Isto é, os monitores que impartían antes as actividades e estes son os monitores que se contratan unha semana antes das actividades por parte da nova empresa. E iso non é estar a favor dunha empresa ou estar a favor doutra, iso é comparar o que se tiña e o que se ten, independentemente de que esa comparación non lle guste á vostede.

Seguindo coa acta da comisión, porque deu para moito xa digo, intervén Anxo Doval dicindo que non esta no prego o tema do material e Eugenia Martín di que hai que repasalo pero que en principio non. Xa vimos o que dicía do material o prego.

En referencia aos escritos de rexistro, afirma vostede a pregunta de Manuel Ferreiro, que dos que entraron por rexistro non falta ningún; a día de hoxe sabemos que é falso, é dicir, que si existe polo menos un escrito que entrou por rexistro e con data de entrada e número de rexistro de entrada.

En canto aos eventos, pregunta Manuel Ferreiro se esta empresa vai a realizar tamén eventos para o concello como se realizaban anteriormente, entendo que o coñece, non esta aquí hoxe, pero entendo que o coñece porque era o anterior concelleiro de deportes e contesta vostede que non só os vai a realizar senón que os vai a pagar, porque antes a empresa aos profesores non llos pagaba. Iso é unha acusación gravísima e se é certa, vostede si que debería acudir a onde pide que acudamos nós por cousas que non dicimos. Pero vostede si que afirma, como concelleira e nunha comisión, e aquí esta recollido na acta, que a empresa aos profesores antes non llos pagaba, pero que se contestará por escrito. Estamos esperando tamén a contestación.

En canto á titulación dos monitores, di vostede que ten que ser a titulación dos monitores que están dando actualmente as actividades e que se non se entregou antes foi porque non a pediron. Xa lin antes, na exposición de motivos, o escrito de 18 de outubro onde pedimos a certificación da titulación dos monitores. Vostede a 7 de xaneiro seguía dicindo que nós non

pediramos esa información; seguímola pedindo e loxicamente foi cando nos deu esa relación con nomes e apelidos. Tamén pediramos nesa reunión que monitores se deron de baixa, con nome e apelidos, e os monitores que cubriron estes postos, porque é moi importante saber se o monitor primeiro que tiveron nunha actividade é ese que contratou á última hora correndo a empresa, se tiña daquela a información ou o curriculum acorde á actividade que se tiña que dar, é moi importante. Se ese causa baixa, porque probablemente non a tivera, e se foi á semana ou ás dúas semanas, é importante saber se se incumpre o contrato ou se se incumpriu o contrato de cara á súa posible resolución.

Da recuperación das clases, contestou que se recuperarán en canto se poda, é dicir, aquí xa afirmaba e se desdecía con respecto ao anterior, porque antes dicía que todas as clases foran recuperadas, 10 minutos despois dicía que xa se recuperarían e seguimos esperando.

Informes: acusa vostede, ou me acusa vostede agora mesmo, de que non leo os pregos e de que pedimos información e documentación que xa foi entregada anteriormente e que non sabemos do que falamos. Voulle explicar con respecto a este tema: no día de hoxe, cando recibimos a primeira hora toda esta documentación, vostede mediante escrito número 641 nos di: *Pola presente faise entrega da documentación solicitada na comisión plenaria sobre as escolas deportivas : primeiro, criterios de adxudicación avaliábeis mediante os criterios subxectivos do grupo Eulen.* A min gustaría saber quen pediu isto.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** e di: Lo pediste tú, Anxo.

Continúa coa súa intervención **José Miñones Conde** dicindo: segundo: relación de monitores incluídos os seus curriculums, e acaba aquí o punto; claro, nós pediamos a certificación dos monitores e tamén a do coordinador. ¿Por que a do coordinador? Porque se especifica no prego que o coordinador ten que ser licenciado en INEF; é causa de resolución do contrato se non se cumpre , precisamente por iso pediamos a do coordinador. Cando recibimos isto, eu estou no meu traballo e cando me mandan esta documentación escaneada leo relación de monitores, como non teño a documentación aquí porque vostede a entrega precisamente a última hora para que non podamos estudala, pois entón claro, vexo que non está a do coordinador e por iso pido no escrito do que vostede falaba: nome, titulación e copia da titulación do coordinador de Eulen. No momento en que vemos que está ese nome e a titulación do coordinador, perfecto; pero como comprenderá vostede, entregan a documentación a última hora e eu non teño dedicación exclusiva para estar aquí pendente. E despois vostede di: contestación dos traballadores do departamento de deportes en relación cos escritos de queixas e clases de pilates e manda esa documentación. Claro, pense vostede que todo este tocho non mo poden escanear para pasarmos pola mañá ao meu traballo para que eu vexa se se cumpre todo o que estabamos pedindo. Pero vostede inicia dicindo que se fai entrega da documentación solicitada na comisión, como se esta fora a única documentación que se solicitou na comisión¿e nós que facemos? Facemos un escrito acto seguido, no que pedimos: Acta da empresa do mes de xaneiro, e se aferra vostede a iso; foi un erro, non era do mes de xaneiro, era do mes de decembro, é o informe mensual que ten que presentar a empresa do mes de decembro. ¡Pero que mala fe ten vostede! Porque iso mesmo o pedín na comisión do mes de decembro. É mais, di vostede na comisión precisamente que ese informe mensual que ten que pasar a empresa o fará o día de hoxe, 7 de xaneiro, e nós pedímoslle que nos dea copia dese informe mensual correspondente a decembro, e seguimos sen telo. Si que pasaron o do mes de outubro e o do mes de novembro, pero o do mes de decembro non aparece. E ese informe o ten vostede desde o 7 de xaneiro, o ten vostede dende o mesmo día da comisión, pero non o quere entregar . Acúsame de non ter nin idea por pedir o informe da empresa do mes de xaneiro, xa sei que o ten que entregar o día 7 de cada mes vencido e que era do mes de decembro, menudo erro o meu, ¡madre mía!

Pedimos copia de todos os escritos de queixas. ¿Por que pedimos copia de todos os escritos de queixa? Porque temos constancia de un, con numero de rexistro de entrada, que non aparece na documentación. E como non sabemos se a día de hoxe hai mais queixas pedimos esa documentación. ¡Que grave é o noso, pedir información!

Pedimos a acta trimestral, que como acabo de ver si que aparece nos pregos e aparece na oferta da empresa; pedimos a titulación do coordinador, xa non a queremos, témola; pedimos copia de todas queixas, e volvémosla a pedir, se a día de hoxe existen mais queixas pedimos copia das mesmas; e pedimos copia de toda documentación que se requiriu por parte do concello á empresa



Eulen no escrito núm. 118. Porque resulta que nós na semana pasada pedimos que se convocara a comisión, ¿que lle custaba a vostede convocar a comisión? Precisamente para que todos estes temas se debateran na comisión e se puideran dar resposta na comisión; pedimos a comisión para que se nos dera toda esa documentación e poder chegar a día de hoxe con toda esta documentación estudada, pero a vostede non lle interesaba, e claro, ¿que é o que fai? Que esa comisión non vai a ser convocada porque están á espera de que a empresa lles conteste a unha serie de requirimentos que fixeron vostedes, unha serie de requirimentos que chaman a atención: fanos vostedes aos 2 días seguintes da comisión, paréceme ben, pero non se manda ata o 13 de xaneiro, é dicir, 4 días despois.

É unha documentación que a día de hoxe non entendemos o porqué se solicitaba e mais se cabe, entendemos menos agora que se pida toda esa documentación cando vostede ven aquí e non a aporta, non di nada desa documentación. Nós loxicamente sabendo que existe ese escrito, pedímoslle agora que nos dea a contestación da empresa a todas esas cuestións que este goberno tiña para a empresa. Pois vamos a ver onde está o escrito, non aparece, xa aparecerá cando non ten que aparecer como sempre. Unha documentación, creo recordar que con 14 puntos distintos, na que vostede chega a pedir os curriculums dos monitores, chega a pedir documentación que nós entendemos que debería estar xa en poder do concello, porque xa dende o momento que ten a adxudicación esta empresa debería haber achegado toda esa información, tal e como se recolle nos pregos.

Finalmente nesta comisión se fala sobre os cambios de profesorado. Pregúntalle Anxo Doval se despois de varios cambios de profesor nunha escola lle parece normal ese funcionamento, que as escolas deportivas por definición teñen continuidade, se lle parece normal que haxa varios profesores nun prazo dun mes, e contesta vostede que está habendo fallos e problemas, que moitos problemas veñen de dentro e que houbo ata ameazas, presións e boicots. Novamente volve vostede a tirar a pedra e esconder a man. ¿Ameazas de quen? ¿Presións de quen? ¿Boicots de quen?. Alí, na comisión, quedamos un pouco alucinados porque non sabemos se se estaba referindo a nós, que estamos ameazando a alguén. E di que moitas veces estas baixas non están sendo por culpa dos prezos, moitas veces, así que algunhas veces si que están sendo por culpa dos prezos. Volve a facer as acusacións que fixo aquí sobre que antes se lles pagaba a uns si e a outros non, que uns cobraban unha cousa e outros outra, pero que agora van a cobrar o mesmo porque cobran vacacións e todas as horas efectivamente traballadas, e que revisará se lle pagou a unha profesora, neste caso unha profesora de ballet ou non. Porque precisamente outra das queixas que nos chegan dos monitores é que non se lles paga; precisamente esa queixa de que non se lles paga levou a que os monitores solicitaran unha reunión urxente coa empresa. Algo non funcionaba ben. É mais, vostede recoñece na mesma comisión, que no mesmo momento que estamos nós na comisión se está a producir unha reunión entre os traballadores e a empresa; non sei cal foi nin o motivo nin a consecuencia de dita reunión.

Segue sen contestarme vostede ao tema de porque o responsable do contrato é o técnico de deportes e quen decide as funcións dese técnico de deportes, sigo sen saber. Dende logo, das obrigas do adxudicatario a día de hoxe hai moitas, moitas cousas que non se están a cumprir por parte da empresa; leo textualmente o que di o prego : *supervisar que se cumpran os horarios das actividades e informar a pais e monitores de calquera circunstancia por este incumprimento*. Informar a pais e monitores, dende logo pódolle dicir que eu non fun informado de que a actividade da miña filla non se ía desenvolver.

Da cualificación esixida, agora vemos quen é o coordinador e lle fixen unha serie de preguntas sobre o coordinador que tampouco me deu resposta: se leva facendo esa coordinación dende o inicio, se vostede ten constancia de que leva facendo esa coordinación dende o inicio, se ten vostede o documento no que se nomea ese coordinador. Son preguntas, en relación a ese coordinador, porque o que nos din moitos dos monitores e dende logo moitos dos usuarios é que non coñecen a ese coordinador. E dende logo tamén está recollido nas obrigas, *é obriga do adxudicatario distribuír o material e equipamento, de*

*encargarse do seu coidado e bo uso, presentando cada 3 meses unha relación do mesmo coa especificación de variacións ou deterioros que se podan producir, así como das adquisicións que se consideren necesarias para o idóneo funcionamento.* Este documento é o documento ou informe trimestral do que estabamos a falar.

Intervén **Eugenia Martín** dicindo: Eso es un inventario.

Continúa **José Miñones Conde** dicindo: Non, non, é unha obriga do adxudicatario. Dentro do prego, obriga do adxudicatario número 6: *distribuír o material e o equipamento que o concello poña á súa disposición para o funcionamento das escolas, encargándose do seu coidado e bo uso, presentando cada 3 meses unha relación do mesmo.*

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Un inventario, una relación del mismo, un inventario de toda la vida. El inventario está hecho, si lo quiere se le pasa también, pero no es el inventario lo que usted pidió.

Continua **José Miñones Conde** dicindo: Precisamente, por iso cada tres meses ten que presentalo. Por iso anteriormente, cando dicíamos *efectuada a adxudicación, notificárase ao concello con periodicidade trimestral os nomes, categorías e demais circunstancias*, iso tamén é un inventario, tamén, son todos inventarios, inventan que da gusto. *Satisfacer ao seu cargo todos os gastos do persoal*, isto é unha obriga que ten o adxudicatario e que sabemos que non o fixo mensualmente dende logo, cada mes presentar eses informes. E volvo a preguntarlle polos listados de asistencia; non sei se chegou a dicir algo dos listados de asistencia, creo que si, algo veu a dicir, sobre os listados de asistencia, afirmou vostede que non esta a haber baixas e que están asistindo regularmente, creo que dixó, regularmente. ¿Iso o afirma porque leu os listados de asistencia?

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Eso lo afirmo porque estoy constantemente preguntando la asistencia a las clases. Los listados de asistencia no me los han pasado, los tienen los técnicos.

Pregunta **José Miñones Conde**: ¿Aínda non llo pasaron? Pero mensualmente teñen que telos.

Resposta **Eugenia Martín Vicente**: ¿A mi? ¿Al Ayuntamiento o a Eugenia Martín?

Di **José Miñones Conde**: Á concelleira de deportes, responsable deste servizo.

Intervén **Eugenia Martín** dicindo: El responsable de este servicio ya he dicho antes que es Alberto Viaño.

Intervén **José Miñones Conde** dicindo: ¡Ah vale! Entón eludimos esa responsabilidade, está ben. Aí é onde quería chegar, vostede elude responsabilidades.

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Ya le he dicho antes que yo estoy constantemente preguntando por las asistencias y las incidencias, constantemente.

Pregunta **José Miñones Conde**: ¿Entón vostede sabe e coñece perfectamente as asistencias como están? . Das que eu coñezo, ¿me pode dicir a asistencia que hai dende o mes de xaneiro pasadas as Navidades, a asistencia que hai nas clases de pilates e de ballet? O número de asistentes que hai?

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Hombre, el número no lo se, de 1740 usuarios no sé el número que va a cada grupo. Lo que sé es que la asistencia está siendo regular y que no ha habido ninguna incidencia significativa. ¿Quiere que me aprenda el nombre de los 1740 usuarios de las escuelas deportivas y a que clases van?

Intervén **José Miñones Conde**: Pero é que non está a entender ou non está a escoitar, soe ocorrer o segundo, non está a escoitar. Lle estou preguntando pola asistencia á pilates, unha actividade concreta, e á asistencia a ballet que solo hai tres grupos, ¿sabe vostede esa asistencia como está sendo? ¿Regular?

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Regular y sin incidencias significativas.

Intervén **José Miñones Conde** dicindo: Vale, pois volvo a dicirlle o mesmo: necesito os listados de asistencia e corrobore esa información que está dando, ¿cantos foron o último día?: 2. ¿O día anterior?: 2. ¿O día anterior? : 3. Esa é a realidade, por iso quero o listado de asistencia, a ver se os modifica a empresa, a ver se os esta a manipular. Espero que non.

Pregunta **Eugenia Martín Vicente**: ¿Por qué grupo de pilates me está preguntando?

Contesta **José Miñones Conde**: O que coñezo, o de Aldea Nova.

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Es que en el de Aldea Nova hay otro problema, que no es el del monitor, estuve precisamente hablando el otro día con los usuarios.

Intervén **José Miñones Conde** dicindo: Non sei de outro problema, eu sei do que coñezo.

Pregunta **Pilar Candocia Pita**: ¿É un problema dos usuarios?.

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: No, no he dicho que sea problema de los usuarios, he dicho que el problema no es el monitor precisamente.

Pregunta **Pilar Candocia Pita**: ¿E cal é o problema?.

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: El problema son las condiciones del aula, porque me llamaron para pedir una estufa porque se mueren de frío y de humedad con el invierno que estamos teniendo. Y ese es el motivo por el que han faltado.

Intervén **Pilar Candocia Pita** dicindo: Pero o puxéchedes alí vos. E para a escola de musica era marabilloso e valía ?.

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: No, no es el mismo local donde se dan las clases de pilates y las de música, Pilar.

Continúa a súa intervención **José Miñones Conde** dicindo: Eu cando falo, falo porque sei. Precisamente en Aldea Nova, non é casualidade e que eu estou alí. Pero precisamente porque sei pido os listados de asistencia, asistencia que vostede me di que é regular e agora xa recula e di que non, que aí existe un problema concreto co tema da aula. O problema concreto non estaba o ano pasado, entendo, non estaba hai dous anos que estaban cheos os grupos e agora van 3, 4 e 5 persoas?. Habará aí un problema e haberá que miralo, pero independentemente existe unha baixada de asistencia e por iso dicimos que necesitamos os listados de asistencia, a ver se é que agora noutro sitio a pouco que nos interesemos tamén hai unha baixada de asistencia. Dende logo, isto é algo que ten que aparecer no informe mensual que vostede di que o ten o técnico e levamos 3 meses pedíndolle esta información, e o ten o técnico e nin se molestou en pedirle esa información, e se a pediu non a achegou, é tan sinxelo como iso.

Do mes de decembro, dende o 7 de xaneiro vostede ten o informe da empresa. ¿Non di nada sobre o listado de asistencia? Pois pídalle ao técnico ese listado de asistencia. E independentemente de que a comparecencia xa remate hoxe, queremos os listados de asistencias de cada mes, xa o dixen na primeira quenda, para saber se está baixando a asistencia ás actividades, en cales e porqué. Iso é o que temos que medir, ese é o traballo que ten que facer o concello e o goberno. E dende logo, se detecta que existe un problema, buscar a solución, que o da precisamente saber se están asistindo ou non, non dicir que iso é normal, que xa había baixas antes, claro que había baixas, pero dende logo non tantas, e claro que había problemas, pero dende logo non tantos. Esas son obrigas que, precisamente eu lle dixen na primeira quenda, ten o concello: controlar e comprobar o numero de asistentes e o grao de satisfacción. ¿Fixeron vostedes algunha enquisa ao día de hoxe do grado de satisfacción? Porque eu lembro que á empresa anterior, casualidade que fose á empresa anterior, pero se lle pedía ou o ofertaba facer 2 enquisas ao ano. Non sei se esta empresa vai a facer enquisas e si as vai a facer ao final do curso, mal vamos, porque entón non saberemos onde se está a fallar, a enquisa se ten que facer agora para saber onde se falla e saber por onde ir.

Dende logo, e xa remato, para nós é intolerable todo o que está ocorrendo; se incumpre continuamente o deber do adjudicatario nestes informes mensuais, se incumpre loxicamente nese informe trimestral porque non sabemos se o achega ou non, porque aínda non me contestou en referencia a iso. E finalmente, vostede fala da oferta económica e da oferta

técnica. Non me contestou, bueno, contestou que o prego técnico o fan os técnicos de deportes e o prego administrativo os administrativos.

Eu pregunteille especificamente porque sabía que ía tirar balóns fora, pregunteille especificamente: ¿quen decidiu na oferta económica cambiar ou mudar con respecto aos pregos anteriores? ¿Quen decidiu que a oferta económica fosen 50 puntos e que a oferta técnica fosen 20 puntos? ¿Quen?

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Está usted equivocado.

Continúa **José Miñones Conde** dicindo: *Criterios de valoración. Primeiro: criterios de adjudicación avaliables mediante unha formula incluída oferta económica 50 puntos. Segundo: criterios de adjudicación avaliables mediante criterios subxectivos: 20 puntos.* ¿Temos outros pregos? Primeiro: Criterios de adjudicación avaliables mediante unha formula incluída oferta económica 50 puntos, criterios de adjudicación avaliables mediante criterios subxectivos: 20 puntos. Isto é o que pon o prego ¿Léolle o que poñía o de fai catro anos, no 2010? Criterio de adjudicación: oferta económica 25 puntos; oferta técnica 25 puntos. Claro, ao mellor vostede, non ten o prego do 2010.

Contesta **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Si, lo tengo aquí precisamente.

Pregunta **José Miñones Conde**: ¿E non lle aparece oferta económica ata 25 puntos, melloras ofertadas ata 15 puntos, deseño e implementación 5 puntos?

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Mejoras ofertadas, deseño e implementación de un programa integral, que aquí también está valorado en la adjudicación de este año, 5 puntos, y este año está valorada con 10; deseño e implementación con programa de formación y reciclaje hasta 5 puntos, si la tengo aquí. Ya he dicho antes que aquí pesaba la oferta económica un 50% y en la nuestra un 57%, no creo que sea tanto el cambio.

Continúa **José Miñones Conde**: Mire, os números son os que son. Na oferta económica ata 25 puntos, agora pásase a 50 puntos, e nas melloras ofertadas divídase, vostedes colleron toda esa división e meteron nun segundo punto: melloras ofertadas, deseño e implementación do programa integral e da formación, sumas todos eses e son 15 + 5 + 5, é dicir, 25. Polo tanto, a parte económica: 25 puntos. A parte técnica, dividida en subapartados: 25 puntos. 25 puntos e 25 puntos é un 50% de ambas. Agora, a parte económica son 50 puntos e os criterios de adjudicación, criterios subxectivos, 20 puntos. As contas son: 71%, 28%, non conte vostede milongas. A oferta económica son 50 puntos e se modifica sobre a oferta económica que había anteriormente que era o 50%, precisamente. ¿Que se decidiu facer? Loxicamente vostedes son conscientes de que ao decidir primar a oferta económica sobre a técnica, porque sexa como sexa priman a oferta económica sobre a técnica, dende logo nós sabemos que feito iso o servizo cae. Primando a oferta económica sobre a técnica, fai é que se equivocara vostede señor Argibay, non é a cuarta empresa en calidade Eulen, é a sétima.

Contesta **Ramón García Argibay** dicindo: Eu xa dicía que falaba de memoria, e a memoria cos anos xa se sabe.

Continúa **José Miñones Conde** : A primeira, na oferta económica ten 48 puntos é a que se leva o concurso, a segunda no concurso ten 7,07 puntos de diferencia pola parte económica, e ao final cando un o traslada a euros é unha oferta de 15,5 fronte a unha oferta de 17 euros, é dicir, euro e pico ou 2 euros. Pero sobre todo, cando un vai á puntuación do sobre B, é dicir, a parte técnica, a empresa que gaña o concurso na parte técnica non é nin a cuarta, é a sétima en calidade. Polo tanto, a que gaña é unha empresa con peor servizo, que vai a ofertar menos, porque é evidente que vai ofertar menos, porque saca menor puntuación. E se se prima iso, fenómeno, pero se se está a primar o que é o económico, sexa o 57% ou sexa o 70%, xa me da igual, dende logo o que provoca é o feito evidente de que van mais polo carto e non polos usuarios.

Finalmente o que lles pedimos é que cremos que hai argumentos suficientes como para que rescindan o contrato desta empresa, é o que pedimos o grupo socialista, que rescinda este contrato por todas as faltas de obrigas que tivo a empresa dende o día que se puxo en marcha. Nada mais.

Intervén, **Eugenia Martín Vicente** diciendo: Vamos a ver, para la rescisión o no y para el seguimiento del contrato hay abierta una comisión y en esa comisión se me pidió una serie de

documentación. Se le mandó efectivamente un escrito a la empresa, que yo no sé que día salió, pero bueno, se le adelantó por e-mail para que prepararan la documentación con la mayor celeridad posible. El técnico de deportes encargado de este contrato pidió que se adelantaran los currículums para hacer efectivamente un informe, no solo del funcionamiento de las escuelas, sino de la titulación exigida y de la titulación de los monitores, a ver si se cumplía. Hoy se les ha facilitado esa documentación, que se pidió a la empresa con la mayor celeridad posible para que el técnico de deportes tuviera tiempo para hacer el informe y poder convocar la comisión cuanto antes.

La empresa me ha dicho que en cuanto tengan abonadas las nóminas del mes de enero van a remitir toda la documentación. En cuanto a lo que ha dicho usted del pago de las nóminas, efectivamente me ha dicho la empresa que tuvieron algún problema con el pago de las nóminas al implantar en el sistema informático el nuevo convenio que se publicó en noviembre y que tuvieron algunos errores al ingresar las nóminas y que esperaban que quedase resuelto en el mes de enero.

En cuanto a la profesora de ballet que no había cobrado y que se quejaba porque no había cobrado, es porque no había dado bien el número de cuenta y la empresa aún está intentando recuperar el dinero que le abonó a no se sabe quien a no se sabe que cuenta.

Las amenazas, yo en ningún momento dije que las amenazas habían sido por su parte. De todas formas, le vuelvo a repetir: ustedes pidieron que compareciera el responsable de la empresa y va a comparecer y les dará cumplida respuesta de todo ello.

Cuando algún profesor falta a las clases, por lo menos es lo que tiene que hacer la empresa y lo que yo le dije que hicieran, es llamar a la mayor celeridad a los padres, pero evidentemente cuando un profesor llama un cuarto de hora o media hora antes de una clase, no da tiempo. Entonces, para que cause el menor perjuicio posible a las familias, se manda a una persona para que sustituya la clase, pero a veces la persona que está disponible, no siempre es la persona más adecuada para sustituir las clases y más en una tan específica.

La diferencia que hay entre el número de monitores, que dice usted que había 14 y que hay ahora son 11, efectivamente, 11 contratados + 3 autónomos. Efectivamente, 11+3 son 14.

En cuanto al escrito que presentaron sobre el profesor de patinaje, efectivamente, hubo una queja porque a pesar de que se ofertan clases de patinaje desde el Ayuntamiento, los padres entienden que son clases de patinaje artístico y el profesor llevaba patines en línea. Resulta que es un profesor que usa un 46, que tuvo que pedir los patines y tardaron en llegarle. A día de hoy ya tiene el profesor patines que no son en línea.

Intervén **Olalla Alvite del Río** diciendo: Logo moita experiencia non debía ter, se non tiña patíns de antes.

Continúa **Eugenia Martín Vicente**: Ahora la queja es que creo que no es de la de la categoría de los que tienen otros monitores. El caso es quejarse. Después usted me hablaba de la experiencia tan larga que tienen los monitores de la anterior empresa. Le leo una, no quiero decir el nombre, encontrará este curriculum al principio de la documentación que se le ha facilitado, procedente de la empresa anterior: Título: monitora de tiempo libre. Experiencia laboral: octubre 2012 a mayo 2013, monitora escuelas deportivas de Ames. Septiembre de 2012 a agosto 2012: monitora de tiempo libre en bibliopiscina. De 2004 a actualmente: cuidadora de niños. Un amplio curriculum.

Intervén **José Miñones Conde** diciendo: Impresionante tamén. ¿Pero de que actividade é? Ah, vale, xa o teño. Igual é criticable, eu non teño problema ningún.

Intervén **Susana Mallo Redondo** diciendo: Pero non é traballadora nosa, ¡por favor!

Continua **Eugenia Martín Vicente**: Como usted solo ha leído los currículums que ha querido, había gente con experiencia y gente sin experiencia

Intervén **José Miñones Conde** dicindo: Lin os que coñezo, onde había as queixas, é que non me da tempo a ler todo isto. É evidente entón que non teñen experiencia moitos deles.

Continua **Eugenia Martín Vicente**: Pero esto viene de la empresa anterior que usted tanto defiende.

Continua **José Miñones Conde**: Pois tamén, perfectamente, xa lle digo que non me caso con ninguén.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** diciendo: Bueno, eso.

Pregunta **José Miñones Conde**: ¿Iso que? ¿Iso que?.

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Está usted casado, ¿no?.

Contesta **José Miñones**: ¿E cal é o problema?.

Continúa **Eugenia Martín Vicente**: Ninguno, pero como decía que no se casa con nadie. Revisare el escrito del 11 de noviembre que no me han facilitado los técnicos porque ya les pregunté si se había dado traslado de todos los escritos de queja y ellos me dijeron que sí. Revisaré a ver que es lo que ha pasado, si ya han entrado los de este mes. Lo que pasa es que como no los pidieron no se les han facilitado, pero para la celebración de la comisión se le trasladaran. Creo que han entrado 2 de la clase de aerobio de Milladoiro, bueno, estoy hablando de memoria y no puedo, no me atrevo a decir más, pero bueno, se les facilitarán los del mes de enero, así como el informe del mes de diciembre que yo creí que ya lo tenían; como me pidió el de enero, pensé que tenía el de diciembre. La comisión está abierta, se estudiará el cumplimiento del contrato y si hay que hacer alguna acción contra la empresa se hace, evidentemente, pero vamos, eso se hará en la comisión, pero bueno como aquí hay comisión, comparencia, hay lapidación, no hay problema. En cuanto al seguimiento de las escuelas deportivas, dicen que no contesté, y ya dije que se está haciendo un seguimiento exhaustivo por parte de los técnicos del Ayuntamiento, por parte de la empresa, por parte del coordinador, un seguimiento diario y durante todo el día. En cuanto a lo que pesaban los criterios técnicos y económicos, vuelvo a repetir: usted hablaba de la oferta, ellos puntuaban 25 sobre 50 la oferta económica. Después 15 puntos, pone: ampliación de las horas de monitoraje, aquí pone 10 puntos. Bolsa de horas gratuita de monitoraje. Entonces se le ha olvidado seguir leyendo la segunda parte, para comparar las licitaciones. Después se puntuaba, como hacían ustedes en su oferta, la oferta técnica y a ver, que no hay tanta diferencia, era 40 sobre 70 y 25 sobre 50. En cuanto a las bajas, cuando venga el encargado de la empresa le explicará cuales han sido los motivos de las bajas de los monitores y los cambios, porque ha habido bajas de todo tipo, pero bueno, como han sido ellos los que han hablado directamente con los monitores se lo explicara él. Las listas de asistencia yo no he dicho que no se entreguen, se las dejan a los técnicos, como dice ahí el informe, en las instalaciones y los técnicos las recogen y las revisan. A mi no me las mandan para revisar y no sé exactamente cuantas personas van a cada actividad. Como ve, si que estaba al tanto del problema que está habiendo en Aldea Nova, que no es precisamente por el monitor, por lo menos es lo que a mi me han trasladado los vecinos porque a mi lo que me pedían era que se acondicionase el local, no me han pedido que se cambiara el monitor, a mi lo que me han transmitido es que están contentos con el monitor, no sé si a usted le han transmitido otra cosa. Y se le trasladará el inventario, que me consta que la empresa lo estaba haciendo. No sé si me dejo alguna cosa, creo que no.

Intervén, co permiso da presidencia, **Francisco Villaverde Marcos**, que di: Boas noites. Primeiro, non teño vergoña ningunha en dicir que si, o meu fillo traballa como monitor das escolas deportivas creo que desde o ano 2008. Presentou o currículum a través dun compañeiro, admitírono e ten dereito a traballar como todos os demais, non tivo influencia miña de ningún tipo e segue traballando nesta empresa.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Si, evidentemente se subrogó como todos los trabajadores. Hasta ahí podíamos llegar.

Continúa **Francisco Villaverde** dicindo: Despois di que se ofertou como coordinador, eu non o sei, é estraño porque non ten o titulo de INEF, ten o de educación física pero de maxisterio.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Pues se ofertó, créame.

Continúa **Francisco Villaverde** dicindo: Non o sei. Posiblemente ao mellor a información é terxiversada, porque eu pódolle dicir que cando a empresa falou con cada un dos monitores, non lles preguntou que preparación tiñan para dar, senón que quería dar das actividades que había, o cal xa me parece, desde logo, un despropósito. Se eu quero dar, un supoñer, baloncesto, primeiro terei que aportar o curriculum . ¿Que cobraban mal na outra empresa e pagaban menos que esta? Pódolle dicir que el cobraba sobre 12 euros/hora, e agora cobra 7,27.

Intervén o **alcalde** para dicir: Que conste en acta o de 12 euros/hora.

Continua **Francisco Villaverde** dicindo: Un promedio de 12 euros/hora, el si cobraba sobre os 12 euros/hora, non sei os demais, non fiscalicei a ninguén, se o facía ou non o facía. Logo, sobre que o xerente coordinador da empresa anterior pasaba horas nas oficinas de deportes, si, e pasaba horas traballando, coordinando co técnico de deportes e co concelleiro, que pasaba normalmente de 9:00 a 15:00 na oficina, e noutros lados, atendendo a concellaría de deportes e atendendo á xente que viña coas queixas. Pódolle dicir que o número de queixas non creo que rozara nin un mínimo en comparación coa actualidade, e pódolle dicir que durante 4 anos houbo un crecemento importantísimo e chegouse á calidade que tiñan as escolas deportivas. A mín me da igual que a empresa fora a que había ou outra calquera, porque calquera dos monitores, se tiña a cualificación, podía traballar nela, pero o que si me resulta chocante é que se acepte a unha empresa cunha baixa temeraria dun 26,19 %.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Justificada.

Continua **Francisco Villaverde**: Xustificada, xa se nota, pero a conta dos traballadores.

Contesta **Eugenia Martín**: No, los trabajadores cobran según convenio.

Intervén **Francisco Villaverde**: Xa, si, ¿e o transporte?

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: El transporte ya estaba en el pliego que iba aparte.

Pregunta **Francisco Villaverde**: ¿E canto lle pagan aparte?

Continúa **Eugenia Martín Vicente**: No, es que no lo paga la empresa, cada uno se traslada como puede o como quiere, por su cuenta.

Intervén **Francisco Villaverde** : Ben, eu solo remato dicíndolle que hai un refrán que di: “o barato, de balde, é caro” e aplícollo á vostede e aos compañeiros.

Intervén novamente, co permiso da presidencia, **Eugenia Martín**, dicindo: Cláusulas administrativas. *No custo das ofertas económicas, no prezo ofertado para cada actividade entenderase incluído o custo de transporte dos monitores nas actividades nas que sexa necesario;* es decir, que en el coste por hora que cobran, según convenio, está incluído el transporte. Creo que ya se explicou aquí y ya lo dije a que fue debido ese mal entendido a la hora de ofertar las actividades. Hubo una persona que se posicionó como coordinador y que hubo que desechar, se lo digo yo, porque vamos, me vinieron con el curriculum en la mano, que lo tengo aquí, entonces así fue. ¿Que la persona de la empresa estaba al cargo de las cosas? Sí. ¿Y por que creía todo el mundo que era un trabajador municipal? Hay muchas empresas que están pendientes de que sus contratos se lleven estrictamente, que es como debe ser y de atender todas las quejas y todos los requerimientos de los usuarios, y no tienen una mesa en ninguna dependencia de ninguna administración. Yo eso jamás lo he visto, un trabajador de una empresa privada con una mesa a todos los efectos como si fuera un trabajador municipal y que todo el mundo lo identifique como tal, porque todo el mundo creía que era un trabajador municipal.

Intervén **Pilar Candocia Pita** para dicir: Iso aquí nesta casa si, nesta casa si, porque Couto estaba arriba, tiña unha mesa e un despacho, e non era co grupo socialista.

Intervén **Eugenia Martín Vicente**: Pero ahora, no, ¿verdad?

Intervén **Pilar Candocia Pita** dicindo: Nesta casa iso xa ven de moito atrás, ese costume. Non é novo.

Intervén o **alcalde** dicindo: Xa dixo antes a concelleira que no seo da comisión se analizará, dende o punto de vista técnico, se hai que apercebir á empresa ou se hai que chamala á orde. Non me vale, o exemplo que se utilizou aquí de outro concello como pode ser o de Santiago, porque as circunstancias son outras e están nun proceso xudicial aberto que non vamos agora a cualificar. Rematada a comparecencia pasamos ao seguinte punto.

**Punto décimo.- Moción presentada polo grupo municipal socialista, con núm. R.E. 605, de 17 de xaneiro de 2014, con motivo do anteproxecto de Lei orgánica polo que o Goberno de España pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.**

O alcalde concede a palabra á concelleira do grupo municipal socialista **Isabel González Cancela**, que di: Boas noites. Traemos a este pleno a moción do Anteproxecto da Lei orgánica sobre o aborto. Nos últimos días, en todos os medios de comunicación de España e de Europa e mais alá somos noticia. Este anteproxecto de lei supón un retroceso de mais de 30 anos atrás e nos volvería a situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía do acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Con este anteproxecto aprobado polo goberno do PP suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e grave perigo para a vida ou a saúde da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiñan xustificado a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso, como antes dicía de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos nos últimos anos.

Por todo isto é polo que pedimos que o Goberno de España retire inmediatamente este Anteproxecto de Lei, que non só afecta ao partido socialista, ou a outros grupos como podemos ver ou a outros colectivos como os médicos, asociacións, senón que tamén puidemos ver incluso hai unha maioría de xente do PP que tamén está en contra, así o puidemos ver polos medios de comunicación. Tamén puidemos ver a vergonza que é para toda Europa este proceso, os dereitos que perdemos con este Anteproxecto de Lei as mulleres, que tanto outras tiveron que loitar incluso coa súa vida tantos anos atrás. Tamén destacar que este Anteproxecto de Lei foi feito por homes, non houbo nin unha muller facendo este Anteproxecto de Lei, única e exclusivamente por homes. Por todo isto, pedimos que se retire este Anteproxecto de Lei.

Intervén o **alcalde** para dicir: Que se inste ao Goberno para retiralo, nós non temos a potestade de retiralo, que se inste ao Goberno de España a retiralo. Moi ben, abrimos unha quenda para aqueles concelleiros que desexen intervir.

Intervén, co permiso da presidencia, a concelleira **Pilar Candocia Pita**, que di: Nunca pensei que a estas alturas da miña vida tivera que volver a utilizar argumentos de hai 30 ou 40 anos atrás, cando daquela era unha moza, e que a miña filla e as xeracións da xente nova de agora se vexan na mesma situación en que nos vimos hai 30 anos, xuntando cartos na Universidade para pagarlle o aborto a alguén, en malas condición, case sempre, desgraciadamente, porque os cartos non daban para mais, e mulleres pasando polos calabozos da policía e diante de xulgados por determinar e decidir si querían ou non querían ter un fillo. En nesta situación, desgraciadamente, nos vamos a atopar de novo.



Ben, por moito que se emperre Gallardón e o grupo de homes que o fixeron, as mulleres vamos a seguir decidindo cando e como queremos ter os fillos; o único que vai facer esa Lei é ampliar o sufrimento das mulleres. Antes falamos sempre da dobre moral, da dereita, xa non vou a dicir do Partido Popular, da dereita en xeral, que ten varias varas de medir: as súas fillas, universitarias coma min, ían a Londres a abortar pagadas polos seus pais, porque podían; as demais ían á calquera sitio de mala maneira, a onde se podía, e a onde chegaban os diñeiros que os compañeiros xuntabamos. E nesa situación nos vamos a ver outra vez, porque estar no Estado español neste momento é o “faima rir” do mundo, un país do que o que se transmite é que a política está chea de corruptelas, que as grandes empresas están metidas tamén nesas corruptelas cos políticos. Un país que poñen os medios de comunicación estranxeiros como exemplo de empobrecemento da poboación nun período de tempo pequenísimo. Un país no que de novo se lle engade que non respecta ás mulleres e xa sabemos que unha sociedade que non aspira a ter igualdade entre homes e mulleres, a que poidan decidir as mulleres é unha sociedade que nunca poderá aspirar a ser unha sociedade libre, mentres haxa unha porcentaxe de poboación que non ten igualdade de dereitos. E non é unha porcentaxe calquera, é mais da metade da poboación, como se foran tres daba igual, pero ademais é mais da metade da poboación.

É triste, triste que nos vexamos neste momento nesta situación. Nin que dicir, efectivamente, que nós vamos a apoiar a moción que presentan os compañeiros do grupo socialista. Pero ademais, tamén quero dicir que a min me parece grotesco que o presidente do Goberno do Estado español saia dicindo e xustifique que cando a súa muller tivo que decidir abortar sufriu moito, como se as demais fixeran unha festa cando van abortar. Me parece unha falta de respecto a todas aquelas mulleres que se viron abocadas a abortar.

Miren vostedes, hai cousas que nunca se fan por gusto. Tamén nos dicían na transición política que se se instauraba o divorcio se ía a divorciar todo o mundo todos os días, e ao final se demostrou que non se divorciaba nada mais que aqueles que se tiñan que divorciar, porque eran incapaces de convivir xuntos, e porque era moito mellor para eles e para as súas familias que así o fixesen. E co aborto vai pasar exactamente o mesmo, exactamente o mesmo. O único que vai aumentar de novo, é o número de xente que vaia á curandeiras e cousas similares e que polo tanto, poña en perigo a saúde das mulleres.

Xa saíron estes días noticias de como as clínicas privadas de Portugal estaban refacendo as súas instalacións para acoller ás abortistas españolas, o cal da moito que pensar, escalofríos, a min me dan escalofríos pensar nas regueiras de mozas e de mulleres non tan mozas que van a ter que saír das nosas fronteiras para poder decidir que fan cos seus corpos e coa súa vida.

E para esta primeira quenda remato cunha cousa moi gráfica que vin en internet estes días. Era unha imaxe dun ovo de galiña e dicía, “Gallardón isto é un ovo, non unha galiña”. Isto mesmo lle digo ao respecto do ovo que levan as mulleres dentro cando deciden se queren ou non queren ter ese fillo.

Agora acabo de ver no blog de Santiago Amor un post dunha nai que denuncia que non había asentos adaptados para o seu fillo de parálise cerebral, un neno ademais que estivo na Escola da Madalena. Pode velo, ten aí o post, eu non o inventei, está na rede. Resulta que agora lles están dicindo as familias que obrigatoriamente teñen que seguir adiante con eses embarazos e ter eses fillos, pero ao mesmo tempo lles recortan as axudas á dependencia, ao mesmo tempo lles recortan as axudas a esas familias que, con recursos ou sen eles, ter un fillo nesas condicións implica moitos problemas.

Polo tanto, nos parece que, unha vez mais, é un exemplo da dobre moral neste caso, do Partido Popular que lle quere esixir á xente que siga adiante cunha cousa que lle vai traer moitísimos problemas pero non pon as condicións para asegurarlles unha vida digna a eses individuos que esixe que teñen que nacer porque si. E con isto remato a miña primeira quenda. Grazas.

Intervén, co permiso da presidencia, a concelleira **María González Gómez**, que di: Este tema é algo delicado, un pouco eu o pensamento que tiña era tanto o que dixo e introduciu Isabel, como o que acaba de dicir Pilar. Pero hoxe pola mañá encontrei algo que me fixo cambiar de opinión; é un tema delicado e serio pero non podo evitar rirme, un pouco, eu case que vou a cambiar de opinión porque lin un titular ao entrar que esta reforma de aborto vai a ser positiva para a economía, pois si, o señor Gallardon di: *“El impacto neto positivo de los beneficios esperados por el incremento de la natalidad con esta Lei y, sobre todo, que los cambios que introduce la Lei refuerzan la libertad de elección de la mujer”*. ¡Tócatelos! En fin, é realmente increíble, realmente increíble.

Seguindo a liña, é un tema serio e delicado, polo tanto as opinións e pensamentos que hai ao respecto son moi subxectivos, así como respectables, e son tan válidos como os de calquera outro. A Lei que estaba e está, que se modificou no 2010, tiña algúns detalles tamén, pero esta non é moito mellor, vamos, para nada. Pero sen embargo, hai que ter en conta unha cousa moi importante, que o aborto non é un xogo, aínda que como dixo Pilar, non se fai por gusto, efectivamente, pero tamén se debe evitar que sexa usado nalgúns ocasións como método anticonceptivo a posteriori. Nese aspecto o que había como que abría demasiado a man, pero nin tanto alá nin tanto acá. Restringir os casos, como di Pilar, de malformacións cando se están a retirar as axudas ás familias e á dependencia é totalmente un disparate. É un tema que pode merecer horas de debate e profundizar nos diferentes puntos que trata, pero bueno, como somos persoas e nunca se sabe o que nos pode pasar o día de mañá e ao mellor hoxe opinamos dunha maneira no referente ás modificacións desta Lei pero ao mellor chega un punto que podemos cambiar de parecer, pero sen dúbida son un total disparate algúns dos puntos que se queren levar neste Anteproxecto de Lei.

Intervén, co permiso da presidencia, o voceiro do grupo municipal popular **Bernardo Moar Míguez**, que di: Boas noites a todas e a todos. Ao noso entender, non creemos que retirar esta tramitación do Anteproxecto de Lei orgánica sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo sexa o mais lóxico. Entendemos que o texto está en fase inicial, falta unha tramitación parlamentaria na que pode sufrir moitas modificacións, é un documento que lle queda un longo percorrido no Congreso e no Senado. E no camiño toca buscar puntos de encontro e de acordo. Este goberno ten a mesma lexitimidade que tivo no seu día o executivo de Zapatero para poder regular a interrupción voluntaria do embarazo en España. Somos partidarios de achegar posturas na tramitación. Os socialistas romperon unilateralmente unha lei que funcionou durante 25 anos. A este goberno correspóndelle agora tomar as decisións que considere oportunas; nós confiamos que se chegue a posturas moito mais próximas das que hai neste momento.

É un asunto no que se mesturan cuestións moi complexas moito mais alá das políticas. Temos unha Lei que a sociedade tiña asumida como unha lei adecuada e a partir de aí debemos adecuarnos ao contexto europeo e acadar o máximo consenso posible, e esa é a intención do goberno. Nós cremos que non se trata de buscar unha lexislación acorde cos principios persoais e individuais de ningunha persoa ou de ningún sector, polo que, ao noso entender, o que debemos é instar ao goberno central a seguir traballando para a procura da mellora deste Anteproxecto de Lei. Polo momento nada mais.

O alcalde abre unha segunda quenda de intervencións, outorgando a palabra a **Pilar Candocia**, que di: Unha pregunta señor alcalde, porque se cadra estou confundida: ¿quen ten a delegación de Igualdade e de Sanidade neste Concello?

Contesta **Eugenia Martín Vicente**: Yo.

Intervén **Pilar Candocia Pita** dicindo: ¿E delega vostede nun tema como este?.

Contesta **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Yo no delego, el es el portavoz del grupo municipal popular.

Intervén **Pilar Candocia Pita** dicindo: Xa o sei, pero igual que o é para outros moitos temas e se lle da a palabra a quen leva o tema. Eu apunto: a concelleira de Igualdade e de Sanidade deste Concello deixa que sexa un home quen defenda un tema que afecta especialmente as mulleres. Moi ben. ¡Bingo!.

Intervén o **alcalde** para dicir: Para a próxima vez lle preguntaremos a vostede quen quere que defenda os asuntos.

Intervén **Pilar Candocia Pita** dicindo: Eu solo digo a miña opinión alcalde, gústelle ou non, e a miña opinión é que é grotesco.

Intervén o **alcalde** para dicir: Eu respecto a súa opinión, pero respecte vostede tamén quen decide a organización dun partido.

Continúa **Pilar Candocia Pita** dicindo: Pero eu como podo facer a crítica do partido que está no goberno, que para iso son a oposición, pois eu critico que nun tema desta magnitude a concelleira estea calada e fale un concelleiro e xa non vou dicir nada mais, porque podía incluso dicir algo máis.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Diga usted lo que quiera.

Contesta **Pilar Candocia Pita** dicindo: Non o vou facer, non é respecto de ti, muller. Non o vou facer aquí, xa o farei. Continúo coa miña intervención. Que as leis establezan, que se estableza un dereito non quere dicir que se obrigue a ninguén a facelo. Polo tanto, que exista o dereito a acollerse a abortar en determinadas circunstancias, non quere dicir que todas aquelas mulleres que están nesas circunstancias teñan que abortar. A min chamoume moito a atención que vin tamén nun blog da cocifeira esta que sae no Masterchef, unha desas de la jet, non me acordo como se chama, a irmá de Colate ou un destes. Sae nun blog dicindo que ela ten un fillo e que con esa lei o seu fillo non tería nacido. ¿Por que? Se existe unha lei que garante que quen queira pode acollerse a ela, non quere dicir que obrigue a que os demais teñan que facelo; se ela decide que quere ter ese fillo a pesar dos condicionantes cos que vai nacer, pois é o seu dereito a decidir e a seguir adiante con ese embarazo e a ter ese neno, ¡claro que ten dereito!, ninguén llo nega. O que non sei é porque ela lle ten que negar a todos os demais o dereito a que se non queren seguir adiante con ese embarazo non o podan facer. É dicir, que eu estou de acordo contigo María, efectivamente, é necesaria intervención e educación, moi necesaria, porque ademais se xoga con cousas que non son verdade. Se esta dicindo que quen mais aborta son as mulleres con malformación e logo resulta que os datos din que son de todas as idades de todos os extractos sociais e de todos os niveis de formación, non hai diferenza, non hai diferenza nese aspecto. O que si que é certo é que hai cuestións alarmantes, tamén con respecto á violencia de xénero, e é sobre as mozas e os mozos, como están recibindo as cousas e como están sendo educados. Polo tanto, se o que se quere é evitar que se utilice o aborto como método anticonceptivo, que a min me parece correcto que se faga, efectivamente iso hai que facelo a través da educación, esa é a vía para facelo.

Ademais, é certo que lle queda un percorrido, eu creo que non vai ser longo, vai ser cortiño, porque hai unha grande discusión dentro do Partido Popular tamén, porque hai xente de dereitas que é de dereitas, por cuestións económicas, por cuestións de ideoloxía, pero que ten un pouco de sentidiño e que é consciente que esta lei nos pon no último lugar de Europa, nos está asimilando a países que teñen outras proxeccións totalmente diferentes ás nosas, pero ademais nos volve para atrás bastantes anos. Xa estamos na economía nos anos 40, non é necesario tamén que nos poñamos noutras cousas nos anos 40, porque o próximo é quitarlle de novo o voto á muller. Xa se nos quita o dereito a decidir sobre o noso corpo, o próximo vai ser quitarnos o voto.

Por todo o exposto anteriormente, que eu creo que queda suficientemente claro, e porque creo que que unha lei aberta garante o dereito de todos os que non o queiran facer pero que a lei sexa pechada quita o dereito dos que o queiran facer. Polo tanto, por esa razón o noso voto, o meu e o dos meus compañeiros de Ames Novo vai ser favorable á moción presentada polo grupo socialista.

Intervén, co permiso da presidencia, **María González Gómez**, que di: Un pouco xa fóra do que se ven a instar na moción, recollendo o que dicía Pilar do importante que é esa educación, tamén instar, digamos a que dende o Concello leven a cabo actuacións informativas e preventivas, en canto a roles de xénero coma aos embarazos non desexados, sobre todo no punto dos menores non emancipados, que precisarían da participación na

toma esa decisión dos seus titores, e que non sexa necesaria en caso de que fora un embarazo non desexado, poder evitalo antes.

Intervén, co permiso da presidencia, **Isabel González Cancela**, que di: As miñas preguntas sobre todo xa as fixo Pilar, porque a verdade é que eu creo que ademais é unha falta de respecto, eu creo que é unha falta de respecto que a concelleira de Igualdade non atenda aos temas de Igualdade. A min persoalmente me fastidia, eu digo a min persoalmente.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Es una moción del grupo socialista hasta donde yo se y lo está defendiendo el portavoz del grupo popular, como lo firma aquí el portavoz del grupo socialista.

Intervén o **alcalde** para dicir: É a súa opinión, dona Isabel. Continúe.

Continua a súa intervención **Isabel González Cancela** dicindo: Repito, me parece unha falta de respecto ás mulleres deste Concello, a esta Corporación, á xente que está no público, pero iso soamente hai que botar a vista atrás en todo o que esta a pasar en Igualdade neste Concello, coas políticas de Igualdade. Por certo, estou esperando que vostede me conteste por escrito, porque llo pedín porque non se pedira a subvención de vítimas de violencia e neste pleno quedamos todos abraidos porque resulta que seica que o leva vostede e vostede neste pleno dixo que me contestaría por escrito, se mal non recordo foi no pleno de novembro.

Intervén o **alcalde** dicindo: Creo que no pleno xa lle contestou, deulle unha primeira contestación.

Intervén **Isabel González Cancela** dicindo: No pleno me dixo que o leva él e que me contestaría por escrito. Consta na acta, lea a acta que esta aí. Repito: me parece unha falta de respecto.

Intervén o **alcalde** para dicir: Pois para nada, dona Isabel.

Intervén, co permiso da presidencia, **Bernardo Moar Míguez**, dicindo: Estou seguro de que como ben dicía dona Pilar, no PP hai xente que discrepa desta lei e por iso dicía que entendemos que isto ten que debaterse, sobre esta lei hai moitos puntos que falar. Nós podemos estar de acordo nuns e noutros non, evidentemente, pero é seguro, volvo a repetir, que o Goberno do Estado buscará o consenso no Parlamento, cousa que o Partido Socialista cando gobernaba e modificou a lei non foi quen de facelo. Nada mais.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** dicindo: Por alusiones, quería decir que simplemente es un tema de organización, el portavoz del grupo popular este ahora transmitiendo la opinión que por supuesto también es la mía y es compartida. No entiendo la política como algo sexual; simplemente se comparten las opiniones, se decide y las expone quien las tiene que exponer, o quien se considera en el grupo que la tiene que exponer. No pasa nada más, no creo que tenga mayor importancia quien hable de un tema o quien hable de otro.

Intervén **Pilar Candocia Pita** dicindo: Sexual non é, pero de xénero si; sexual non é que aquí aínda non chegamos a ese punto, un pouco de espectáculo político é, pero tan erótico non.

Intervén **Eugenia Martín Vicente** preguntando: ¿Y porque sea un tema de género no puede hablar Bernardo? ¿No puede Bernardo exponer aquí la opinión del grupo?.

Contesta **Pilar Candocia**: Non debe, se vostede sabe algo de política de xénero sabería que non. Lea a Amelia Valcarcel que ademais é socialista, para que vexa que non fago propaganda dos meus.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación prestou aprobación, por maioría absoluta, cos votos a favor dos 6 representantes do grupo municipal socialista, a abstención do concelleiro non adscrito Alfonso Rey López, o voto a favor dos restantes 8 concelleiros/as non adscritos/as presentes e o voto en contra dos 5 representantes do grupo municipal popular, á moción presentada polo grupo municipal socialista, cuxo texto resulta do teor literal seguinte:

*“A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.*

*No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das*

*demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.*

*A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.*

*O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.*

*Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.*

*Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.*

*Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.*

*Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea. Dende o propio PP nacen voces discordantes tales como son as José Antonio Monago, Presidente de Extremadura que rexistrou o pasado mércores unha proposta modificativa da Lei instando a súa paralización para a búsqueda dun maior consenso. Neste mesmo senso se manifestou o Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo, partidario de buscar un acordo entre os partidos e a sociedade en xeral.*

*En contra tamén se posicionaron numerosos políticos da Unión Europea, ao visualizar esta lei como vulneradora dos dereitos fundamentais das mulleres.*

*E, por último, tamén numerosas asociacións e incluso colexios profesionais se posicionan en contra ao ver nesta lei un clarísimo retroceso, sen ir moi lonxe dende o Colexio de Médicos de Ourense emitiu un comunicado informando da gravidade da aplicación da normativa xa que, convertería aos médicos en xuíces e burócratas encargados de tomar decisións sobre*

*as mulleres que se escapan do diagnóstico prenatal.*

*Por todas estas razóns, o Concello de Ames aproba o seguinte acordo:*

*"O Concello de Ames insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."*

*Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados".*

O **alcalde** cede a palabra ao concelleiro non adscrito , **Alfonso Rey López**, para explicar o seu voto e di : A miña abstención non é por estar nin a favor nin en contra da lei. É por algo que dicía Pilar, a min gustaríame neste momento ser muller para poder dar a miña opinión, porque eu espero que me perdoedes que me absteña, pero creo que o fago por respecto a algo que é única e exclusivamente, ao meu modo de ver, decisión das mulleres.

### **Punto undécimo.- Rogos e Preguntas.**

#### **Rogos.**

Intervén a concelleira **Pilar Candocia Pita** para formular os seguintes rogos:

**Primeiro rogo.-** Visto o visto vou a seguir co rogo dos regulamentos, porque vexo que non hai moito avance. Rogo que traía ao pleno os regulamentos e que avance porque xa tiñan que estar rematados en decembro e estamos a finais de xaneiro e non se avanzou en exceso.

E logo teño unha cousa que é un rogo-pregunta, non sei se quere que o faga nos rogos ou nas preguntas, dame igual, ten unha parte de rogo e unha de pregunta.

Intervén o **alcalde** para dicir: Formúleo.

**Segundo rogo.-** Hai un ano aprobamos a marcha de Bando e contratar á empresa Servigal para recoller os cans que estaban ceibos. Había un compromiso do goberno, que ademais detalláramos e o fixeramos explícito moi detalladamente, tanto no pleno como antes, en colaboración con asociacións animalistas e coa concelleira. Pois eu teño que dicir que ese compromiso non se esta cumprindo; a nós non se nos está entregando o comprometido, entre outras cousas un informe mensual dos animais que entraban e saían, a empresa daría conta de cantos animais eran. A nós non se nos deu conta diso nunca, a nós nunca se nos deu conta de todo iso, e se nos dixo que mensualmente se nos mandarían. Non se está actualizando, porque non creo que nos dous últimos meses non recolleran ningún can. Non se está actualizando tampouco a páxina web ao respecto de expoñer cales son os cans que desapareceron e demais. As persoas de asociacións animalistas que están intervindo na canceira de Ribeira teñen problemas e grazas a eles están saíndo moitos cans que senón serían sacrificados, pero a maiores de todo isto queremos rogar que se cumpra o compromiso e falo con Eugenia pero falo co goberno, non se chega a acordos para que os demais aprobemos aquí as cousas e despois *si te he visto no me acuerdo*. Nós desde logo non estamos dispostos a que iso volva a acontecer nin unha soa vez mais, porque este goberno xa demostrou que non está sendo capaz, é un goberno incapaz, a concelleira ata se reprobou a si mesma, por incapacidade, supoño. Ademais, isto é xa esperpéntico, porque se lle pide á oposición que fagamos propostas para un orzamento e que fagamos propostas para non sei que, que gobernemos por eles, é dicir, xa renuncian a gobernar, por incapacidade, e despois encima cando se lles da apoio e cando se lles dan ideas, despois non se cumpre a parte coa que se comprometeu, e nós non estamos dispostos a seguir mantendo isto. En psicoloxía actual este é un goberno inútil, un goberno incapaz, un goberno tóxico que se diría agora, como o do banco malo, vostede ten un goberno tóxico, porque hai unha proposta que é positiva pero se toca e se contamina rapidamente e se volve negativa. E iso é o que pasou con esta proposta, nada se cumpriu. Pero ademais diso, o que se dixo era que se contrataba por un ano, porque por un ano a cantidade permitía facer contratación directa, se non me equivoco, señor interventor, foi iso o que nos dixera. Agora xa acabou o ano, ¿e agora como se vai facer? Porque non se nos trouxo unha proposta a todo correr, a finais de ano, como se trouxo o ano pasado, para saír de Bando. ¿Iso se pode seguir contratando así, ano por ano, sen traer aquí unha proposta? Porque tamén había e vos recordo que miredes a acta do pleno, tamén había outro acordo que era que se ía a estudar, xunto coas asociacións, outras posibilidades: a posibilidade

de ter un refuxio propio, un refuxio con outros concellos, ou buscar outras alternativas e diso non se fixo absolutamente nada, nin se convocou a ninguén para empezar á falar dese tema. Xa pasou o ano e non sei se se vai a facer unha contratación; creo que “irregular”, entre aspas, porque se segue contratando a unha empresa para a que se contratou exclusivamente por un ano, porque así entraba en contratación directa e se agora seguimos con ese sistema e iso, que eu saiba señor interventor, é partir unha obra ou servizo e polo tanto non debe ser moi legal. Supoño que por parte dos servizos, supoño non, estou segura, de que como sempre por parte dos servizos económicos do concello se lle pasou ao goberno que tiña que facer unha proposta, estou convencida de que se fixo. Por iso, prego que se faga, pero pregunto tamén porque non se fixo todo isto ata agora e a que se está esperando para cumprir cunha parte coa que vostede se comprometeu.

Intervén o **alcalde** para dicir: Revisaremos o cumprimento dese acordo e lle daremos explicacións para á vindeira semana.

Contesta **Pilar Candocia Pita**: A min e ás asociacións, non só a min, porque o acordo foi tamén con elas.

Intervén a concelleira dona **Olalla Alvite del Río** para formular o seguinte rogo:

**Terceiro rogo.-** No meu rogo tamén teño implícitas preguntas. O responsable de comunicación é vostede, ¿non señor alcalde?.

Contesta o **alcalde**: A área de comunicación depende de min.

Continúa **Olalla Alvite del Río** dicindo: O meu rogo e as miñas críticas e os meus comentarios por suposto van dirixidos á vostede e non ás persoas que desempeñan este traballo, por suposto, porque como en calquera medio de comunicación supoño que atenden a ordes e pouco mais poden facer. Eu vou falar do que é a paxina web do Concello, unha paxina web que eu entendo que debería ser institucional e que se esta convertendo nunha vergonza, nunha vergonza absoluta, chegando a límites e sobrepasando aquilo que vostede tanto criticaba cando estaba na oposición, que se era unha páxina partidista, que só falaba dende o punto de vista do goberno, etc. Pois as noticias que se colgan na paxina web do concello, unha paxina web institucional, que o que debe buscar é a información á cidadanía, son de escándalo. Xa tiña isto para anteriores plenos, o que pasa é que non chegamos a este punto, e vou a falar de tres noticias que se colgaron na web. A primeira delas é relativa ao pleno de outubro. Aquel pleno no que eu creo que a ninguén se lle escapa, non fai falta ser xornalista para iso, para dicir que a noticia dese pleno, para a cidadanía de Ames, é que moitas taxas quedaron conxeladas e que non se lle ía subir o prezo á cidadanía; sen embargo, o que a paxina web do Concello publica, como gran noticia dese pleno, é que se aprobou por unanimidade a resolución das alegacións á expropiación de terreos para a construción da potabilizadora Ames – Brión. Hai que chegar como ata o quinto parágrafo, non sei que persoa chegará ata aí para ler, para enterarse de que quedaron conxeladas moitas das taxas que, por outra parte, creo que de todo ese pleno debe ser o que mais lle interesa ao cidadán de Ames. E iso dise, por ningún lado, non se di por quen foi proposto, nin nada. Nas noticias, para as cuestións que deben ser positivas, que se entenden como positivas, no resultado, só existe o goberno. Logo, no último parágrafo, fálase dos que agora aquí somos coñecidos como ex-concelleiros do BNG, non hai nada, para algúns cousas somos Ames Novo e para outras cousas, ex-concelleiros do BNG. Non pasa absolutamente nada, sabemos quen somos e non pasa nada. E efectivamente, aquí si que se nos nomea para dicir que rexeitamos unha moción do grupo popular sobre o rexeitamento da violencia terrorista en Galicia. Nada mais se di, nada mais se amplía, ni nada. Sen embargo, outra cuestión, que nos cremos que é interesante e de interese absoluto para a cidadanía, que saíu aprobada nese pleno, que foi unha moción dos aquí chamados ex-concelleiros do BNG sobre o copagamento de medicamentos en farmacia hospitalaria redúcese a iso que acabo de ler, a esa liña. Nada se di do beneficio que para os cidadáns que necesitan este tipo de tratamento supón ese acordo do pleno de outubro. Ben, isto é, en canto á noticia do pleno do mes de outubro. Logo, do pleno de novembro tamén o que se destaca no titular é que se deu luz

verde á representación do Concello nas unitarias e no IES do Milladoiro. Ben, para min é alucinante que esa sexa a noticia dese pleno. Eu non sei vostede, señor alcalde, se como responsable de comunicación revisa isto ou non. O problema de todo isto é que eu estou segura que non é que o revise, é que vostede ten que dar estas directrices, claramente, home pois senón, se alguén está facendo estas noticias sen que vostede lle mande, revíseo. Nada se di do que fai a oposición aquí, nin do que propón, nada. So se di, por exemplo, que sae aprobada a comparecencia da concelleira, e non se di nin sequera o porque diso, dise que se reprobou pero explicase: “... *no punto da reprobación da concelleira, que por incluírse vencellado ao primeiro punto e con ánimo de non poñer trabas á comparecencia, foi ditaminada por unanimidade, aínda que o goberno non considera que a concelleira teña que ser reprobada.*” Esta é a explicación do goberno, non é a explicación nin do que aquí dixo o PSOE nin do que aquí dixo o resto da oposición. Entón e xa para rematar, hai outra nova que nada ten nada que ver cos plenos, que non tiña pensado falar dela pero agora aquí revisando a vin, é unha nova do 16 de xaneiro na que se fala da concentración que fixeron os alumnos dos institutos en contra dos crimes de violencia de xénero de decembro. Aquí nada se di de que foi unha proposta dos ex-concelleiros do BNG, nada se di, dise que se levou a cabo e que é unha proposta pensada para que os alumnos teñan conciencia dos problemas da violencia de xénero, etc. Logo aquí ao final de todo: *o obxectivo é concienciar aos mais novos...*, como se fora unha liña a seguir da política deste goberno. Despois dise: *foi acordada na xornada de onte polos membros do goberno cos concelleiros da oposición.* Deberíalles dar a vostedes vergonza, vergonza e vergonza; eu non sei se vostede levan un control das visitas que ten a paxina web, e a evolución que ten, pero creo que se o levan ten que ir en picado, porque calquera persoa que visitase e que tivese esta páxina web como referencia para información do que pasa en Ames, hoxe en día, terao ou para enfadarse ou para rirse, como me pasa a min. Entón, señor alcalde, para concluír eu rógole que vostede faga seus os argumentos que usaba na oposición, neste caso en concreto, delle a volta a isto, búsquelle o xeito, porque isto é unha vergonza. E se esta é a política de comunicación que teñen vostedes para unha paxina web que ten que ser institucional, xa poden usar un corta e pega para a páxina do PP de Ames e aproveiten o traballo. Nada mais.

Intervén a concelleira dona **Susana Mallo Redondo** para formular o seguinte rogo:

**Cuarto rogo.-** Os rogos que tiña preparados para hoxe quería que remataran nunha pequena coletilla, que se converte nun pequeno rogo : cando os concelleiros imos aos actos institucionais nunca saímos na foto; unha de dúas, ou poña vostedes: asistiron varios membros da corporación municipal, e si van o poñer os nomes poñan os seus e tamén os nosos.

Contesta o **alcalde** : xa os poñemos.

Intervén **Susana Mallo Redondo**: non, xa lle digo eu que non os pon.

Contesta o **alcalde**: corrixiremos iso.

Continua intervindo **Susana Mallo Redondo** dicindo: ou non poñan ningún, poñan membros da corporación, e punto. Está o alcalde, xa o sabemos que sempre esta o alcalde.

Continuando cos rogos, que se busque unha solución á sucidade e o po que están xerando as obras do polideportivo de Bertamiráns, hai obras e actividades deportivas que se están simultaneando. E iso significa un problema respiratorio importante para os usuarios das escolas deportivas que tamén se nos queixan por estas cousas. Si hai obras e usuarios hai que buscar as medidas de seguridade máximas que non teñen que ver so con que che caia o ladrillo tamén teñen que ver con facer deporte ou senón non se poderán compatibilizar. Unha de dúas.

**Quinto rogo.-** Outra cuestión con respecto a obras, é o tema da Carballeira de Ventín, hoxe non vou falar do mercadillo de Milladoiro, hoxe non, total non hai cambio. Vamos falar da Carballeira de Ventín, eu levo, estou segura que o concelleiro mo recoñecerá, un ano, ano e medio, dous ou mais, non sei, alegando sempre que é unha oportunidade magnífica para os nenos que veñen do colexio de infantil, que veñen de estar en cemento, unha oportunidade de estar en contacto coa natureza porque da cancela para fora desafortunadamente non poden ir, é o símbolo do colexio, é o que identifica e o que atrae os nenos, e iso é moi bo, que os nenos se sintan atraídos por un colexio, pero tamén hai mais cousas; pero cando digo todo iso o concelleiro, mírame e pensa, si muller, xa ves ti con iso. Tamén outra cousa, pasou de ser zona verde que se aproveitaba para o magosto, que se aproveitaba para un entroido e para xogar os nenos, a ser unha terreira, e de ser



unha terreira pasou a ser unha pedra e ademais esta sendo a orixe de desprendementos de terra que chegan ao pavillón, cousa que o concelleiro de Educación sabe perfectamente xa que o director de Ventín llo fixo saber. Ese pavillón custou moitísimo e non so en cartos, custoulle moitísimo aos veciños de Milladoiro que como sempre tiveron que pelexar todo. Pero ben sabe calquera, administrando simplemente a súa casa, que unha pequena chapuza cando unha greta é pequena vai evitar que logo teñamos que facer unha obra grande. Se amañamos esa carballeira evitaremos que coas riadas que nos están caendo que non podemos facer nada nos vaia a terra para dentro do pavillon e se inunde e se estropee o parquet, que non se poda facer ximnasia e se non o facemos entre iso e os outros problemas que xa ten de evacuación de augas pola parte superior pois acabamos e non vai haber quen construíra outro, non vai haber outra para Ventín; eu creo que o mellor así, falando de cifras económicas, póñanse vostedes de acordo si é de obras ou si é de educación, si é dos dous, si é de igualdade, o mellor desta vez é de igualdade, non sei, como non responde quen lle toca, sexa quen sexa. Por favor, tómense xa en serio o tema da carballeira porque ten moitas consecuencias.

**Sexto rogo.-** Débeda con AEMI, desde o mes de marzo do 2013 devénlle vostedes a AEMI nada menos que 10.000 euros que, o mesmo tempo AEMI lle esta adebedando aos seus provedores para unha feira, para unha expofeira comercial que os empresarios fan habitualmente. Levan todo o ano agardando por unha resposta que non sexa, é que non hai cartos, é que non hai cartos, si si é que non hai cartos, que é o que lles dixo o concelleiro de Promoción Económica. O 30 de decembro aprobouse un decreto da Alcaldía polo que se daba visto e praxe ao pagamento e o meu rogo é que se axilice e se extreme a urxencia dese pagamento porque son 10.000 euros e moitas pequenas empresas están esperando por eles.

**Sétimo rogo.-** E por ultimo, unha cuestión tamén de comunicación. A paxina web do concello tiña antes unha información sobre horarios. O contido do rogo o alcalde xa o coñece, porque é unha queixa dun cidadán que nola faia chegar a nos e tamén ao concello. Antes podíamos ir á paxina web, acceder ao horario dos autobuses urbanos do Milladoiro, esa información que era editada localmente pasou a ser un link á Dirección Xeral de Mobilidade que decidiu que os autobuses do sábado non eran importantes, entón non hai horario de autobuses do sábado, unha chorrada como esa, porque é unha chorrada, hai que solucionala, ou se lle di á Dirección Xeral de Mobilidade poñan vostedes a información correcta ou se retoma o bo habito de picar un texto mínimo e poñer un pequeno baner coa información do horario de autobuses. Creo que nada mais, por hoxe.

Intervén **Bernardo Moar Míguez**, para dicir: En relación á Carballeira de Ventín, vamos alí a miúdo, xa se pediron varios orzamentos e espero que en breve podamos facer a poda porque evidentemente o da herba hasta o verán non se vai poder facer.

Pregunta **Susana Mallo Redondo** en qué consisten eses orzamentos e para que tipo de intervención.

Contesta **Bernardo Moar Míguez**: Para a poda das arbores

Pregunta **Susana Mallo**: é o sistema de rego que hai que arranxar que levo pedindo un ano.

Contesta **Bernardo Moar Míguez**: Agora vamos ir polo que é o mais urxente que é o da poda das arbores, que dan moita sombra tal como están, que están desmadrados e non vamos a ter herba. Evidentemente se non podemos os carballos, herba non vamos a ter e sementar agora xa non ten sentido.

En relación aos problemas do pavillón de Ventín, son importantes. Hai actuacións que están pendentes de levar a cabo, algunhas se fixeron, algunhas se puideron facer e outras non se puideron facer, moitas pola inclemencia meteorolóxica. Estamos esperando que veñan un par de días de sol; hai moitos problemas cos canalóns e se fixeron uns sumilleiros para que votaran auga para fora.

Puntualiza **Susana Mallo Redondo**: que non chegan.

Contesta **Bernardo Moar Míguez**: Non chegan e aínda nos meten auga polas véntanas, pero estamos traballando niso. En canto á débeda con AEMI, nuns días se vaia facer o pago; se aprobou en pleno, houbo un mes de exposición, eu non dixen que non había cartos, iso non foi o que dixen, nuns días terá o importe abonado.

Intervén **Ramon García Argibay**, para formular os seguintes rogos:

**Oitavo rogo.-** O 22 de novembro 2014, uns veciños de Ames de clases de baile presentan un escrito solicitando un local todos os luns de 20:30 a 22:00 horas, para ampliar a actividade de baile durante uns meses. O 26 novembro 2013 mediante Resolución do señor alcalde do concello Ames, rexistro de saída número 10377, autorizase o uso do vestíbulo do anexo da casa cultura de Bertamiráns, do 7 decembro 2013 ata 30 xuño 2014. Neste escrito faise constar, que o uso de esta instalación esta exento de pagamento, sempre e cando non se reciba ningunha cantidade económica. Na semana do 20 de xaneiro recibíuse unha chamada da señora concelleira e pensaban que había un malentendido. A cuestión é que a estas persoas se lle pechou a porta e non se lles deixou entrar no local que tiñan asignado polo alcalde de Ames; a nos parécenos lamentable que se chegue a esta situación, independentemente das razóns, parécenos lamentable as formas, porque unha máxima que hai que cumprir e vostedes non cumpren nunca é falar, vostedes non queren falar, polo tanto, o meu rogo vai encamiñado a unha cousa moi sinxela, fale cos veciños, aparte creo que lle pediron unha audiencia para falar con vostede, recíbaos canto antes e solucione os problemas falando e non peche unha porta e dende logo cando hai un escrito do alcalde, que veña un concelleiro a revocar de palabra na forma que se fixo, sen presentarse alí, a través de terceiras persoas utilizando unha vez mais os empregados do concello iso nos aparece mais deplorable. Polo tanto, o noso rogo, é iso, por favor reciba aos veciños canto antes, solucione o tema canto antes que non creo que sexa tan difícil chegar a un acordo. Ese é o noso rogo.

**Noveno rogo.-** Hai xa uns meses, porque xa perdemos a noción do tempo, presentamos un escrito pedindo unha relación de informes de desconformidade e de reparo. Se nos contestou que se tiña moito traballo e que se nos darían. A data de hoxe aínda temos sen entregar os informes de desconformidade e de reparo da intervención municipal. Polo que rogámoslle que canto antes nos faga chegar esa documentación actualizada ata o último informe que haxa.

**Décimo rogo.-** Tamén hai meses incluso xa se pasa do ano, 3 concelleiros presentamos un escrito solicitando que a paga extra se doaran a certas entidades. O reiteramos nun pleno fai tamén un par de meses e nos dixeron que nos ían a dar unha resposta. Estamos esperando ata o de agora a saber que aconteceu, por que non se lle fixeron chegar eses cartos a esas asociacións. Polo tanto, rógoles que dunha vez por todas nos diga cal foi o motivo polo que non se fixeron chegar a esas asociacións os cartos aos que nos renunciámos da paga extra.

**Décimo primeiro rogo.-** Outro rogo, referido a Raíces, a urbanización que se fixo alí. Nos consta que os veciños que alí residen presentaron un escrito para ver a posibilidade de facer unha recepción parcial, polo tanto, eu creo que é unha cuestión importante que esas actuacións se fagan, por dous motivos: primeiro por seguridade xurídica dos veciños, e segundo porque o concello poderá cobrar as súas taxas e os seus impostos, polo tanto, rógoles celeridade porque os veciños xa fai tempo que o presentaron. Foi unha demanda que xa leva tempo, atenda aos veciños, que se de unha recepción parcial alo menos do que xa esta feito.

**Décimo segundo rogo.-** Tamén lle rogo que na zona de Tarrío, Lens e tamén Raíces revisen os puntos de luz porque fallan continuamente, sobre todo nunha zona, na carreteira que vai desde a Igrexa de Biduído polo ataxo para chegar a Casa Novas é unha carreteira moi estreita e levan meses sen luz, polo tanto, tamén lle fago ese rogo.

**Décimo terceiro rogo.-** Na zona de Raíces e Casas Novas, hai tamén unha zona onde se acumula auga, rogo que lle bote un ollada aí xa que incluso chega a inundar algunha casa que esta cerca.

**Décimo cuarto rogo.-** En Tarrío hai un cruceiro que se rompeu, foi a policía municipal, estivo alí e acoutou un pouco a zona e recolleron os pedazos que estaban alí, pero non está ben asegurando. Aparte sería importante que se mirara a posibilidade de reparalo, ese é o meu rogo tamén. De momento son os rogos que teño.

Intervén **Alfonso Rey López** para facer os seus rogos:

**Décimo quinto e décimo sexto rogo:** Sen preámbulos nin epílogos, dous rogos: o primeiro é que parece ser que no centro sociocultural de Bertamiráns un día destes de moita choiva entrou auga e probablemente puidera ser, o mellor algo que estivera tupido, que se mire de arranxar. En Eirapedriña, fronte mesmo a Cantina de Eirapedriña aparca un autobús, incluso creo que non é de servizo para este Concello e faino en vez de nunha zona que ten espazo suficiente para aparcar sen excesiva molestia faino xusto diante da cantina para tomar un café ou o que sexa e algún veciño queixase e di que iso entorpece bastante o tránsito e que pode resultar algún día perigoso que algún coche queira adiantar o autobús e outro vaia polo outro lado. Se se pode, tomar algunha medida para que o autobús aparque 10 metros mais adiante que hai sitio para que aparque.

Intervén **Bernardo Moar Míguez** que di: me habían comentando que era un problema de un autobús de transporte escolar, que para alí a tomar un café. Tal e como entendín parece ser que o que fai é unha parada para recoller os cativos alí diante e que e nese intre podía vir un coche de arriba ou abaixo. Non e do concello, é do transporte escolar, tiña entendido que era transporte escolar non de Ames, a min me falaban de Brión, ou de Rois.

Intervén **María González Gómez** para formular o seus rogos:

**Décimo sétimo rogo.-** Vou a ir rápido, aí atrás saíu unha noticia referente á varios roubos que houbera, da marquesiña de Lens e no local de piragüismo da praia fluvial de Tapia; rogar que encanto se poida se repoña a marquesiña que fora tan demandada polos veciños, e que o final esperaron mais por ela do que estivo posta no sitio . En canto se poida pois que se repare. En canto ao local de piragüismo xa non é polo roubo que sufriu, a maiores que se teña en conta para futuras reparacións ou meter nalgunha subvención ou programa porque cada vez esta peor, e así como dicía o noso compañeiro Emilio, referente a Agrón que tiñan que ir adestrar en Negreira pois os de Tapia o están á facer en Ons (Brión). Xa é de sempre que nos meses de inverno ían adestrar a Brión pero para facer ximnasia e pesas se facía no local de Tapia e agora non poden porque non hai auga nas duchas, non é que non haxa auga quente e que non hai auga, entón que se faga a reparación porque non poder utilizalo é unha pena.

E **sendo ás 24:00 do día 30 xaneiro de 2014** o señor alcalde presidente dou por rematado o acto e levantou a sesión, de todo o que eu como secretaria certifico.

Vº Prace  
O alcalde

A secretaria